

# COMARCA DE VERÍN

extremo sur



monterrei  
verín  
cualedro  
oímbra  
laza  
vilardevós  
castrelo  
do val  
monterrei  
verín  
cualedro  
oímbra  
laza  
vilardevós  
castrelo  
do val

monterrei  
verín  
cualedro  
oímbra  
laza  
vilardevós  
castrelo  
do val  
monterrei  
verín  
cualedro  
oímbra  
laza  
vilardevós  
castrelo  
do val

monterrei  
verín  
cualedro  
oímbra  
laza  
vilardevós  
castrelo  
do val  
monterrei  
verín  
cualedro  
oímbra  
laza  
vilardevós  
castrelo  
do val

monterrei  
verín  
cualedro  
oímbra  
laza  
vilardevós  
castrelo  
do val  
monterrei  
verín  
cualedro  
oímbra  
laza  
vilardevós  
castrelo  
do val

monterrei  
verín  
cualedro  
oímbra  
laza  
vilardevós  
castrelo  
do val  
monterrei  
verín  
cualedro  
oímbra  
laza  
vilardevós  
castrelo  
do val

monterrei  
verín  
cualedro  
oímbra  
laza  
vilardevós  
castrelo  
do val  
monterrei  
verín  
cualedro  
oímbra  
laza  
vilardevós  
castrelo  
do val

monterrei  
verín  
cualedro  
oímbra  
laza  
vilardevós  
castrelo  
do val  
monterrei  
verín  
cualedro  
oímbra  
laza  
vilardevós  
castrelo  
do val





# COMARCA DE VERÍN

extremo sur

monterrei

verín

cualedro

oímbra

laza

vilardevós

**introducción 3**

castrelo do val

monterrei

Edita: Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

Deseño e maquetación: Océano Visual

Fotografía: Margen Fotografía e Arquivo dos concellos de Cualedro, Castrolo do Val, Laza, Oímbra e Vilardevós

Textos: Manuel F. Rodríguez

Impresión: Agencia Gráfica Gallega

Dep. Legal: C\_2242\_2008

7	Introdución
12	A comarca
12	Extremo sur
12	Chegar á comarca de Verín
16	A comarca en datos
17	Un mundo que flúe. Terra, auga, historia, viño
30	A luz da terra. Paisaxe, gastronomía, entroido, camiños
45	Unha viaxe pola comarca
46	O itinerario
51	A historia
52	Monterrei. As portas do Renacemento
80	Cualedro. No camiño máis remoto
91	Rutas e historias
92	Oímbra. Xentes da raia, pementos, fachucos
106	Vilardevós. Xentes da raia, escritores, contrabandistas
118	Castrelo do Val. As montañas dos carboeiros
133	A festa
134	Laza. Onde a tradición é luz
149	A meta
150	Verín. A cidade do extremo sur
178	BIBLIOGRAFÍA

## AGRADECIMENTOS DO AUTOR

Para a preparación e redacción deste libro foron imprescindibles —e nunca culpables de nada-, xa fose mediante o contacto directo ou a través, en varios casos, das súas publicacións, as seguintes persoas:

Ignacio Cabano, Puri Caldelas (Concello de Castrelo do Val), Xosé Carlos Caneiro, Rafael Castro Vaamonde (Concello de Monterrei), Rafael Cid, Federico Cocho, Pilar Cuiña, Xerardo Dasairas Valsa, José María Díaz, Antonio-Augusto Diéguez Añel, Manuel Fernández Manso (acrópole de Monterrei), José Ángel García Morais (alcalde de Laza), Vicente Gómez García (alcalde de Castrelo do Val), Clara González (Centro de Interpretación de Verín), Joaquín González Fuentes, Marcos González, Natalia González (Secretaría de Comunicación de Verín), Juan Manuel Jiménez Morán (alcalde de Verín), Chon Lorenzo (Oficina de Turismo de Verín), Miguel Mariño (viticultor), M<sup>a</sup> Carmen Pardo López (tenente alcalde do Concello de Verín), Xosé Luís Pérez García (alcalde de Vilardevós), Cristóbal Ramírez, Francisco Río Barja, Luciano Rivero (alcalde de Cualedro), Manuel G. Rivero, Antonio Rodríguez Colmenero (arqueólogo), Moisés Rodríguez (director do Parador de Verín), Adolfo Rolán Fernández, Bruno Rúa Martínez, Coroni Rubio, Silvio Santiago, José Luis Senra Gabriel y Galán, Francisco Singul, José Luis Suárez Conde (alcalde de Monterrei), Xesús Taboada Chivite, Segundo Vázquez Portomeñe, Alfonso Villarino Rodríguez (alcalde de Oímbra), Ana Villarino (Fundación Comarcal de Verín), funcionarios e funcionarias dos Concellos (Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín, Vilardevós), persoal e guías do Centro de Interpretación do Contrabando, responsables e técnicos da Denominación de Orixe Monterrei, técnicos e persoal de Cabreiroá, Sousas e Fontenova, e os veciños e veciñas das aldeas e localidades visitadas, pola súa información de primeira man, pola súa hospitalidade, amabilidade, paciencia e tempo, sobre todo polo seu tempo sen medida. Grazas a todos/as.

## Introdución

No extremo sur de Galicia, contra o sueste, na zona máis meridional desta comunidade autónoma, a un paso do nordeste de Portugal, de Castela e León. Aí está a comarca de Verín, tamén coñecida como de Monterrei ou Verín-Monterrei. Grazas á súa estratéxica xeografía e ás súas modernas comunicacións, sobre todo por estrada, está tamén a un paso de case calquera parte do noroeste peninsular e a tempos cada vez máis curtos da costa portuguesa e do centro de España.

No extremo sur galego porque a comarca de Verín é unha zona xeográfica de transición que, sendo Galicia resulta ser tamén o seu pórtico de entrada desde o sueste, ao tempo que se abre nítida cara o Portugal interior, cara a meseta castelá, cara as trazas do clima continental, cara os ecos da claridade mediterránea, cara a convivencia feliz dos seus extremos.

É, xa que logo, un mundo que flúe, que se move, que sae ao encontro. Así ven sendo desde os tempos máis remotos. Orixínouse por un gran movemento tectónico de perenne pegada, e del deriva un dos seus sinais de identidade: a auga. Flúe por ela a maior concentración de mananciais mineiromedicinais de Galicia e a súa disposición xeolóxica fixo do val de Monterrei, corazón da comarca, unha superficie de aluvión elevada desde o fondo polo constante fluír do seu río esencial, o Támega.

Tamén andan por esta comarca uns ceos e uns ventos, por veces secos, por veces húmidos, por veces intensamente soleados, por veces extremos que fan que flúa con toda contundencia, por exemplo, o viño, o máis pródigo dos seus fillos. Foi ademais un dos primeiros territorios galegos en ser habitado, en facer de terra de paso, en compartir coas xentes portuguesas un ir e vir alleo ás fronteiras, en se doutorar na remansada renovacións das sensacións... Un mundo que flúe.

Resulta ademais unha comarca extrema, por distinta, pola súa luz. Pode que sobre todo por isto. A súa luz e a cor da paisaxe non son facilmente comparables. Nin na mesma Galicia. Chega con falar con algúns dos que a visitan. Senten que están ante un verde distinto, entre unha paisaxe diferente, onde a luz solar se afana sen tregua na busca de novas cores: pardos vermellos, amarelos brancos, verdes pardos, verdes amarelos, reflexos opacos, transparencias repentinas, horizontes nítidos que descubren o camiño, reloxos de sol que gardan o tempo e o espírito.

monterrei

verín

cualedro

oímbra

laza

vilardevós

**introdución 7**

castrelo do val

monterrei





Ou sexa, a luz da terra, a paisaxe revelada, e nela os soutos, as hortas, o millo ao sol, as fincas repletas de vida e cor, as formas do tempo. E tamén a festa, que aquí é esencia, atávica luz interior das xentes desta terra, camiño de vida, presenza do pasado.

En definitiva, comarca de Verín, extremo sur, ourive do transcorrer do tempo e da luz. Así o quere desvelar esta guía, editada pola Fundación Comarcal de Verín, coa colaboración dos alcaldes e os Concellos da bisbarra.

Buscaremos, na primeira parte do libro, os perfís que definen esta terra, aqueles que a modelan e a caracterizan, e que aquí acabamos de avanzar.

Na segunda parte viaxaremos para comprobar in situ que eses perfís toman forma definitiva. A primeira etapa será a dos camiños da historia escrita con maiúsculas. Desde o contorno das altas torres de Monterrei descubriremos o sentido da acrópole máis grande de Galicia e o val sobre o que se alza. Tamén empezaremos a convivir cos peregrinos xacobeos que desde o medievo buscaron nesta fortaleza descanso e protección. Nunha segunda andaina polo tempo, xa polas altas terras de Cualedro, desde algúns dos máis reveladores castros do noroeste peninsular, sentiremos como nos roza a pel o pasado máis remoto. Polo camiño haberá, como é lóxico, máis cousas, miradas necesarias.

Continuará a viaxe ca 'outra historia'. Por Oímbra, Vilardevós, Castrelo do Val. Daremos agora sobre todo, case sen que-relo, cos camiños da existencia, coas historias recuperadas da vida da xente. Así sucede con rutas como as da 'raia' —a fronteira con Portugal— e a dos carboeiros. Tamén aquí haberá tempo para outras esencias da comarca: algunhas celebracións, o viño, os pementos, as castañas...

E polo camiño chegaremos ao tempo da festa. Unha festa que se confirma prodixiosa en Laza. Alí onde a etnografía se volve vida. Onde o Entroido é esencia de nós mesmos, onde tamén os homes, pagando, sen sabelo, coa súa vida, levaron a cabo unha das maiores obras de enxeñería de comunicacións do s. XX español. E xa de seguido a meta. O tempo do encontro. En Verín. A outra versión da festa, do Entroido. A oportunidade da xuntanza ao final da viaxe, do descanso a carón das súas augas mineiromedicinais, do descubrimento das súas rúas históricas, dos seus espazos para compartir, para o ocio, para volver.

Iniciamos camiño. Todo debería empezar nun val que se sentía moi a gusto entre as súas montañas —e estas con el—, no sur de Galicia, moi ao sur.

monterrei

verín

cualedro

oímbra

laza

vilardevós

**introducción 9**

castrelo do val

monterrei



a comarca

a comarca

a comarca

a comarca

a comarca

a comarca

a comarca

a comarca

a comarca

a comarca



a comarca

a comarca

a comarca

a comarca

a comarca

a comarca

a comarca

a comarca

a comarca

a comarca

a comarca

## A comarca

A relación monte-val identifica as terras de Verín como quizais non suceda en ningunha outra comarca ou zona de Galicia. Un amplo e ben definido val emerxido entre un non menos amplo e suavizado círculo de montañas. Pode verse cun golpe de vista, e pode sentirse. É o fundamento arredor do que xira todo, do que todo nace nesta comarca no bordo meridional galego.

### EXTREMO SUR

Extremo sur... Por situación en relación co resto de Galicia. Xeográficamente falando, Verín, grazas á posición límite da pequena localidade de Feces de Abaixo, case abrazada por terras portuguesas, é, xunto coa parte galega da serra do Xurés, o punto máis ao sur de Galicia, en canto que o cabo Estaca de Bares ocupa a posición contraria polo norte. Uns 230 km. en liña recta separarían ambos lugares.

E tamén extremo sur, sobre todo, pola súa singularidade xeográfica, paisaxística e climática, debido a esta situación excéntrica en relación co resto de Galicia, e tamén en gran parte por historia, por tradicións, pola súa cultura e as súas festas, pola súa luz singular.

Pero un extremo sur moi centrado. Esta comarca é a ponte natural de enlace de Galicia co territorio portugués do nordeste e co centro e sur de España. As novas comunicacións confirman esta dobre realidade e converten a Verín no seu espazo de referencia.

### CHEGAR Á COMARCA DE VERÍN

monterrei

verín

cualedro

oímbra

laza

vilardevós

#### 12 a comarca

castrelo do val

monterrei

Chegar a Verín é cómodo e rápido. Dun xeito ou doutro, todas as grandes vías de comunicación da comunidade galega enlazan con ela. A comarca está atravesada no centro, en dirección oeste-sueste, pola autovía Rías Baixas (A-52), que desde as inmediacións da cidade de Vigo, a comunica con

toda Galicia e co resto de España. A través dos diversos enlaces desta [autovía](#) na bisbarra pódese chegar con facilidade a calquera punto da mesma.



Antes da existencia da A-52 a vía de comunicación esencial era a estrada N-525, Ourense-Zamora, que unía a zona co sur de Galicia e a comunidade castelán-leonesa. Actualmente esta vía segue en servizo pero cun uso de carácter máis local.


Tamén veu sendo decisiva —pero deixará de selo en breve— a N-532 que, en dirección sur, desde Verín, une a comarca con Portugal e a inmediata cidade de Chaves. Xa está en marcha a construción dun enlace de autovía que comunique a A-52 coa fronteira portuguesa e Chaves. Esta cidade lusa dispón de acceso por autovía (A-24) en dirección a Porto e ao centro e sur do país.

A rede de estradas complétase con varias vías interiores case sempre en bo ou moi bo estado ou en proceso de mellora. Sucede así coas que enlazan co norte da comarca. A OU-113 une Verín con Laza e a OU-114 comunica Verín e Castrelo do Val cos montes do Parque Natural do Invernadeiro. A OU-310 vai de Verín a Vilardevós. Unha ampla relación de estradas locais completa esta rede enlazando, desde a autovía e as vías principais, calquera punto que aquí se mencione.

algunhas distancias en automóbil ata Verín		
SANTIAGO DE COMPOSTELA	175 KM	autoestrada e autovía (menos 17 km), aeroporto a 115'
A CORUÑA	245 KM	autoestrada e autovía (menos 17 km), aeroporto a 165'
FERROL	280 KM	autoestrada e autovía (menos 17 km)
LUGO	160 KM	autovía e estrada
PONTEVEDRA	185 KM	autoestrada e autovía.
VIGO	160 KM	autoestrada e autovía, aeroporto a 75'
OURENSE	70 KM	estación de ferrocarril
XIXÓN (ASTURIAS)	360 KM	autovía
CHAVES (PORTUGAL)	25 KM	estrada e autovía
PORTO (PORTUGAL)	170 KM	estrada, autovía, autoestrada, aeroporto a 75'
PUEBLA DE SANABRIA (CASTELA E LEÓN)	75 KM	autovía
ZAMORA (CASTELA E LEÓN)	185 KM	autovía e estrada
LEÓN (CASTELA E LEÓN)	220 KM	autovía
MADRID	430 KM	autovía a Benavente, enlace coa autovía A-6

monterrei  
verín  
cualedro  
oímbra  
laza  
vilardevós

# COMARCA DE VERÍN





Si se ven desde fóra de Galicia, os aeroportos de Santiago de Compostela e Vigo —tamén o de Porto (Portugal)— son unha boa opción. Están comunicados por autovía coa comarca (ver cadro de distancias, p 14). A estación de tren de Ourense completa as restantes posibilidades de comunicación.

Xa que logo, Verín, unha comarca no extremo para visitar, pero tamén para desde ela seguir, buscar máis alá: case todo está preto.

## A COMARCA EN DATOS

Verín é unha comarca natural de extensión media entre as galegas, cunha superficie total de 1007 km<sup>2</sup> e uns 30.000 habitantes. É a segunda comarca con máis poboación da provincia ourensá tras a de Ourense capital.

Relativamente poboada, con parte do seu territorio en recesión demográfica, a súa media de habitantes por km<sup>2</sup> é de 30. O concello de Verín, onde se sitúa a capital comarcal, concentra case o 50% da poboación nun territorio que representa o 9,3% de todo a comarca.

Os [datos socioeconómicos](#) escríbense con trazos claros: o sector servizos (asistencial, comercio, administración, asesorías, banca, etc.) é o gran referente da bisbarra. A industria alcanza relevancia sobre todo nas actividades agroindustrial, de envasado —augas mineiromedicinais—, construción, téxtil, extractiva e madeira. Hai planos para situar á cidade de Verín, gran centro de servizos, como espazo de enlace comercial e de abastecemento da conexión Meseta-nordeste de Portugal con Galicia.

O sector primario ten no cultivo da vide a súa gran aposta, en tanto que a horticultura se confirma como o segundo motor económico agrario. A castaña é unha actividade complementaria de notable relevancia e sobre todo de gran tradición. Estamos na zona galega máis identificada con este produto, xunto con varios concellos limítrofes.

O [clima](#), como xa avanzamos, é unha das singularidades desta terra. Ao contrario que gran parte de Galicia, mestura con nitidez elementos continentais e mediterráneos —así se confirma en

monterrei

verín

cualeadro

óimbra

laza

vilardevós

cultivos tan ben adaptados como a vide e, en tempos, a oliveira—, e temperaturas secas e elevadas no val, con algunhas das medias máis altas da comunidade galega en ambos os casos. A súa orientación sur convértea nunha das zonas máis cálidas de Galicia.

As precipitacións son significativas nas zonas de montaña, sobre todo nas situadas contra o norte, mentres que presenta algunhas das mínimas de Galicia nos puntos máis baixos. A neve é tamén unha visitante asidua de cada inverno nos principais cumios das montañas que circundan o val. Os ventos predominantes son os do sueste e nordeste.

a comarca en cifras	
<b>EXTENSIÓN</b>	1007 km <sup>2</sup>
<b>POBOACIÓN</b>	30.000 habitantes
<b>CONCELLOS</b>	8 (Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín e Vilardevós)
<b>CAPITAL COMARCAL</b>	Verín (10.100 habitantes)
<b>TEMPERATURAS</b>	mínima -5°, máxima 37°, media anual 14°/20°
<b>PLUVIOSIDADE MEDIA ANUAL:</b>	670 mm
<b>ALTITUDE</b>	mínima 370 m, máxima 1584 m

## UN MUNDO QUE FLÚE. TERRA, AUGA, HISTORIA, VIÑO

A comarca de Verín —anticipabámolo na introdución— é un constante fluír. E isto non se percibe tanto a simple vista como nunha segunda mirada, aquela coa que se busca. Flúe desde os máis remotos tempos: na constante renovación da súa xeografía e do seu clima —xa comentado—, nas augas termais, nas augas dos ríos Támeiga e Búbal, ao longo dos seus máis de tres mil anos como espazo habitado, no viño... Así xurde todo aquí.

monterrei  
verín  
cualedro  
oímbra  
laza  
vilardevós

## Nun tempo remoto

Foi durante a era terciaria, iniciada hai uns 65 millóns de anos, cando tomou forma a disposición xeolóxica da comarca de Verín tal e como hoxe a contemplamos. Ata daquela gran parte de Galicia, incluído o territorio da actual bisbarra verinesa, era unha gigantesca penechaira, un terreo de certa elevación e con a penas zonas de desnivel.

Pero durante o terciario unha serie de movementos oroxénicos —movementos de renovación de grandes extensións montañosas— fracturou o actual territorio galego. Desa fractura xurdiu unha serie de grandes montañas entre as que estaban as que configuran a actual comarca de Verín. Como lóxica consecuencia, o nacemento e elevación dos novos montes provocou zonas de forte afundimento, entre elas a fosa tectónica que deu lugar ao val de Verín. A principal responsable de todo este proceso foi a fractura coñecida como a [Creba da Corga](#).

### A CREBA DA CORGA

**O val de Verín é unha fosa tectónica atravesada por diversas fallas, entre as que sobresa a coñecida como ‘Creba da Corga’. Citada tamén no mundo científico como fosa tectónica Verín-Chaves, foi a ferida xeolóxica máis decisiva para a actual configuración xeográfica da zona. Segue unha dirección nordeste-sudoeste. Penetra en Portugal e alcanza a veciña cidade de Chaves, sendo a responsable principal dos mananciais de augas termais, a moi elevadas temperaturas, que fixeron desta urbe lusa un centro balneario de primeiro orde desde a época romana. A actividade que segue mantendo a Creba da Corga tamén garante a gran cantidade e variedade de augas mineiromedicinais da comarca de Verín, un dos seus sinais de identidade.**

Nun primeiro momento o val de Verín non era máis que unha profunda e sinuosa fosa. A persistente acción do tempo e dos fenómenos meteorolóxicos ía recubriendo con materiais de aluvión a profunda fisura orixinal ata alcanzar a actual disposición de chaira de amplos horizontes que presenta o val verinés. O río Támega, un resultado máis dos movementos oroxénicos do terciario, foi o principal responsable de arrastrar os sedimentos necesarios.

monterrei

verín

cualedro

oímbra

laza

vilardevós



## A xeografía

A comarca de Verín, que responde en gran medida a uns límites naturais definidos, como acabamos de ver, ao longo da era terciaria, está situada, como tamén xa se dixo, no extremo sueste de Galicia, na provincia de Ourense. Limita coas comarcas galegas de Viana, polo leste, Terra de Trives, polo norte, e A Limia polo oeste. O seu límite sur é Portugal.


A liña montañosa do norte da comarca de Verín presenta as maiores elevacións e altitude media. Sitúase no extremo setentrional dos concellos de Laza e Castrelo do Val. Está integrada no sur do gran Macizo Central Ourense e, dentro deste, a zona limítrofe coa comarca fórmana as serras de San Mamede (oeste), onde nace o río Támega, e Fial das Corzas e o Invernadeiro (centro e leste), con altitudes que superan nalgún caso os 1500 metros.

Os montes de Penas Libres pechan o val polo sueste da comarca (concellos de Vilardevós e Verín), mentres que a Serra do Larouco o fai polo oeste, no concello de Cualedro. Asoman con moita frecuencia singulares formacións graníticas que dan a estes montes unha beleza e carácter singular, sobre todo aos situados cara o sur e sudoeste, nalgúns casos de fácil acceso para gozar das súas sorprendentes vistas.

O conxunto de todas estas montañas forman a cunca do río Támega, e o que queda no medio delas son o pequeno val de Laza, no norte, e a súa prolongación no [val de Monterrei](#), no centro e sur. Polo sur esta lingua de terra non atopa ningunha barreira para estender a súa cómoda chaira cara Portugal, completando nas terras lusas de Chaves (rexión do Alto Trás-os-Montes) os seus límites.

### VAL DE MONTERREI

**En terras galegas o val de Monterrei, citado tamén como val do Támega, alcanza a súa maior anchura, uns 5 km, cara ao sur. O monte San Salvador e a elevación do castelo de Monterrei, que se internan nel cara o sueste, como unha península, impiden que a anchura total sexa maior. A lonxitude do val na parte galega, en dirección norte-sur, chega aos 30 km. A súa altitude media é de 400 m. Rodéano penechairs de 600-800 m que caen ao seu carón en fortes pendentes. Os concellos de Verín, Monterrei, Oímbra e Castrelo do Val están asentados nesta chaira en maior ou menor proporción.**



Ría de Ferrol  
Ría de Coruña  
Ría de Balanzos

ASTURIAS

LUGO

SANTIAGO

G A L I C I A

PONTEVEDRA

OURENSE

VIGO

ZAMORA


P O R T U G A L

Parque Nacional da PENEDA GERES (Portugal)

Parque Natural da BAIXA LIMIA-SERRA DO XURÉS

Parque Natural SERRA DA ENCINA DA LASTRA

Parque Natural do INVERNADEIRO



## Onde se revelan as veas da terra

Ata a recente reaparición do viño como gran sinal de identidade da comarca de Verín, se algo a distinguía no exterior era a calidade das súas augas mineiromedicinais, orixinadas pola actividade da Creba da Corga. Son de sona internacional e supoñen unha fonte de saúde inesgotable para cantos se achegan a esta zona a consumilas. As súas propiedades terapéuticas están contrastadas. Recoméndanse para enfermidades da pel, reuma, doenzas intestinais, etc. Son augas de baixa ou media temperatura. A máis alta é da Caldeliñas, que roza os 25°.

Tres dos principais mananciais (Cabreiroá, Sousas e Fontenova) están destinados ao embotellado de auga mineral, que chega desde Verín a toda España e a outros países europeos. Os dous primeiros tamén dispoñen de espazos específicos para o consumo in situ polos auguistas. Merece especial atención Cabreiroá, que a primeiros do s. XX contou cun hotel-balneario logo pechado, e que aínda se pode contemplar en pé, nun contorno natural privilexiado.

Como sucede na veciña Chaves, os mananciais da comarca atraeron desde antigo —hai vestixios desde a época romana— a todo tipo de persoas e están na base do seu desenvolvemento humano e socioeconómico. Son de visita imprescindible para calquera que queira sentir a fondo a súa personalidade máis acusada.

## O Támega

O río Támega é o corazón que todo o move. Non se podería entender a comarca sen este curso de auga que define parte da súa paisaxe natural, histórica e socioeconómica. O seu nome deriva da tribo castrexa dos tamaganos, unha das tres que habitaban o val cando no s. I a.C. chegaron os romanos.

Nace na Alberguería (Laza), no alto do Talariño, a 970 metros sobre o nivel do mar, ao sur da serra de San Mamede, no Macizo Central Ourenán. Os seus primeiros quilómetros son un case constante salto de desnivel en desnivel, entre prados e unha intensa vexetación de ameneiros, carballos e outras especies. Logo o val de Monterrei fai que as súas augas discorran tranquilas camiño da cidade de Chaves, en Portugal. Desemboca no río Douro, na localidade de Entre-os-Ríos, tras percorrer 145 km, dos que 51 discorren pola comarca de Verín.

monterrei

verín

cualedro

oímbra

laza

vilardevós

A súa cunca en Galicia alcanza os 624 kms<sup>2</sup>. O río Támega está recoñecido como lugar de importancia comunitaria de gran riqueza natural e paisaxística, abarcando unha extensión de 630 hectáreas dos concellos de Laza, Castrelo do Val, Monterrei, Verín e Oímbra. Nos seus inicios, abastécese dos montes que, desde Laza, rodean o val. O seu principal afluente é o Búbal, que rega sobre todo terras do concellos de Oímbra e Monterrei.

## Catro mil anos vivindo na comarca

Se as augas minerais e o Támega son froito da configuración tectónica da comarca de Verín, a súa historia é o resultado da orografía e o clima, modelados e interpretados polas xentes que ao longo do tempo, desde hai máis de tres milenios, a habitaron. A que segue é unha brevísima historia desas xentes e das pegadas máis evidentes que nos deixaron.

Segundo o gran historiador e etnógrafo Xesús Taboada Chivite, natural de Verín, esta comarca estaría habitada polo menos desde finais do **neolítico** ou comezos da Idade de Bronce. Desde hai uns tres mil ou catro mil anos. A penas quedan restos dese período, pero si os hai, e de gran relevancia, do inmediatamente posterior á chegada dos romanos. Segundo unha inscrición atopada na ponte romana de Chaves, as ribeiras do río Támega estarían habitadas por dúas tribos: os tamaganos e os aobrixenses. Dunha terceira tribo —os bíbalos—, situada ao sudoeste da comarca, dannos conta Plinio e Ptolomeo, entre outras fontes.

O gran número de **castros** que se concentran nesta zona —máis de medio cento— tamén son unha proba clara do poboamento e actividade no val e os seus arredores á chegada dos romanos a Galicia. Sobresaen os castros da **Saceda** e **San Millao**, ambos os dous no concello de Cualedro. Declarados Ben de Interese Cultural, están entre as mellores referencias da cultura castrexa galega.

A **romanización** deixou tamén a súa marca nas primeiras vías de comunicación. Destaca a que unía a importante urbe romana de Chaves con Xinzo de Limia, pasando polo val verinés. Os romanos serán os primeiros en propiciar e desenvolver tres das grandes esencias perdurables da bisbarra: as augas minerais, a castaña e previsiblemente o viño.

Será na **alta Idade Media** cando volvamos ter noticias da comarca. No ano 872 o bispo Odoario repoboou o val por mandato do rei Afonso III de Asturias. A ocupación árabe a penas tivo significación.



No s. XII o antigo **Castrum Baroncelli** (o actual promontorio de Monterrei), de orixe prerromana, comeza a consolidarse como recinto fortificado, ata converterse no baluarte desde o que se controlaba e dirixía toda a comarca. Os monxes do mosteiro de Celanova (a uns 60 km), que controlaban o antigo castro desde o s. X, vanse confirmar como os grandes señores da zona cando en 1145 o rei Afonso VII lles doa a vila de Verín e o lugar de Mixós, este cun convento do que se conserva a súa igrexa de orixe prerrománica, monumento referencial da comarca. No s. XIII comeza a construírse, por iniciativa real, o castelo de Monterrei, que vivirá distintos cambios e ampliacións nos séculos posteriores.

A terceira gran pegada histórica da comarca, tras a dos castros e a romanización, chegará cos Reis Católicos, ao crear estes, en 1474, o condado de Monterrei na persoa de Sancho Sánchez de Ulloa. Esta distinción confirmará á poderosa acrópole de Monterrei, onde se sitúa a cabeza do condado, como gran centro da cultura renacentista en Galicia, consolidado polo asentamento no lugar de conventos franciscanos, mercedarios e xesuítas. Estes últimos intentaron impulsar alí unha universidade —estiveron a punto de logralo—. Tamén funcionou en Monterrei a primeira imprenta de Galicia.

## VAL DE BARONCELLI

Nos primeiros séculos da Idade Media a comarca verinense coñeciábase como ‘val de Baroncelli’. A orixe deste topónimo non está clara. Tense interpretado como ‘barón de ceo’ e como referencia a algún tipo de posesión (do termo xermánico ‘baron’, ‘o que posúe’). Esta denominación tiña a súa orixe no castro (Castrum Baroncelli) que ocupaba o actual emprazamento da acrópole de Monterrei. A primeira fonte coñecida que cita este topónimo é un documento do ano 921 de Ordoño II, rei de León, Asturias e Galicia.

Co progresivo paso do antigo castro ao control real, un proceso que se comeza a consolidar no s. XIII, este coñeceríase como o ‘Monte do Rei’, orixe da súa actual denominación, e os seus habitantes, como ‘rexiomontanos’.

Hoxe o vello topónimo ‘Baroncelli’ é un signo de identidade do val verinés a través do seu uso en marcas e produtos.

monterrei

verín

cualeiro

oímbra

laza

vilardevós



As frecuentes [disputas con Portugal](#), reiniciadas no s. XVII, converteranse no XVIII nun grave problema para a bisbarra. Daqueles tempos xurdirá un certo resentimento mutuo, que só as xentes comúns de ambos lados da fronteira van ser capaces de eludir. Estas guerras tamén deixarán a comarca sumida nun período de decadencia que só se comezará a superar no s. XIX coa mellora da produción agraria, o comercio e a fin das disputas fronteirizas.

O s. XIX supón ademais a confirmación da vila de Verín como gran centro comarcal e do comercio, grazas ás melloras das comunicacións —construción da estrada de enlace coa Meseta—.

Pola contra, o antes todopoderoso castelo remata o seu período de esplendor. A decadencia de Monterrei derívase das novas circunstancias sociais e políticas. Perde a súa influencia, gran parte da súa poboación e tamén as ordes relixiosas alí asentadas, nun proceso que culminará na primeira metade do s. XIX coa desamortización de Mendizábal, que obriga a dar por concluída a xa reducida presenza destas no lugar.

Xa na primeira metade do XX, a industria das augas minerais, con varios balnearios activos nas primeiras décadas e reconvertidos na segunda metade da centuria en plantas de envasado, unírase aos factores socioeconómicos singulares da comarca ata o presente. O avance xeral, en calquera caso lento e inestable, ocasionará unha forte corrente migratoria a América, Europa e zonas industriais españolas coa que se iniciaría a decadencia poboacional que aínda seguen padecendo boa parte dos concellos.

O progresivo incremento das relacións con Portugal, en claro proceso de consolidación na actualidade, a gran mellora das comunicacións experimentada desde finais do s. XX, e o sector agroindustrial —viño, castaña, horticoltura— protagonizan os novos factores activos e potenciais de progreso.

## O viño

monterrei

verín

cualeiro

oímbra

laza

vilardevós

O gran xeógrafo galego Francisco Rífo Barja asegura que hai dous feitos que identifican a comarca de Verín: a extraordinaria calidade das súas augas e os seus magníficos viños. Xa paseamos nun primeiro e tanxencial percorrido polo mundo das augas. Quédanos o viño.



E ten razón Río Barja. Os viños de Verín, cunhas 3.500 hectáreas cultivadas, son dos máis valorados de todo o noroeste peninsular. É un prestixio recente, unido á recuperación da produción tradicional e á aplicación das técnicas máis modernas de elaboración, reguladas pola Denominación de Orixe Monterrei, que controla unhas 700 hectáreas.

## A DENOMINACIÓN DE ORIXE MONTERREI

A Denominación de Orixe Monterrei funciona desde 1994. Producen baixo o seu control 22 bodegas. A D.O. comprende o val de Monterrei e as ladeiras máis soleadas das montañas que o rodean. Forman un conxunto de terras excepcionais para a produción de viño, regadas polo río Támega e os seus afluentes. Repártense polos concellos de Monterrei, Verín, Castrelo do Val e Oímbra, que na maioría dos casos dedican á vide máis do 50% das súas terras de labor. En 2007 a colleita alcanzou un millón trescentos mil quilos de uva, da que o 70% foi branca e o 30% restante, tinta. Os viños de Monterrei están presentes en distintos países e teñen recibido diversos premios españois e internacionais. A sede do Consello Regulador está en Verín, na rúa do Mercado Comarcal, 1, nun singular edificio que é tamén lonxa hortofrutícola.

O resto, o esencial, póneno as características dos solos do val de Verín-Monterrei —arxilosos e graníticos— e o clima xa comentado, unha mestura de matices mediterráneos e continentais, máis seco do habitual en Galicia. Isto fai que sexan considerados os viños de máis graduación do Noroeste hispano, cunha media de 13°. Son tamén os viñedos situados a máis altitude. Achéganse nalgún caso aos 800 metros, como sucede en Casas dos Montes (Oímbra).

monterrei

verín

castrelo do val

oímbra

laza

vilardevós

28 a comarca

castrelo do val

monterrei

Os viños brancos, de cor amarelo verdoso e brillante, son afroitados e de equilibrado gusto e acidez. Teñen maior corpo que os demais brancos galegos, debido á súa situación xeográfica.

Elabóranse con uvas dona branca, godello (verdello) e treixadura.



Os tintos, a base sobre todo de uva mencia —tamén se utilizan as variedades arauxa e merenzao— son dunha intensa cor rubí, froiteiros, limpos, con certa influencia dos viños da cunca do Douro, á que pertence o río Támega. Tamén se seguen elaborando viños artesáns.

Que o viño é aquí un símbolo histórico evidénciao o feito de que hai probas da súa produción xa desde o s. IV. Os seus primeiros promotores serían as xentes de cultura romana establecidas na zona. Hai novas probas da existencia de cultivos contra o ano 950 e durante a Idade Media. De feito, o remate das obras de construción da primeira fortaleza de Monterrei celebrouse con viño tinto e branco —godello— da comarca.

Hoxe o viño destas terras pódese degustar nos restaurantes, mercar nas tendas e supermercados, pero sobre todo débese coñecer tamén in situ visitando algunha das 22 bodegas existentes, todas abertas ao público, e con venda directa, previo e necesario contacto telefónico coa maioría delas (páxina web da D.O.: [www.domonterrei.com](http://www.domonterrei.com)).

## A LUZ DA TERRA. PAISAXE, GASTRONOMÍA, ENTROIDO, CAMIÑOS

No seu fluír acompasado, preguiceiro por veces, a comarca de Verín reveláenos como unha posuidora da luz, a súa particular luz, cuns contrastes de cor inéditos noutras zonas de Galicia.

É fácil percibilo nos amenceres, mais nítidos que noutras partes da comunidade, ou nalgúns dos intensísimos solpores de outono. E, por que non, na intriga luminosa dalgúns dos Entroidos máis cheos de memoria e vida propia de Europa. Tamén nos seus soutos, na aba dalgún monte, ata nos viñedos, nas hortas. E non menos fácil resultará seguir esa luz para cantos queiran internarse polos vellos itinerarios desta comarca.

### A paisaxe

O primeiro que sorprende ao chegar á comarca de Verín —diciámolo na introdución— é a paisaxe, unha paisaxe galega (verde en esencia) que non acaba de ser igual. Pode ser a luz, a situación xeográfica excéntrica desta terra interior en relación co resto de Galicia, quizais o seu particular microclima, a propia disposición do val e a forma en que se reflicte sobre el a luminosidade das montañas, dos rochedos en que moitas delas culminan. Pode ser.

monterrei


verín

cualedro

oímbra

laza

vilardevós





Onde a presenza humana é menor, como nos concellos das [terras altas](#) do norte da comarca —Castrelo e Laza, sobre todo— consérvanse zonas húmidas cunha gran diversidade biolóxica e unha inusitada forza paisaxística. O concello de Castrelo é, ademais, a porta natural de entrada aos montes do [Parque Natural do Invernadeiro](#), un dos grandes espazos medioambientais do noroeste peninsular.

O curso galego do río Támega, integrado na Rede Natura, está cualificado como Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) e resulta de alto valor ecolóxico e paisaxístico. Merece a pena a visita a todos estes espazos, con calma, case sen ruta definida.

Hai [outras paisaxes](#) onde a man do home ten unha presenza constante. Neste sentido, a notable vexetación de monte baixo nas zonas máis elevadas do sur e, sobre todo, os soutos nas terras intermedias e as vides e os produtos da horticultura nas ladeiras máis soleadas e no val van compoñendo, pincelada a pincelada, o cadro desta outra paisaxe verinesa. Nas terras elevadas, sobre todo ao norte, os prados e a gandería bovina son parte desa paisaxe, así como nas zonas altas cara ao sur o son os rabaños de cabras e ovellas.

Tamén caracteriza esta paisaxe o contraste entre a alta densidade de poboación do val —Verín incluído— e a escasa ou moi escasa das terras altas, sobre todo das situadas ao norte. Fóra de Verín, a capital comarcal, ningunha outra localidade alcanza unha estrutura urbana consolidada, fóra quizais de Laza (preto de 600 habitantes).

[Cruceiros](#), fornos comunais, fontes, petos de ánimas... Resulta sorprendente sobre todo, en comparación con outras zonas de Galicia, a gran cantidade de cruceiros que salpican a paisaxe da comarca. A arquitectura popular reina, poderosa, e resistindo ao tempo, por cada recanto desta bisbarra. Salta á vista: tamén modela a paisaxe.

E dúas [visións singulares](#). Unha á cuxo deseño preciso os grandes canteiros locais se entregaron moito máis que en ningún outro lugar de Galicia: os reloxos de sol labrados en pedra —búsquense, por exemplo, polas cubertas das igrexas, contra o sur—. E outra á que a penas prestaron atención: a construción de hórreos.

As mazarocas de millo invaden aquí os corredores de moitas casas. Fano brillantes e tersas, nun gratificante dispendio de luminosidade. Son de novo exemplos do extremo, do fluír, da luz pura desta terra.

monterrei

verín

cualedro

oímbra

laza

vilardevós



## Soutos e hortas

No anterior apartado dicíamos que a vide, xunto cos soutos e a horticoltura, dan forma á paisaxe agrícola da comarca.

A [castaña](#) é, tras a vide, o produto agrícola máis enraizado nestas terras. En tempos foi o primeiro, como resultado da excelente adaptación lograda por esta especie introducida polos romanos na zona sueste ourensá. Cando o aroma das castañas aparece en outono polas rúas galegas e doutras cidades, deberíamos saber que unha parte destacada delas procede da provincia de Ourense, e dentro desta, da comarca verinesa. As principais zonas de produción están ao leste e norte, nos concellos de Vilardevós, Castrelo do Val e Laza, así como nas terras altas de Monterrei e Oímbra, máis ao sur.

As castañas forman parte da historia da xente e foron, como noutras partes de Galicia, alimento esencial ata a chegada da pataca e o millo de América (s. XVII-XVIII). O castiñeiro, esa árbore que non pretendendo ser case nada, lógrao case todo, é o señor dos moitos soutos da comarca, paraísos do autóctono e da beleza e exemplo da convivencia harmónica e tranquila do home e o contorno. O percorrido polos concellos sinalados, tras a pegada desta árbore atávica, resolverá calquera dúbida neste sentido. Hoxe as xentes da comarca seguen mimando os soutos, e as súas castañas resultan un produto de calidade excepcional, que se pode degustar, cociñado de diversas formas, nos restaurantes da zona.

Os bosques e prados destas terras son tamén casa feliz para os [cogomelos](#), que se apañan sen dificultade e se degustan en varios establecementos da comarca.

A horticoltura é a terceira paisaxe esencial. E dentro dela o rei é o [pemento](#) de Oímbra. Camiño de lograr a Denominación de Orixe, algo que xa obtivo a [pataca](#) do veciño concello de Cualedro, ocupa, xunto co viño e a castaña, o terceiro vértice do triángulo de ouro do sabor máis propio da comarca. Hai por suposto outros produtos de gran calidade —cebolas, tomates, leitugas, xudías, etc.— pero os citados son parte imprescindible da identidade local.

monterrei

verín

cualedro

oímbra

laza

vilardevós





## Unha mesa esencial

A cor e a luz da paisaxe verinesa levadas á mesa, a unha mesa esencial da gastronomía comarcal, como se revelarían? Con diversidade, intensos reflexos e, sobre todo, con moito gusto. Unha cita sen altibaixos onde a orixinalidade estará xustamente na permanencia das sensacións primeiras, as que enchen de sabor o espazo, as que quedan para recordar.

Os **pratos** derivados do porco —o cocido e o lacón con grelos—, o cordeiro e o cabrito asados, o polbo á feira e con patacas —as pulperías son unha tradición en Verín—, os pementos fritos e asados e como parte de distintas receitas —con bacallao, por exemplo—, son pratos imprescindibles da gastronomía comarcal. A caza e a pesca —troita, xabaril, corzo—, abundantes na parte norte, poden degustarse tamén en distintos restaurantes, segundo temporada. Como imprescindible acompañamento, por suposto, os viños da comarca, tintos e brancos.

E os **doces**: bicas amarela e branca —esta feita só coa clara do ovo, fariña, manteiga e azucre—, filloas, rosquiñas de Entroido, linguas de bispo, pastel e torta do cigarrón, pastel de noces de Vilardevós, cañas fritas. Son o máis auténtico da repostería comarcal. Para acompañar, se pide consello, case seguro que a recomendación será o licor café elaborado con augardente da comarca.

Ocasiós idóneas para achegarse en todo o seu esplendor e diversidade á gastronomía comarcal ofrécena as numerosas **festas** específicas. Por exemplo, as do Chourizo (Verín, xaneiro), a de Laza dedicada en febreiro á cachucha, a bica, o licor café e o xastré —un licor a base de augardente, herbas e esencias locais—, a do viño da comarca (Verín, en marzo, agosto e novembro) ou a do pemento de Oímbra (agosto).

Pero hai nestas terras outro tempo imprescindible para a gastronomía, quizais o máis imprescindible. É o tempo do Entroido e supón a máis intensa representación desa mesa esencial, case neste caso unha mesa sen fin. Todo —terra, gastronomía, historia, encontro, luz— acaba confluíndo nel, a gran referencia da cultura popular comarcal galega.

monterrei



verín

cualeiro

oímbra

laza

vilardevós



## Entroido. O resplandor do tempo

As augas minerais, o viño e o castelo de Monterrei son os tres símbolos da comarca verinesa no mundo. Falta un cuarto, o máis difundido, polo que se achegan ata a comarca turistas, xornalistas e curiosos dos máis diversos países. É, como dicíamos, o Entroido. O Carnaval. Celébrase cada ano en febreiro, antes da festividade cristiá da Coresma, como en outros lugares do mundo. Pero esta é a única coincidencia. Todo o demais é diferente.

En primeiro lugar porque a súa luz, a súa explosión de cor, é interna, en busca dun mundo exterior para mostrarse. Os dous Carnavais máis representativos da comarca, os de Laza e Verín, semellan vir doutro tempo para remover o presente a través dunha mensaxe inicial. Non é a festa pola festa, aínda que tamén. É a singularidade dunha luz nítida, reveladora, cando o inverno empeza a ceder os seus dominios.

Declarados ambos os dous festas de interese turístico galego, e cunha proxección internacional incontestable, Laza conserva unha fidelidade á tradición que Verín mantén complementada con outros adobíos da modernidade e a cultura internacional. É o resultado da súa condición netamente urbana, fronte á dimensión telúrica de Laza, un concello de marcado carácter rural.

Son tamén únicos os dous personaxes **protagonistas** de cada un deles: os peliqueiros, en Laza, e os cigarróns, en Verín. Atavíanse con traxes —chaquetiña e pantalón curto— cheos de flocos multicolores e unha máscara con forma de gran pantalla que sobresaie na parte superior a modo de mitra esaxerada nas súas proporcións e na súa decoración —coloristas motivos animais, vexetais, astrais, etc—. Completan os aderezos cun cinto de coiro, do que colgan uns estrondosos chocallos ou chocas, e cun látego co que golpean a cantos saen ao paso das súas desbocadas carreiras. As formigas e a fariña que se lanzan aos participantes e os *fachucos* de Oímbra son outras singularidades destes Entroidos, obxecto de mil interpretacións das que seguen escapando.

Só se pode dicir que teñen unha orixe que se perde no tempo e que son imprescindibles. Outra realidade, outra forma de viaxar no tempo e na luz nunha terra onde a festa ten tamén máis expresións excepcionais que veremos.

monterrei

verín

cualeiro

oímbra

laza

vilardevós





## O TRIÁNGULO DE OURO

Verín, Laza e... Xinzo de Limia (a uns 30 km). Son os tres vértices do chamado triángulo de ouro do Carnaval en Galicia. Son as tres festas desta comunidade máis coñecidas no mundo, xunto coas do Apóstolo, en Santiago de Compostela. Con similitudes —e tamén claras diferencias—, estes tres Entroidos dan forma no seu conxunto aos Carnavais de maior riqueza cultural e singularidade de España e Europa. Coinciden ademais no seu amplísimo período de celebración. Comezan a primeiros de xaneiro con todo tipo de actividades previas, polo que se consideran os máis longos do Continente.

### Da raia, do Camiño de Santiago e outras rutas

Ao longo da nosa viaxe encontraremos con varias rutas singulares, repletas de memoria e vida. As que aquí se propoñen teñen dous denominadores comúns. Trátase de sendas para facer a pé ou en bicicleta e, sobre todo, de [rutas da xente](#) e da complexa, difícil e singularísima relación desta coa montaña e a raia. Son as seguintes (ver páxina 48):

O CAMIÑO DO SUESTE. Foi e segue sendo a viaxe da busca, a que leva a Compostela, unha das grandes metas do espírito occidental, séxase ou non crente. Verín e Laza están neste Camiño de Santiago, a uns 180 e 160 km respectivamente desa meta. En ambos casos é posible obter a 'compostela', o certificado da peregrinación concedido pola catedral santiagouesa.

A ruta xacobeá por estas terras coñécese como Camiño do Sueste e atravesará paraxes de montaña de gran beleza e soidade. Xurdiu como vía de peregrinación contra o s. XIII, escollida polos devotos que procedentes do centro e Sur da Península facían o camiño pola [Vía da Prata](#). Abandonaban este histórico itinerario en terras castelán-leonesas para entrar en Galicia polo nordeste de Portugal, vía Verín, ou pola Gudiña, seguindo neste caso a Laza ou, de novo, a Verín.

monterrei

verín

cualeiro

oímbra

laza

vilardevós



Actualmente esta ruta dispón dunha ampla **rede de albergues** públicos (cobran 3 euros por noite), dos que tres, os de Verín, Monterrei e Laza, están na comarca. O de Monterrei, de orixe medieval, é o máis antigo de Galicia, xunto co de Ribadiso (Arzúa). Prevese a creación de novos albergues na comarca, con motivo do Xacobeo 2010. Van estar situados en Vendas da Barreira, Feces e Cualedro, no itinerario sur, e en Campobeceros, na vía norte. O Camiño do Sueste é unha das rutas xacobeas con maior incremento de camiñantes, moitos deles estranxeiros, que parten de lugares tan diversos como Sevilla, Mérida, centro peninsular, etc, a través da Vía da Prata.

## A VÍA DA PRATA

**A Vía da Prata é unha das grandes vías históricas de comunicación da Península Ibérica. Para algúns, a de maior bagaxe. De orixe romana, percorría de sur a norte e de norte a sur case todo a zona oeste do actual territorio español, entre as cidades de Mérida (Estremadura) e Astorga (León), con extensións cara Xixón (Asturias) e Sevilla (Andalucía). Tras un tempo de decadencia, volveu vivir un período de apoxeo na Idade Media, convertida xa non só en vía comercial, senón tamén en ruta militar e espiritual, utilizada polos peregrinos mozárabes a Santiago. Actualmente é o itinerario turístico-cultural de referencia entre Andalucía e o Norte de España.**

AS RUTAS DA RAIÁ. Considerada a fronteira máis antiga da actual Europa, a liña de división entre o noroeste español e Portugal comezou a formarse no medievo. Coñecida ironicamente como a 'raia' polas xentes de ambos lados, resume toda unha forma de vida, durísima, pero tamén creadora, simbólica como poucas. Historia, tradición e sufrimentos compartidos. Países de costas, xentes de fronte. A ausencia de infraestructuras de comunicación dificultou uns contactos normalizados, que favorecesen ás dúas partes, pero isto tamén propiciou unhas relacións a pequena escala moi singulares que son hoxe o fundamento dunha cultura peculiar que se está a recuperar en ambas as dúas liñas da raia. Son as denominadas Rutas do Contrabando.

monterrei

verín

cualedro

oímbra

laza

vilardevós

## CAFÉ E TABACO

Café e tabaco. Estes foron dous dos produtos estrela —pero non os únicos— do contrabando entre a fronteira portuguesa e española durante os durísimos anos que seguiron á Guerra Civil. A raia galega, e particularmente a da comarca de Verín, converteuse nunha zona cunha especial incidencia desta actividade, ilícita no ámbito político e xudicial e vista como solución alternativa para a supervivencia por parte da xente do pobo, sumida nunha posguerra mísera. A democracia e a entrada de Portugal e España na Unión Europea remataron por completo con esta práctica de luces e sombras, que segue moi viva na memoria das xentes arraianas da comarca verinesa.

A RUTA DO LAGAR DOS MOUROS. Situada en Oímbra, paralela á raia, rememora lendas e míticos itinerarios locais, compartidos e vividos coas veciñas xentes portuguesas.

A RUTA DOS CARBOEIROS. Camiño do Parque Natural do Invernadeiro, esta ruta segue a senda que levaba, polos montes de Castrelo do Val, aos carboeiros, xentes recias que tiñan na elaboración do carbón vexetal a súa forma de vida. É unha —a principal— das tres propostas de sendeirismo do concello de Castrelo do Val, que tamén conta coas do Portozón e O Casteliño.

A PISTA DO MARROQUÍ. A ruta da epopea e a traxedia das xentes que tiveron que construír, nun dos pasos de montaña máis difíciles de España, unha vía do ferrocarril, repleta de túneles, polos desfiladeiros do sur do Macizo Central. Vital e singular como poucos itinerarios.

monterrei

verín

cualeiro

oímbra


laza

vilardevós

**introducción 43**

castrelo do val

monterrei



a comarca

a comarca

a comarca

a comarca

a comarca

a comarca

a comarca

a comarca

a comarca

a comarca

unha viaxe pola comarca

o itinerario

a comarca

a comarca

a comarca

a comarca

a comarca

a comarca

a comarca

a comarca

a comarca

a comarca

## O ITINERARIO

A viaxe que aquí se propón busca o sentido dunha terra que estando tan preto de todo resulta tan diferente a todo, e coñece-la sen présas, pero sen demoras. O percorrido segue o rastro dos elementos máis característicos da comarca verinesa, trazando unha especie de liña inmaterial que os une e relaciona a través da seguinte proposta temática:

... 1. A HISTORIA. Onde perdura o tempo. Iniciaremos a viaxe na excepcional atalaia visual da comarca que ofrece a acrópole de Monterrei. Con esta visión reveladora, e tras a lección de gran historia recibida, será o momento de completar o noso encontro co pasado da comarca polos camiños de Monterrei e Cualedro. Faremos outras paradas, pero a liña da historia será aquí a nosa guía e mestra.

... 2. RUTAS E HISTORIAS. Os tempos da xente, da *outra* historia. Desde Cualedro, deixando atrás o alongado e rotundo lombo da serra do Larouco, internarémonos **polas rutas da xente**, por Oímbra, por Vilardevós, por Castrolo do Val. Pola memoria e as inquedanzas dos habitantes da comarca, que nos legaron itinerarios da súa cultura máis propia e íntima: o do Contrabando, o dos Carboeiros, etc.

... 3. A FESTA. O tempo da luz. Laza, con algunhas das festas máis antigas e singulares de España, será a nosa seguinte meta. Aínda que non sexa tempo festivo, estas terras do norte da comarca sempre teñen algo que contar, algo que sentir.

... 4. A META. Tempo de encontro. A meta será a cidade de Verín, a segunda gran versión da festa nestas terras, e o seu gran espazo de encontro, unha especie de compendio de todo: historia, xentes, peregrinos, rúas, rutas... Sempre cunha singular mirada desde o centro da comarca.

En total, sen incluír as rutas temáticas complementarias, 211 km que se poden realizar en automóbil en dous días, de xeito parcial ou por etapas. No tempo que cada viaxeiro ou viaxeira estime oportuno. Pódese consultar a táboa de situación e distancias entre os lugares de interese na páxina 49.

No mapa-guía da páxina 48 amósase o percorrido por estrada da proposta principal deste libro -'unha viaxe pola comarca'-, todo el realizable en automóbil (liña amarela). O punto de partida desta viaxe: a acrópole de Monterrei; o de chegada: a urbe de Verín. Varios desvíos de interese -cor marrón-, tamén realizables case de xeito íntegro por estrada asfaltada, complementan o trazado principal. A proposta complétase coas grandes rutas temáticas de sendeirismo de varios dos concellos -en verde- e co trazado dos moitos quilómetros que realiza o Camiño do Sueste pola comarca -en gris-.

monterrei

verín

cualedro

oímbra

laza

vilardevós

## De compras. De restaurantes. Para dormir

Durante a nosa viaxe preguntemos en Oímbra —a calquera persoa— **onde comprar** os que para moitos son os mellores pementos de Galicia. Será unha ocasión para o pracer da conversa mentres nos atenden. Preguntemos en Verín ou Laza polas pastelerías onde mercar as excepcionais bicas desta terra, as linguas de bispo, os pasteis de noces, os do cigarrón; encontrémonos en Laza e Verín coa artesanía do Entroido (mascaras do cigarrón, do peliqueiro...) ou en Vilardevós coa das cestas; paremos ante calquera bodega que encontremos aberta e sintamos o fluír do viño, merquémolo se así nos apetece, o mesmo que o licor café da comarca, que aquí é parte do espírito da festa; bebamos as augas da comarca a carón dos mananciais orixinais; preguntemos, no outono, polas castañas; acheguémonos nas rúas verinesas ata as súas tendas con todo tipo de mercadorías e propostas.

E paremos a gustar da **gastronomía** local con decisión. Podemos facelo en calquera das festas de promoción dos produtos comarcais que poidan coincidir coa nosa viaxe —as da gastronomía do Entroido, o viño, o pemento, etc.— e, por suposto, nos restaurantes e mesóns da comarca. Todos eles, desde os máis populares aos máis especializados, nos atenderán con amabilidade e cunha cociña fundamentada case sempre nos produtos locais.

Restaurantes para comer con tranquilidade, observando, entre sabores certos. En Vilaza, Albarellos, Vilardevós, Castrelo do Val, Nocado, Campobeceros, Laza, Verín...

E **para o descanso**, para gozar relaxados do contorno e da xente, unha ampla rede hoteleira en Verín e nas súas inmediacións; pazos e casas de turismo rural no concello de Monterrei, co seu Parador de Turismo, na Xironda, en Castrelo do Val; hospedaxes en Laza, en Campobeceros, no albergue rural de Vilarello de Cota (Vilardevós), etc.

monterrei

verín

cualedro

oímbra

laza

vilardevós


**o itinerario 47**

castrelo do val

monterrei



## ITINERARIOS POLA COMARCA DE VERÍN



## distancias entre os puntos de interese da viaxe

Todos os desvíos da viaxe (D/Desvíos) inclúen o total de km de ida e volta pola mesma ruta, fóra dos de Casas dos Montes-A Granxa-As Chas, o da estrada dos castiñeiros novos e do Centro de Interpretación da Castaña e o da pista ecolóxica de Manzaneda, que son de dirección única.

1. Acrópole de Monterrei-Igrexa de Mixós:	2 km
2. Igrexa de Mixós-Vilaza (D: Estevesiños e Vences, 4,5 km):	7,5 km
3. Vilaza (D: antigo balneario e contorno natural de Requeixo -200 m-)-Medeiros (D: San Cristovo e a Madanela, 10 km):	6 km
4. Medeiros (D: necrópole San Salvador de Roza 800 m)-Igrexa de Flariz:	3,5 km
5. Igrexa de Flariz (D: santuario da Caridade, 4 km)-Albarelos:	8 km
6. Albarelos- (Desvíos: conxunto dos muíños das Mercedes 25 km / Montes, 4 km)-Cualedro (D: igrexa románica de Vilar de Lebres, 5 km):	11,5 km
7. Cualedro-(D: Neveiro e Pena da Muller, 9 km)-Xacemento de Santa Marta (Lucenza):	5 km
8. Santa Marta-Castro da Saceda:	3 km
9. Castro da Saceda-A Xironda:	4,5 km
10. A Xironda (D: Vilar de Perdizes, 12 km)-Castro de San Millao:	4,5 km
11. Castro de San Millao-Bousés:	13,5 km
12. Bousés (Desvíos: Casas dos Montes-A Granxa-As Chas, 8 km / Capela e mirador de Santa Ana, 2 km / Fonte do Carregal, 300 m)-Oímbra:	10,5 km
13. Oímbra-San Cibrao:	2 km
<b>RUTA DO LAGAR DOS MOUROS</b>	
14. San Cibrao-Arzádegos:	16 km
15. Arzádegos (Desvíos: Enxames, 500 m / Santuario de Portas Abertas, 1,5 km)-Vilardevós:	8 km
<b>RUTAS DO CONTRABANDO. RUTA DA RAIA</b>	
<b>RUTAS DO CONTRABANDO. RUTA DA SERRA</b>	
16. Vilardevós-Soutochao:	9 km
<b>RUTAS DO CONTRABANDO. RUTA DA TERRA DE ARRIBA</b>	
17. Soutochao-contorno natural da Cidadella (D: Xixirei, 4 km):	2 km
18. Contorno da Cidadella-Tomonte-enlace co desvío por Moialde (D: estrada dos castiñeiros novos e Centro de Interpretación da Castaña, 23 km):	11 km
19. Enlace desde o desvío a Moialde-Vilardevós-Castrelo do Val (OU-310 e OU-113):	25 km
<b>RUTA DOS CARBOEIROS</b>	
20. Castrelo do Val-Fontefría:	13 km
21. Fontefría-Campobeceros (D: Parque Natural do Invernadeiro, 6 km):	7,5 km
<b>RUTAS DO PARQUE NATURAL DO INVERNADEIRO</b>	
22. Campobeceros-Cerdedelo (D: Camba e pista ecolóxica de Manzaneda -só a pé, bici de montaña ou todoterreo-, 25 km):	7,5 km
23. Cerdedelo-Enlace coa Pista do Marroquí (D: Toro, 3,5 km):	5 km
<b>PISTA DO MARROQUÍ</b>	
24. Enlace coa Pista do Marroquí-Laza (D: A Alberguería e estación de Prado, 17 km):	8 km
25. Laza-Igrexa de Retorta:	7,5 km
26. Igrexa de Retorta-Verín:	10 km
<b>RUTA DAS AUGAS E DO POZO DO DEMO</b>	



MONTERREI

val  
castelo  
catedral  
muralla  
laza  
vilardeas

castelo do val

monterrei

MONTERREI

val  
castelo  
catedral  
muralla  
laza  
vilardeas

castelo do val

monterrei

MONTERREI

val  
castelo  
catedral  
muralla  
laza  
vilardeas

castelo do val

monterrei

MONTERREI

verín

cualedro

oímbra

laza

vilardevós

castrelo do val

monterrei

MONTERREI

verín

cualedro

oímbra

laza

vilardevós

castrelo do val

monterrei

MONTERREI

verín

cualedro

oímbra

laza

vilardevós

castrelo do val

monterrei

MONTERREI

verín

cualedro

oímbra

laza

vilardevós

castrelo do val

monterrei

## As portas do Renacemento

Viaxando desde Galicia en automóbil pola estrada N-525 en dirección a Madrid, ao culminar o porto das Estivadas (849 m), aparece de pronto ante nós ao fondo á esquerda, case como unha revelación, o val do Támega. E sobresaíndo sobre a súa chaira, como o mascarón de proa dun barco, o promontorio no que se alza o castelo de Monterrei. Algo semellante sucede indo na mesma dirección pola autovía A-52.

E unha parecida visión xorde se a viaxe se realiza polas mesmas vías en dirección a Galicia, polas altas terras de Riós e Vilardevós. E desde Portugal, pola N-532, avanzando polo ventre do val verinés: de fronte, ao fondo, sobresaíndo, como distante antesala do Macizo Central Ourenseño, a acrópole de Monterrei. Desde calquera punto do anfiteatro da comarca a vista acabará deténdose no castelo, nese promontorio que a modo de proa, península ou cabo, semella internarse no val, querer navegar por el.

## Castelo e conxunto de Monterrei. Onde todo comeza

Acrópole de Monterrei PARA VISITAS	
<b>VERÁN</b>	Abril-setembro. Mércores a domingo: 10.30-13.30 h / 17.00-20.00 h Marzo-outubro. Mércores a domingo: 10.30-13.30 h / 16.00-19.00 h Gratuíta. Luns e martes festivos, aberto. Visitas guiadas
<b>INVERNO</b>	
<b>Entrada</b>	

O conxunto fortificado de Monterrei, coas súas torres defensivas, pazo e igrexa, elévase ata os 526 metros sobre o nivel do mar, algo máis de 200 sobre Verín, no val. E forma unha auténtica acrópole. É o conxunto militar e paxego máis relevante de Galicia e un dos máis significativos de España, e un espacio histórico esencial do Renacemento en Galicia (s. XV-XVI), como veremos.

verín

cualedro

oímbra

vilardevós

castelo do val


52 **monterrei**

laza

monterrei

Malia ser o resultado de sucesivas ampliacións e adaptacións desde o medievo ata avanzado o s. XVIII, logra unha síntese harmoniosa e amable, ao tempo que rotunda e poderosa, tanto polas súas fortes torres como pola triple muralla defensiva.

1. Parador de Verín (100 m)
2. Estrada a Pazos/Verín
3. Camiño Real (ruta a pé ata Verín)
4. Cruceiro
5. Paseo das Damas. Camiño empedrado
6. Porta principal
7. Hospital de peregrinos (actual albergue)
8. Fornos
9. Espazo de acceso
10. Entrada
11. Patio de Armas
12. Alxibe
13. Torre da Homenaxe (ou de D. Sancho)
14. Palacio dos Condes
15. Torre das Damas
16. Patio das Damas
17. Igrexa de Sta. María de Gracia
18. Estrada á Pousa e Mixós/  
saída do Camiño do Sueste/  
camiño á fonte e á Atalaia
19. Cemiterio/restos do convento  
franciscano



## Acrópole de Monterrei

Plano do orixinal: Fernando Serrulla Rech

Monumento Histórico Artístico español desde 1931 -está en curso a súa completa rehabilitación e posta en valor-, é un dos recintos históricos máis visitados de Galicia e a gran referencia da cultura verinesa. Concentra a historia oficial da bisbarra, pero tamén nel está boa parte do seu ser máis propio. É, xa que logo, un símbolo imprescindible, unha especie de ideal centro de interpretación da comarca, visible case por completo desde distintas zonas do conxunto e sobre todo desde a Torre da Homenaxe. Sobre esta atalaia única, canto abarca a vista empeza, dalgún xeito, a ser parte do visitante. Por iso é a estancia obrigada, a primeira visita. O noso punto de partida.

Para chegar ao castelo é necesario atravesar o casco urbano de Verín, excepto si se ven pola estrada N-525 desde o oeste de Galicia ou si se abandona a A-52, cara esta vía, na saída Cualedro-Albarellos. Monterrei queda a 12 km. Un desvío á esquerda, antes de entrar en Verín, leva ata o castelo (2 km). Tamén se pode tomar a seguinte saída da A-52, Vilaza-Monterrei: a acrópole quedará a 6 km. Si se ven desde Castela e León ou desde Portugal, por calquera das vías principais, o camiño máis fácil é o que leva pola N-525 desde o barrio de San Lázaro de Verín cara o núcleo de Pazos, a 1 km, e ao final deste, por un desvío a dereita, a Monterrei.

Nada máis iniciar a subida pola estrada do castelo, cercados, como o propio promontorio, por todo tipo de viñedos e variedades -treixadura, mencia, godello...-, a sensación de estar chegando a un lugar especial vai tomando forma. Pero como é ese lugar? Contemos unha breve historia.

## Unha historia milenaria

As orixes da actual acrópole de Monterrei pérdense no tempo. Resultou sempre un lugar especial debido á súa estratéxica posición sobre o val. Hai probas dun importante poboamento castrexo anterior aos romanos, posiblemente dos tamagos, e da súa pertenza aos monxes do mosteiro de Celanova (a uns 60 km) desde o s. X.

Ante a independencia de Portugal do reino castelán-leonés a finais da primeira metade do s. XII, Monterrei, coñecido ata eses momentos como Castrum Baroncelli, comezará a tomar aires de fortaleza. A situación do val verinés, aberto cara as meridionais terras lusas, preocupa aos monarcas castelán-leoneses.

verín

cualedro

oímbra

vilardevós


castrelo do val

54 **monterrei**

laza

monterrei

## CONCELLO DE MONTERREI





Establécese un primeiro corpo de garda e, malia a oposición dos monxes de Celanova, temerosos de perder os seus dereitos, que lograrán manter a duras penas ata o s. XVI, lévase a cabo nos dous séculos seguintes –XIII e XIV– a construción do castelo. Os nobres galegos e a monarquía leonesa apostaron polo valor militar do conxunto.

Un dos episodios máis coñecidos e mitificados da Idade Media é a estancia de Pedro I o Cruel. Este rei castelán-leonés viviu unha temporada no castelo en 1366, procedente de Portugal, fuxindo, na disputa polo reino, do seu medio irmán Enrique II. A tradición popular conta, entre outras cousas, que Pedro I aproveitou para xacer coa dama do castelo. Descubertos, ela fuxiu en peregrinación a Terra Santa. Anos despois volveu como mendiga. Recoñecida, malia o seu gran deterioro físico, tirouse desde a muralla sur a unha zona lacustre coñecida como o Pozo Verde, onde morreu.

A finais do s. XV o conxunto recibe un novo impulso ao crear os Reis Católicos o condado de Monterrei, xa con determinados antecedentes desde comezos desa centuria.

## O CONDADO DE MONTERREI

O actual condado de Monterrei xurdiu en 1474 cando os Reis Católicos crearon e concederon o título ao nobre galego Sancho Sánchez de Ulloa (1442-1505) e á súa dona Teresa de Zúñiga, en agradecemento á fidelidade do primeiro. Sobresaen as figuras do terceiro conde, Alonso de Acevedo e Zúñiga, impulsor dunha frustrada universidade en Monterrei, e a do quinto, Gaspar de Acevedo, a quen o rei Felipe II, en recompensa pola súa axuda na defensa de Galicia ante os ataques do corsario inglés Francis Drake, o nomeou vicerrei de Nueva España, en México. Alí promoveu, en 1596, a exploración da baía californiana de Monterey e a fundación da cidade de Monterrey —actualmente a terceira de México, cun millón catrocentos mil habitantes—, lugares aos que se lle deu tal nome en honor á súa orixe nobiliaria. En 1716, ao morrer o sétimo conde sen sucesión, o título e a fortaleza pasaron a súa sobriña Catalina de Haro, que casa co duque de Alba, Francisco Álvarez, convertendo este o condado e o castelo nunha posesión máis do seu amplísimo patrimonio. Esta casa segue sendo a propietaria do título e de parte da fortaleza, cedida ao Estado para a súa administración. Actualmente o recinto é responsabilidade da Xunta de Galicia.

verín

cualedro

oímbra

vilardevós

castelo do val

laza

monterrei



Fachada exterior do Palacio dos Condes. Á esquerda, torre da Homenaxe. Á direita, torre das Damas



Nos s. XV e XVI, aínda que con evidentes altibaixos, o lugar de Monterrei vive un período de esplendor, curto pero intenso, que o converte en gran **centro da cultura renacentista** galega. O motivo foi o interese da monarquía e da nobreza galega do momento por potenciar a súa influencia.

Exemplo desta nova actividade é a instalación da primeira imprenta de Galicia, que en 1494 concluíu o **Misal Auriense**, o seu primeiro libro, e que tamén realizou obras tan relevantes como o *Misal Compostelano* (1495) e o *Breviario Auriense* (1496).

## O PRIMEIRO LIBRO DE GALICIA

Algo máis de corenta anos tardou en chegar a Galicia a imprenta deseñada por Gutemberg en Alemaña. Pero cando por fin chegou non o fixo a ningunha das urbes galegas. En febreiro de 1494 os impresores Rodríguez de la Pasera -de orixe asturiana- e Xoán de Porras -salmantino- rematan na pequena vila de Monterrei o primeiro libro impreso en Galicia. Foi o *Missale Auriense* —misal ourensán—, do que se conserva un orixinal en pergamiño exposto no Museo da Catedral de Ourense. Este incunable ten tamén relevancia por incluír as primeiras notacións musicais completas impresas en España. O Missale, de 182 páxinas e destinado á celebración da misa no bispado ourensán, é unha demostración do esplendor cultural de Monterrei por ese tempo. Cinco anos antes editárase na veciña Chaves o primeiro libro impreso en Portugal. Na exposición permanente de Monterrei amósase algún exemplo destas primeiras obras.

Resultou fundamental para este florecer cultural a formación humanista dalgún dos primeiros condes e o asentamento de tres ordes relixiosas: os franciscanos –os primeiros, desde 1302–, os mercedarios –desde 1484, ata que a primeiros do s. XVII se trasladan a Verín, onde continúan– e, sobre todo, os xesuítas, que se instalan en 1555 no espazo ocupado polo actual Parador de Turismo. Os xesuítas, traídos polo quinto conde de Monterrei, Acevedo e Zúñiga, grazas á súa amizade con san Francisco Borja, xeral da orde, serán os principais animadores culturais, a través do seu colexio, que chegou a ter uns mil alumnos.

verín

cualedro


oímbra

laza





vilardevós



Un dos libros da imprenta de Monterrei



Misale auriense (1494)



Exposición permanente de Monterrei

O rapidísimo crecemento deste centro docente levou a Acevedo e Zúñiga a intentar convertelo na segunda **universidade** galega, tras a de Santiago. Sen embargo as dificultades económicas fixeron imposible o soño, tan atrevido como revelador do dinamismo de Monterrei por aquel tempo.

Os seculares problemas de abastecemento de auga do lugar e o prolongado absentismo dos condes, que comeza xa a finais do s. XVI, fará entrar en crise á acrópole como centro cultural e poboacional. A expulsión dos xesuítas de España en 1767, enfrontados co rei Carlos III, simbolizará esta decadencia vital irreversible. O edificio do antigo colexio quedou abandonado ata que en 1965 se creou sobre as súas ruínas o Parador.

Un exemplo que evidencia as dificultades de consolidación de Monterrei ofréceo o impresor Rodríguez de la Pasera. Sinala en 1512 que a vila que circunda a fortaleza conta con 3 clérigos, dúas ou tres viúvas e 11 veciños, cando pouco tempo atrás tiña entre 250 e 300. Asegura que se foran vivir ao val (a Verín e á veciña Pazos). Os difícilísimos accesos ata o alto e a gran escaseza de auga, o que obrigaba a subila desde o val, son os principais motivos do abandono. Cos xesuítas, desde a segunda metade do s. XVI, volverá a incrementarse a poboación, pero nunca se consolidará.

Monterrei só logrará manter protagonismo como avanzada militar. Será nos s. XVII e XVIII, debido ás guerras hispano-portuguesas derivadas do afán luso por consolidar a súa independencia. Produciranse sucesivos enfrontamentos a un e outro lado da fronteira entre Verín e Chaves, que levan a reforzar e ampliar a súa estrutura defensiva.

A decadencia definitiva chega no s. XIX ao perder tamén o seu valor militar, co final das loitas hispano-lusas, e de espazo relixioso, ao obrigar a desamortización de Mendizábal (1836) ao abandono do xa minguado convento franciscano, o único que quedaba. O conxunto vaise deteriorar sen remedio e só algúns particulares seguirán resistindo nas casas que circundan o recinto. Nos anos sesenta do s. XX iniciouse a progresiva restauración do conxunto, ao tempo que a finais dos setenta os últimos veciños empezaron a abandonar o lugar, no que hoxe non reside ninguén.

## A acrópole

verín

cualedro

oímbra

vilardevós

castrelo do val

60 **monterrei**

laza

monterrei

Hai dúas formas de chegar á fortaleza de Monterrei: subindo en coche ata a explanada norte, pola que se accede ao seu patio de armas, ou camiñando desde a parte baixa, onde remata a estrada. A segunda opción é máis interesante ca primeira, ao permitir un acceso progresivamente revelador.



Patio de armas e Palacio dos Condes. Ao fundo a Torre das Damas



Camiño Real



Porta de S. Ignacio



Parador de Verín desde Monterrei

Xa que logo, se decidimos subir camiñando, o primeiro que nos vai sorprenden é a monumentalidade do conxunto, a visión das súas sucesivas barreiras defensivas.

Unha boa perspectiva obtense a carón do fermoso cruceiro alí situado. É de 1636, un dos máis antigos da comarca e de singular columna estriada. Nesta zona, contra o leste, obsérvase o muro da porta de San Ignacio -en honor ao fundador dos xesuítas-, a primeira de acceso á antiga acrópole.

O paseo das Damas, unha estreita calzada empedrada así denominada por rememorar antigos pasos señoriais, leva ata o recinto da fortaleza. Traspasada a primeira entrada, a mellor opción é deixar o paseo e subir pola esquerda ata a última e mellor conservada porta, un espléndido exemplar de arco apuntado e amplas doelas culminado co escudo da casa de Monterrei. Divídese este en catro partes que representan as armas das familias con poder sobre a fortaleza -Acevedo, Ulloa, Viedma e Zúñiga-, coroado coas dos Fonseca, tamén de gran influencia no castelo no s. XVI. Ao fondo, enmarcada pola porta que imos traspasar, chama a atención outra portada. É a do primeiro gran edificio histórico que nos sae ao paso.

## A fortaleza. Os seus espazos

Estamos ante o antigo hospital de peregrinos de Monterrei, ou hospital da Trindade, construído en 1391 polo abade Vasco Pérez posiblemente como complemento doutro anterior (1327).

Na famosa porta do edificio, románica de transición ao gótico, destaca o tímpano, con Cristo entre os catro evanxelistas representados ao estilo do tetramorfos, ou sexa, Marcos como león, Lucas como touro, Mateo como home e Xoán como agúa. A relevancia deste edificio, malia a súas escasas dimensións, ven dada por evidenciar a presenza histórica das rutas xacobeas na comarca, que é a que conta co maior número de quilómetros de camiños xacobeos en relación coas súas dimensións. O actual edificio, do que só se conservaban a portada e unha pequena parte dos antigos muros, reconstruíuse a finais dos noventa para ser utilizado como albergue para os novos camiñantes.

Desde o hospital, a visión que se abre é de interese desde calquera punto. Se imos pola rúa da dereita, gozaremos das casas da antiga vila da acrópole. Pola esquerda, subiremos ata a explanada sur das murallas. As torres da Homenaxe e das Damas sobresaen do conxunto, visibles desde o val, pero chegando a pé ao recinto impressiona sobre todo o seu fronte de murallas.

verín

cualedro

oímbra

vilardevós

castrelo do val

62 **monterrei**

laza

monterrei



Monterrei. Hospital de peregrinos



Fonte de Monterrei



Monterrei. Hospital de peregrinos





## UNHA MURALLA CONTRA PORTUGAL

Monterrei está protexido por unha triple muralla defensiva de remoto orixe medieval. Sobreviven, en distintos graos de conservación, a muralla, a contramuralla e o murallón que a longo dos s. XVII e XVIII se reforzaron e ampliaron debido aos frecuentes enfrontamentos entre os reinos español e portugués. Eran outros tempos. Destacan os canóns orientados cara o sur e, pola súa beleza, algunha vella garita. Tamén conserva distintos exemplos de foxos, estacadas, etc.

Xa sexa desde a zona das murallas ou desde a rúa á dereita do albergue, acabaremos subindo á explanada norte, onde se abre a porta de acceso aos edificios principais -palacio dos Condes, torres das Damas e da Homenaxe e igrexa-, distribuídos en torno ao patio de armas. O seu alxibe central, duns 14 metros de profundidade, ensombrece a súa historia utilizado en tempos pretéritos, en períodos de seca, como terrible lugar carcerario.

O palacio dos Condes edifícase a finais do s. XVI en estilo renacentista, con elementos anteriores, para residencia condal, cando o castelo perdera parte da súa cíclica transcendencia militar. Chaman a atención os seus lixeiros e relaxantes corredores de dous pisos cara o patio de armas e de tres polo sur do val. Están montados nos seus andares inferiores sobre arcos escarzanos -aqueles de curva inferior ao semicírculo-. A actual estrutura exterior é froito dunha rehabilitación realizada en 1962.

Unha parte do palacio condal acolle desde 2001 unha exposición dedicada ao Camiño de Santiago, ao patrimonio cultural da comarca verinesa e á historia e arte de Monterrei.

Unida ao palacio dos Condes sitúase, contra o sur, a torre das Damas, de finais do s. XIII ou primeiros do s. XIV. Contrasta coa lixeireza e aparente fraxilidade do pazo. É a construción máis antiga do recinto.

A igrexa de Santa María de Gracia, que pecha o flanco sur, naceu para resolver as necesidades de culto dos moradores do castelo e dos seus vasallos, residentes nas casas contiguas. De transición ao gótico (finais do s. XIII), presenta intensas fases constructivas e reformas posteriores. Destaca a realizada no s. XVII, cando se construíron a torre e a actual fachada.

verín

cualedro

oímbra

vilardevós


castrelo do val



Vista parcial das murallas de Monterrei



Restos da 'batalla' irmandiña



Interior do Palacio condal



A Atalaia de Monterrei

Santa María ten na portada lateral norte a súa entrada principal, situada nesta tesitura por ser a máis visible desde o patio, ao quedar a frontal oculta desde a mesma posición. É unha portada formada por un arco oxival de triple arquivolta no que sobresaia a intensa e difícil iconografía do tímpano, presidido pola imaxe de Cristo resucitado. Merece a pena alzar a vista para observar os canzorros da cornixa, con todo tipo de míticas e sinuosas figuras. Na ábsida, de sinxelas liñas cuadrangulares, chama a atención, entre outros complexos elementos iconográficos, una ventá con tres estrelas de David. Téñense relacionado cunha remota función máxica e protectora e con posibles influencias templarias.

No interior descubrimos un edificio dunha soa nave e cuberta de madeira. No s. XIV agregóuselle, no muro sur, a *capela dos Condes*, con dúas figuras singulares por pouco habituais, como son un anxo barbado e unha Virxe encinta e, sobre todo, o retablo pétreo da paixón de Cristo, peza única do gótico galego (s. XIV), formado por 12 escenas.

Para o final debe deixarse a *torre da Homenaxe*, tamén coñecida como de Don Sancho, o primeiro conde de Monterrei, que a mandou construír, rematándose en 1482. É a mellor do seu estilo en Galicia. De base cadrada e repleta de marcas de canteiros coas que estes fixeron visible o seu bo labor de construción, ten 22,5 m de altura. Remátase cunha cornixa sostida por ménsulas.

Desde a cima desta torre obtéñense as máis emocionantes e amplas vistas do val e das montañas que o circundan (Macizo Central ao norte, Larouco no sudoeste, Penas Libres polo sueste); do monte de San Salvador (699 m) en primeiro termo; da prolongada liña vexetal do río Támega; da interminable extensión do val cara Portugal, polo sur... Un universo enteiro desde o que poida que o dramaturgo *Tirso de Molina* (s. XVII), que residiu unha temporada no convento mercedario verinés, escribira que o de Verín era “un dos máis frescos vales e vista que hai en Galicia”.



Portada. Igrexa de Sta. María de Gracia

verín

cualedro


oímbra

laza

vilardevós



Retablo maior. Igrexa de Sta. María de Gracia. Monterrei




Retablo pétreo. Igrexa de Sta. María de Gracia



Torre da Homenaxe. Monterrei

## XOGOS DE ROL EN MONTERREI

As excepcionais condicións da acrópole de Monterrei como escenario histórico convertérona desde 2006 no marco dun xogo de rol con éxito. Máis de 500 mozos e mozas de toda España participaron en outubro de 2007 na segunda edición. As actividades duran dous días e rematan cunha batalla final —aberta ao público— no recinto do castelo. A convocatoria explica que “o excelentísimo señor arcebispo de Santiago de Compostela, Alonso de Fonseca e Acevedo, convida a todos a contemplar cos seus propios ollos a derrota definitiva das tropas irmandiñas a mans do exército nobiliario”. Mais non lle será tan fácil. O xogo, que leva por título *Irmandiños: a revolta*, celébrase na primeira fin de semana de outubro e recrea as lendarias loitas entre os campesiños galegos —os irmandiños— e os nobres que os oprimían, aló polo s. XV.



### Fin da visita

Xa extramuros, polo noroeste, a uns escasos minutos camiñando cara o monte de San Salvador, onde antigamente houbo unha capela con romaría, hoxe perdida, quédanos algunha visita máis. Para isto deixamos atrás o cemiterio da acrópole, que segue sendo utilizado polos veciños da Pousa, pertencentes á parroquia do castelo, e a carón do que se conservan algúns restos do antigo convento franciscano, e baixamos polo Camiño de Santiago. Un marco situado nunha bifurcación inmediata así o confirma: seguindo á esquerda, o Camiño, a 186 km de Santiago, marcha cara Xinzo de Limia; pola dereita, a Laza, a 178 km do mesmo destino.

Na bifurcación, un brevísimo desvío á esquerda lévanos á fonte (1664) da acrópole, un enorme tesouro nun lugar tan escaso de auga como era Monterrei. Por este motivo, e como avanzada defensiva polo flanco noroeste, levantouse uns 200 metros máis arriba, ao pé do monte San Salvador, a torre-fortaleza da Atalaia (1664). O lugar, de propiedade privada, é de acceso libre. Merece a pena: ofrece outra visión do núcleo central de Monterrei e do val.

verín

cualedro

oímbra

vilardevós

castrelo do val

68 **monterrei**

laza

monterrei



Desde a Atalaia podemos volver cara o paseo das Damas, para deixar o recinto pola estrada principal camiño da igrexa de Mixós, a través de Verín, ou seguir desde a bifurcación sinalada (Laza) por unha estreita e breve estrada, en pronunciado descenso, ata o devandito templo, o noso primeiro destino ao deixar Monterrei. Neste segundo caso, chegaremos á aldea da Pousa (1,2 km). Ofrece unha rica arquitectura popular que sobresaie na rúa da Fonte (na entrada, á esquerda). Un transparente e rehabilitado manancial convida a facer un alto. Seguindo ruta, desembocaremos nunha estrada que, á esquerda, a menos dun quilómetro, leva a Mixós.

Se imos pola estrada principal (7 km), podemos facer un alto no **Parador** de Turismo, que ocupa o antigo solar do colexio dos xesuítas. Construído en 1965 no chamado estilo rexional galego, reformouse en 2003. Conta con 23 cuartos. É a principal instalación hoteleira da comarca e ofrece excepcionais vistas sobre o val. A súa cociña ven indagando nas esencias culinarias da bisbarra, con pratos onde as castañas, os pementos e os demais produtos locais son un referente.

Outro lugar onde deterse, por esta ruta, descendendo cara o val, é a bodega Terra do Gargalo, do coñecido deseñador Roberto Verino. Produce tintos e brancos que son unha mostra das variedades da Denominación de Orixe.

## Parada en Mixós

A gran historia continúa polas terras do concello de Monterrei. E a igrexa de **Santa María de Mixós**, na aldea do mesmo nome, destaca como un exemplo sobresaínte. Prerrománica (s. IX-X) de estilo asturiano con influencias mozárabes, é, como o castelo, Monumento Histórico Artístico desde 1931.

Estamos ante o inmobile máis antigo da comarca e un dos máis antigos de Galicia. Reivindicada nos anos trinta con gran interese polo Seminario de Estudos Galegos e en pleno Camiño de Santiago, encóntrase medio encaixada entre as casas circundantes. Pero isto non fai que pase desapercibida para os buscadores de tesouros. A súa responsable sinala que preguntan por ela moitos estranxeiros –franceses, alemáns, xaponeses–.

Da súa estrutura orixinal conserva sobre todo a cabeceira cadrada, con tres ábsidas interiores con arcos de ferradura. O central conta con pinturas murais do s. XIV representando a Xesús e os evanxelistas. Da mesma época é a porta lateral, gótica, a de acceso principal

verín

cualedro

oímbra

vilardevós

castelo do val

70 **monterrei**

laza

monterrei



Igreja de Mixós



Mixós. Pinturas murais



Mixós. Portada



Mixós. Ara do deus Bandua



Mixós. Cabeceira



ao templo. Tamén sufriu reformas no s. XVI. Dúas aras romanas serven de base aos altares da cabeceira, unha delas —á dereita— dedicada ao deus indíxena galaico-ibérico Bandua. Mixós mantería trazas dalgún rito precristián sacralizado mediante o en tempos popular culto á Virxe do Leite que aquí se veu dando. O cemiterio, de misterioso encanto, conserva mostras do primitivismo do lugar. Mixós pertenceu, como o promontorio de Monterrei, ao mosteiro de Celanova.

Desde Mixós, a estrada, que vén desde Verín sen présas á beira do río Támega polos límites do val, leva case de inmediato ás poboacións **(D)** de Estevesiños—de novo, boa arquitectura popular— e Vences —restos romanos e gravados rupestres—.

### Igrexa de Santa María de Mixós PARA VISITAS

É necesario contactar coa casa situada en fronte da igrexa para podela visitar. Tamén os demais veciños colaboran nesta tarefa.

## Polo val e as terras altas

Desde Mixós, atravesando o barrio verinés de San Lázaro, a viaxe segue á localidade de Vilaza, unha das xoias do val. Pura historia. De camiño, distintas visións, segundo o momento do ano, dos viñedos e bodegas, que se concentran en gran número nesta zona. Por iso se estableceu aquí o Centro de Interpretación do Viño da comarca, que amosa distintos útiles da produción tradicional nas vellas adega artesás. Na ruta encontraremos con bodegas como Castro de Lorbazán e Fragas do Lecer, que se pode aproveitar para visitar.

### Centro de Interpretación do Viño PARA VISITAS

#### Enderezo

Vilaza, rúa do Progreso, 34

#### T

988418002 (Concello)

#### Entrada

Gratuita. Confirmar visita no Concello

verín

cualedro

oímbra

vilardevós

castrelo do val

72 **monterrei**

laza

monterrei



Vilaza. Pazos



Torre románica da igrexa de Vilaza



Vilaza. Río Búbal

Vilaza é o exemplo máis acabado de toda a comarca de localidade de tipo medio -505 habitantes- que soubo mesturar con gran acerto a arquitectura tradicional de raíz popular coas formas pacesgas da fidalguía rural. De orixe romana, os pazos (Espada, Limia, etc) e as casas brasonadas son os protagonistas de varias das súas rúas. Tamén merecen atención determinados elementos da arquitectura tradicional da zona que van ser unha constante na nosa viaxe, como os reloxos de sol e os petos de ánimas.

De visita imprescindible é a igrexa parroquial, barroca, con remotas reminiscencias templarias e, sobre todo, a súa belísima e singular torre exenta de orixe románica de necesaria visita. Un dos pazos (Espada) vén de converterse no establecemento de turismo rural O Retiro do Conde.

Iniciamos agora o camiño cara as terras altas de Medeiros (600-700 m). A outra cara de Monterrei. Avanzamos por unha lingua de terra do val que se vai estreitando cara o sudoeste. De camiño non os veremos, non están accesibles, mais debemos saber que entre Vilaza e Medeiros existen 7 castros, nun espazo de a penas 6 km.

Nada máis iniciar a ascensión a Medeiros, deixamos á dereita, case ao pé da estrada, os restos do antigo balneario de Requeixo (D), de orixe romana. As súas augas bicarbonatadas e sódicas (20,5°), utilizáronse na primeira metade do s. XX como remedio para diversos trastornos. Percíbese aínda a respiración dos tempos idos. De propiedade privada e de acceso case imposible en coche, a zona que circunda o vello balneario, á beira do río Búbal, o principal afluente do Támega, é dunha abrupta e intensa beleza natural que reclama unha segunda oportunidade.

Medeiros, localidade colgada na penachaira entre fincas de vides, aberta ao sol, é a gran terra dos **canteiros**. Os **cruceiros** que se observan desde calquera posición nesta pequena localidade, hoxe envolta nunha certa e imprecisa soidade que non deixa de emocionar, son a vella evidencia do seu labor. Medeiros é o *sancta sanctorum* dos cruceiros, que á súa vez son un dos sinais de identidade comarcal. Conviven con numerosos restos megalíticos, castrexos —Medeiros sería a capital da tribo dos bíbalos— e altomedievais que revelan un poboamento antiquísimo.

En fin, Medeiros, que case se podería chamarse 'Cruceiros'. Aínda sobreviven uns trinta, dos moitos que en tempos tivo a localidade. Hai exemplares desde o s. XVIII.

verín

cualedro

oímbra


vilardevós

castrelo do val

74 **monterrei**

laza

monterrei



Restos da necrópole de S. Salvador de Roza e cruzeiros de Monterrei

## CANTEIROS

A rica arquitectura popular da comarca verinesa tivo en Medeiros a moitos dos seus máis depurados artesáns, orixinarios tamén doutras zonas limítrofes. Colaboraron con eles en determinados momentos da historia canteiros de orixe vasco-navarra, quizais chegados a estas terras coa liña familiar dos Zúñiga do condado de Monterrei. Canteiros desta comarca percorreron Galicia coa garantía e calidade do seu traballo. Ao volver aínda tiñan tempo para realizar en ofrenda un cruceiro para o seu pobo. Desta tradición deriva unha boa parte dos moitos que sobreviven espallados polo sur desta comarca, algo non usual no resto de Galicia.

Dede Medeiros podemos achegarnos tamén ás inmediatas poboacións de San Cristovo e A Madanela (D). A primeira é outro reino da arquitectura popular destas altas e abertas terras. Mantense con dignidade entre as estreitas e empinadas rúas, malia recordar mellores tempos. Merece a pena ir ata a igrexa parroquial (s. XVII), no máis alto, deterse ante o vello pombal da rectoral ou ante o forno comunal, outra constante da arquitectura popular da comarca, e intentar percibir o mundo oculto. San Cristovo, como outras localidades ao pé da raia, conserva na súa memoria íntima historias de contrabandistas, da garda civil, do maquis. A guerrilla antifranquista tivo presenza nestas terras na que nalgún momento se ocultou tras intentar sabotar as minas de wolfram que os nazis pretendían controlar na comarca. San Cristovo marca, por certo, a invisible liña entre a zona do viño máis artesanal e a integrada na Denominación de Orixe Monterrei. Á saída desta localidade, un desvío á dereita leva ata A Madanela (2,3 km), que desde as súas despexadas e solitarias alturas ofrece unhas espectaculares vistas sobre gran parte da comarca.

De novo en Medeiros, a ruta continúa á poboación de Flariz. De camiño, volve asomar a historia máis recia: a necrópole alto medieval (s.VI-IX) de San Salvador de Roza (D). Durante unhas obras realizadas na pequena capela do lugar, apareceron varias laudas sepulcrais conservadas desde aquela a carón do templo.

verín

cualedro

oímbra

laza

vilardevós



Igrexa de Flariz



Santuario da Caridade

Polas altas terras de Flariz elévanse na distancia as finas liñas da esveltísima torre da súa igrexa (s. XVIII). Sen sela, hai algo da paisaxe castelá na visión. Ao chegar, a sensación é a de estar ante un dos produtos máis refinados dos canteiros da zona, dirixidos polo mestre Manuel Louriño. Coa de Vilaza, é a segunda gran torre de igrexa da comarca.

E visible desde Flariz, case dándolle a man, o lugar de Sandín, con boas castañas e castiñeiros centenarios. Separadas por un leve treito de rectilínea estrada (1,2 km), estas localidades celebran cada 15 de xaneiro, na capeliña de San Sebastián e no seu rehabilitado contorno —á entrada de Sandín por Flariz—, unha singular e concorrida festa de fomento das boas relacións.

De Flariz á Salgueira, onde nos desviamos agora ao [santuario da Caridade \(D\)](#). Son 2 km de subida espectacular: as casas dan a sensación de estar penduradas do teito do monte. A Caridade é un dos dous máis populares santuarios da comarca, xunto co dos Remedios (Verín). A igrexa, moi no estilo da de Flariz, álzase na explanada da praza do Sagrado. No seu lateral norte, unha espectacular fonte con certos aires barrocos, con lavadoiro e un pequeno souto. E por todo o lugar, e no máis íntimo dos fieis, o dicir da tradición que deu lugar a este santuario. Unha condesa de Monterrei quedou cega e o seu marido prometeu que construíría unha igrexa onde recobrase a visión. Ese lugar foi A Caridade. Na súa fonte os romeiros lavan desde aquela os ollos, para salvalos de calquera mal, no día grande da romaría (o luns despois do segundo domingo de Pentecoste). Tense apuntado unha conexión precristiá entre este santuario, o dos Remedios e o desaparecido do monte de San Salvador.

Volvendo do santuario diversos sinais convidan a unha parada na singular e inmediata bodega Crego e Monaguillo, e a ruta, baixando cara o val, a gozar da paisaxe, que pronto se abre a unha perspectiva inédita. Merece a pena buscar un lugar para deter o coche e contemplar. Un anfiteatro único, coa outra raia, a da autovía, en primeiro plano ao fondo, o castelo de Monterrei sobre un pedestal e, máis alá, a serra do Invernadeiro. Imprescindible.

Descendemos cara a [Albarellos](#) (500 habitantes), no val, sede da Casa do Concello de Monterrei, desde a creación dos concellos modernos en 1835. Ata daquela estivera na acrópole. Foi un signo máis da decadencia definitiva da antiga fortaleza e o seu contorno. Zona de servizos, as vellas rúas de Albarellos conservan construcións fidalgas e todo tipo de exemplos de arquitectura popular.

Camiño xa de Cualedro, pola N-525, podemos facer un mínimo desvío á poboación de [Infesta](#), sinalizada a 1,1 km da saída de Albarellos. Nun angosto extremo do val, á beira do ramal de Xinzo do Camiño do Sueste, destaca pola súa igrexa, que semella colgada na montaña, mesmo sobre a localidade. É unha xoia de orixe románica reconstruída no s. XIX e recentemente restaurada.

verín

cualedro

oímbra

vilardevós

castrelo do val

78 [monterrei](#)

laza

monterrei

**cualedro**  
a historia

monterrei

verín

CUALEDRO

oímbra

laza

vilardevós

castrelo do val

monterrei

monterrei

verín

CUALEDRO

oímbra

laza

vilardevós

castrelo do val

monterrei

monterrei

verín

CUALEDRO

oímbra

laza

vilardevós

castrelo do val

monterrei

monterrei

verín

CUALEDRO

oímbra

laza

vilardevós

castrelo do val

monterrei



## No camiño máis remoto

Para completar a historia esencial da comarca resulta imprescindible o concello de Cualedro. Nel a historia máis remota, a das orixes, xorde con toda a forza. En Albarellos saímos á N-525, que —fagamos ou non unha parada en Infesta— nos levará á capitalidade de Cualedro en poucos minutos por unha pronunciada subida.

Pero antes de tomar a dirección á capital municipal, propoñemos dous desvíos. O primeiro lévanos desde o alto das Estivadas —á dereita— ao conxunto de **muíños das Mercedes (D)**. Son 5 muíños, sobre o río Baldriz, afluente do Támega, que se diseminan por unha ribeira que descende entre un paraxe de castiñeiros e bidueiros cara a localidade. Están en proceso de formar unha singular área etnográfica da cultura da auga duns 300 metros de lonxitude.

Seguindo a ruta desde Albarellos á capitalidade municipal, sen a alternativa citada, a estrada a Cualedro vai transitar por diante de dous **miliarios** anepígrafos —sen información gravada— da vía romana secundaria que unía a gran cidade romanizada de Chaves (Portugal) con Xinzo de Limia. Seguía, tras deixar Oímbra, un percorrido semellante ao da actual autovía A-52; de feito estes dous exemplares apareceron durante as súas obras de construción, nos noventa, a uns 150 m de onde hoxe están colocados e expostos con información explicativa.

Preto destes miliarios de Lamas está o segundo posible desvío: vai á localidade de **Montes (D)** —220 habitantes— e á súa igrexa de Santa Baia (s. XVII), co que é quizais o mellor exemplar de reloxo solar —un sol con rostro humano de reminiscencias mitolóxicas— dos moitos da comarca, unha fermosa torre románica e un colorista retablo de estilo rural. Completan o conxunto unha gran fonte e un cruceiro.

De volta de Montes, xa pola estrada en dirección a Cualedro (5 km) a paisaxe imponse. Imos sobre o lombo dunha estreita franxa de terreo que nos permite contemplar á dereita a depresión da Limia e á esquerda as ladeiras que baixan cara o val de Verín. Viáxamos polo extremo sur galego, cara Portugal, cara a **serra do Larouco**, que se fai cada vez máis evidente, máis impresionante, salpicada de aeroxeneradores. O seu perfil, moi definido e que marca os límites das cuncas do río Miño —á dereita— e do Támega e o Douro —á esquerda—, vai medrando de norte a sur ata alcanzar a máxima altura no monte Farrello (1397 m). A veciñanza coa comarca limiá, centro da Denominación de Orixe Pataca da Limia, á que Cualedro pertence, fai destas terras as mellores produtoras deste tubérculo na comarca verinesa. A variedade referencial é a kennebec e a zona de cultivo vai desde o norte ao sur do concello, paralela á ruta dos castros.

monterrei

verín

oímbra

vilardevós

castrelo do val

80 **cualedro**

laza

cualedro



Muiños das Mercedes



Lamas. Miliarios



Igrexa de Montes. Exterior e interior



Montes. Reloxo de sol



Igrexa de Vilar de Lebres



A Saceda. Ao fondo, a serra do Larouco

Antes de nos asentar por uns momentos en Cualedro capital, unha nova e rápida proposta: a igrexa de Vilar de Lebres (D), no concello de Trasmiras, unha auténtica xoia do románico rural, como a ten cualificado o historiador Antonio R. Colmenero. Destacan a súa portada e os canzorros das fachadas laterais. Está sinalizada no centro da localidade, en dirección a Xinzo.

Cualedro —310 habitantes, a 830 m de altitude—, malia non ser o principal núcleo urbano do concello —supérao A Xironda— é a capital. Isto débese en boa medida á súa posición equidistante entre a zona norte e sur deste concello que se estende, como o Larouco, por una estreita franxa de terra cara Portugal.

Antes de visitar o Centro de Interpretación dos Castros, un apunte para unha das tradicións máis arraigadas da localidade: o Carnaval. Se en Laza e Verín esta celebración é esencia, o Entroido de Cualedro foi, xunto co da Xironda, moi destacado en tempos non distantes, ata que o franquismo e o empuxe dos concellos veciños case rematan coa tradición. Recentemente, a partir das testemuñas dos máis vellos e dos traxes conservados, iniciouse a recuperación. E empezan a reclamar unha visita.

Se A Xironda, ten nas 'mázcaras' o seu principal personaxe, Cualedro capital cumpre o rito co 'zarramanculleiro', cuxo nome sería unha deformación da zamarra (látego) típica do Entroido da comarca. Moi semellante a súa vestimenta á do cigarrón de Verín, o zarramanculleiro diferénciase daquel porque a súa máscara vai adornada con motivos vexetais e a chaquetiña cun gran rosetón na parte posterior. Tampouco levan pano ao pescozo, como en Verín, entre outras pequenas e sutís diferencias.

O Centro de Interpretación dos Castros é punto natural de partida para entender o patrimonio deste concello, o máis relevante da comarca cando da historia máis distante se trata. O concello de Cualedro conta cuns 50 xacementos arqueolóxicos

Centro de Interpretación dos Castros PARA VISITAS	
Enderezo	Cualedro, avenida de Portugal, 35.
T	988424004 (Concello).
Entrada	Gratuíta. De luns a venres: 8,30-14,30 h

monterrei

verín

oímbra

vilardevós

castrelo do val

82 **cualedro**

laza

cualedro




Zarramanculleiro



C. I. dos Castros. Cualedro



Xacemento romano de Santa Marta (Lucenza)



Turismo rural na Xironda

dos que 7 son castros. Os máis relevantes son os da Saceda e San Millao, en proceso de formar parte da escasa vintena de castros galegos declarados BIC (Bens de Interese Cultural), e o xacemento romano de Lucenza. Os tres nos quedan de camiño ao sur e os tres viviron o seu período de esplendor contra os séculos I a.C.-I d.C. A Saceda e San Millao son, ademais, decisivos para entender a cultura castrexa da Galicia meridional, caracterizada por complexos sistemas defensivos.

Pola estrada dos castros e de Portugal, pouco despois de Cualedro, a serra do Larouco realiza a súa chamada. É difícil non deter a vista nas impresionantes formacións graníticas que a culminan. Podemos responder agatuñando pola estrada que a 3,4 km da capital se desvía ata a cima (D) xusto antes de Lucenza, á dereita. Está asfaltada só no primeiro km e sinalizada cos indicadores do parque eólico do Larouco. Leva ao conxunto granítico da *Pena da Muller* (950 m de altitude). Nel salta á vista, entre outras, a forma antropomórfica dunha dama de liñas un tanto picassianas xurdida do material máis nobre da comarca: as bolas graníticas da serra, froito da diaclasió —fractura— das rochas como consecuencia dos movementos tectónicos que no terciario configuraron a zona. É un dos máis evocadores conxuntos graníticos galegos.

Moi preto, no mesmo Larouco, 300 m antes, o *neveiro do Pozo dos Mouros* (s. XV) resulta un exemplar único na comarca. Dá conta da ilimitada capacidade do ser humano para imaxinar e aproveitar recursos alá onde se atopen. Merece a visita: non deixará indiferente. Apréciase de xeito nítido a súa estrutura e profundidade (3 m), destinada a conservar o maior tempo posible a neve dos cumios do Larouco para abastecer de xeo no verán á corte dos condes de Monterrei, a quen pertencía.

## UN CUBATA PARA RICOS

**Son relativamente frecuentes os neveiros en Galicia. Coñécense exemplos sobre todo nas serras do sur. E están case sempre relacionados cuns cantos destinos esixentes e de gran poder económico que desde os s. XV-XVI inician un refinamento dos costumes. É o caso dos neveiros que abastecían ao clero máis sibarita da catedral de Santiago e do aquí citado, destinado ao pazo condal de Monterrei. A finalidade deste xeo natural era a preparación de bebidas, xeados, etc. As abundantes nevadas e as temperaturas máis extremas daqueles séculos axudaban á conservación. O verán era o momento preferido para consumilo. O xeo transportábase en carros tirados por bois ou vacas ata o seu destino.**



Conxunto granítico da Pena da Muller. Serra do Larouco



Neveiro do Pozo dos Mouros. Serra do Larouco



Xa de novo na estrada, en Lucenza, núcleo de casas tranquilas e silenciosas, reclama a atención o xacemento de Santa Marta. Foi unha vila romana de notable importancia, como o evidencian as estruturas descubertas e a lauda sepulcral de Vermudus, un crente do s. VI que evidenciaría unha temperá cristianización da zona. É o xacemento romano máis coñecido e importante da comarca.

## A ruta dos castros

Santa Marta é só un adianto do que vai vir: os castros da Saceda e San Millao. Representan a culminación, na súa parte máis remota, da historia grande da comarca.

### OS CASTROS

A cultura castrexa ten en Galicia, Asturias e o norte de Portugal o seu espazo con maior diversidade e relevancia, e foi a propia desta ampla zona entre o ano 1000 a.C. e o século I d.C. O seu período de esplendor produciuse nos séculos I a.C. e I d.C. As comunidades castrexas instalábanse en espazos con gran dominio visual do territorio circundante, por motivos defensivos, e próximas a zonas de rendibilidade agrícola e gandeira, así como a vías de paso. Os castros tiñan forma circular, o mesmo que as pequenas casas de pedra, que en etapas posteriores chegaron a ser tamén de estrutura cadrada ou rectangular. En gran medida independentes unhas comunidades das outras, mantiñan relacións regulares e un certo modelo de dependencia e organización entre castros próximos. Os castros representan a primeira cultura urbana de Galicia.

A uns escasos 200 m da estrada, á dereita, percíbese a liña rotunda do castro da Saceda (800 m de altitude).

Chaman a atención a distancia os seus recios muros defensivos. Xa estaría habitado no s. V a.C., e sobreviría ata os primeiros momentos do s. I a.C. Pouco romanizado e relacionado coa tribo dos bíbalos, está pechado por un conxunto de murallas defensivas e de contención do propio terreo que o definen e caracterizan.

verín

monterrei

oímbra

laza

vilardevós



Castro de San Millao (dereita e esquerda)




Castro da Saceda



Retablo. Igrexa da Xironda



Forno comunal. A Xironda



Prantas dos castros da Saceda (esq.) e San Millao. Fonte: Bruno Rúa



Cara ao leste, o sistema de defensas refórzase con fosos e unha porta de acceso formada por dúas rochas en posición vertical. Esta parte sería a mais antiga, como o evidencian as vivendas de planta circular. Da última etapa, obsérvanse cabanas con muros de pedra cunha altura de 80 cm, coas cociñas no exterior. Apareceron restos de sementes de fabas, centeo, trigo e nabos. Tamén se acharon moedas romanas de prata e fragmentos de cerámica.

De volta do castro, un levísimo zunido suplanta ao aire: ven do outro lado da estrada. Son as aspas dos aeroxeneradores do Larouco, que nos van acompañar durante varios quilómetros, máis alá da Xironda, o seguinte destino.

Na Xironda hai que buscar os que son quizais os mellores exemplos da comarca en dous dos elementos máis característicos da súa arquitectura popular. Referímonos ao famoso peto da Virxe do Carme, onde se abrasan nas chamas do purgatorio os que algúns consideran un bispo e un papa, e ao seu gran forno comunal, cunha fermosa cuberta de laxas de pedra e contrafortes. A igrexa parroquial (s. XVII-XVIII) conserva un excelente retablo, obra do mercedario verinés Pedro Pascual García. A localidade, que hoxe ten uns 350 habitantes, coñeceu tempos máis espléndidos, grazas á súa proximidade á raia, tanto a oficial —contou con alfándega— como a extraoficial, a do contrabando —tabaco, café, plátanos, bacallao...—. Dispón de oferta de turismo rural, a Casa do Cruceiro, na praza da Picota.

Na Xironda ben merece un desvío [Vilar de Perdizes \(D\)](#), a 6 km. Elixio Rivas, gran estudoso xacobeo, conta que grupos de portugueses enlazaban co Camiño de Santiago por esta localidade e A Xironda, aínda que hoxe esta ruta non está recoñecida. Avanzamos por un case ideal espazo montesío de soidade e silencio absolutos, rotos só por algún regato, algún paxaro... Ata que de pronto nos encontramos nun alto de luz e vistas espléndidas, e nel, unha luminosa localidade e un luminoso cemiterio, case alegre. É Vilar de Perdizes. E estamos en Portugal. Outro país. E ninguén nolo remarcou. En fin. Pintoresco. Distinto. Para os que non buscan. Para os que encontran.

Xa de volta, agárdanos o [castro de San Millao](#) ou de San Millán (720 m de altitude, s. II-V d. C.). De novo para ir ata el, soidade, alturas montesías e unha breve pista de terra. E ao chegar, un mundo de pedras repletas de historia circundadas por un leve regato de montaña, o Castro. Como sucede na Saceda, o seu sistema defensivo é o máis característico. Conserva reveladores restos das grandes murallas imponentes á vexetación que loita por ocultalas. Cualificadas estas por algún historiador como ciclópeas, polas súas antigas proporcións e o tamaño dalgúns bloques, desta-

monterrei

verín

oímbra

vilardevós

castrelo do val

laza

cualedro



Peto de ánimas. A Xironda

ca tamén a gran extensión de 'pedras fincadas' verticais coas que contou para fines defensivos, das que se conservan distintos exemplos e que son características desta zona meridional galega.

San Millao estivo vinculado a unha ruta de comunicación e a criadores de gando. O achado máis coñecido nel descuberto é unha falera romana (unha especie de broche) moi ben conservada. É de bronce (10x9 cm) e está no Museo Arqueolóxico de Ourense, como outras significativas pezas arqueolóxicas da comaraca. Apareceron tamén restos de útiles metálicos, nalgún caso destinados á gandería, muiños circulares e cerámica. Os veciños da zona, fieis á mítica dos castros como misteriosos espazos urbanos dun tempo ignorado nunha Galicia tan rural durante séculos, aluden a el como a 'Cidá do Castro' ou 'Cidá de Grou', como se coñece a zona onde se sitúa.

Desde San Millao a gran historia da comarca verinesa vaise converter na historia e as historias da xente, a que fixo os camiños da memoria máis recente e intensa que identifica a estas terras. Imos empezar a vivila polas xa inmediatas terras de Oímbra.



monterrei

verín

oímbra

vilardevós

castrelo do val

90 **cualedro**

laza

cualedro

**oímbra**  
rutas e historias

monterrei  
verín  
CUALEDRO  
oímbra  
laza  
vilardevós

monterrei  
verín  
CUALEDRO  
oímbra  
laza  
vilardevós

monterrei  
verín  
CUALEDRO  
oímbra  
laza  
vilardevós

monterrei  
verín  
CUALEDRO  
oímbra  
laza  
vilardevós

castrelo do val

monterrei

castrelo do val

monterrei

castrelo do val

monterrei

castrelo do val

monterrei

## Xentes da raia, pementos, fachucos

A estrada convida á calma. Veciños no labor, moitos deles maiores, ás portas do silencio e a luz, mínimas fincas de cultivo divididas por fermosísimas paredes de vella pedra, artesanía do agro, do viño, espectaculares penedos agatuñando pacientes polos montes. Internámonos nas terras altas do sur do concello de Oímbra. É un territorio que se percibe como abrazado pola raia, a través dos límites das cámaras municipais lusas de Montealegre e Chaves. Como sucede desde A Xironda, pero desde aquí con máis evidencia, a fronteira con Portugal, imperceptible no seu sentido máis humano, cerca, como a un cabo de mar, as terras ao sur deste concello. Localidades como Videferre e Bousés conviven en harmonía e nunha discreta existencia cos seus veciños lusos. Xuntos tecen desde tempo inmemorial as historias e os camiños compartidos que nos van acompañar. Desde agora, a raia vixía tranquila, case indiferente, pero vital e mítica, o noso percorrido, e así seguirá ata que deixemos atrás o concello de Vilardevós.

Chegamos a Bousés, tras pasar por Videferre e a súa igrexa parroquial con notables imaxes, entre as que destaca unha Piedade do s. XVI do mestre de Sobrado. A igrexa de Bousés é unha das máis fermosas da comarca. Queda cara o alto da localidade, subindo entre millo nos corredores, entre xente que entende que sempre hai algo que falar, polas rúas do Pao do Ferreiro ou do Forno. É unha igrexa (s. XVII) renacentista, con certos aires barrocos, dunha beleza que serea espíritos. Son admirables os seus tres retablos laterais (s. XVIII) e sorprende a súa composición externa cunha torre dunha laboriosa vistosidade que a sitúa entre as máis significativas da comarca, xunto coas citadas de Vilaza e Flariz. Dos perpiaños case perfectos das fachadas van xurdindo pequenos milagres do xeito máis natural: longuísimos pináculos, delicadas esculturas, o reloxo del sol, o tempo. Sorprende tamén o seu cemiterio, presidido por un cruceiro de coidadas proporcións.

Na busca do val e de Oímbra capital, estas terras convidan, sen embargo, ao desvío constante. Por exemplo, o que leva desde Casas dos Montes (D) —os viñedos máis altos do noroeste español, vistas ao infinito— á Granxa —de novo reveladoras manifestacións de arte popular— e á aldea das Chas. No seu bico, seguindo un breve camiño peonil que semella acabado de xurdir dunha natureza primixenia, a minúscula e fermosa capela de San Antón, recentemente restaurada, con romaría en xuño en honor a este santo. Merece unha visita. Terra de vellos muíños, As Chas contén tamén a máis fermosa zona do curso do río Búbal, xunto coa de Requeixo e Vilaza (Monterrei).

monterrei

cualedro

verín

vilardevós

castrelo do val

92 oímbra

laza

oímbra


Desde As Chas, descendendo durante medio quilómetro por unha pista de terra, chégase ao encoro da minicentral de Requeixo, situada algún quilómetro máis adiante. O Búbal baixa desde as ladeiras



Igrexa de Bousés (dereita e esquerda)



Igrexa de Bousés



Igrexa de Bousés



Vistas desde o santuario de Santa Ana

da serra do Larouco ata o val verinés para desembocar no Támea, do que é o seu principal afluente galego. Desemboca no lugar do Rosal (Oímbra). O seu nome sona a lenda: deriva da tribo castrexa dos bíbalos ou ‘bubali’, habitantes da súa cunca na época castrexa obrigados polos romanos a traballar como escravos na construción da ponte romana de Chaves. A través do salvaxe e solitario canón que o río construíu desde o encoro en diante case os podemos imaxinar aínda polo lugar. Desde aquí, localidades como Medeiros semellan cabalgar sobre o empenado ventre do altiplano. Queden onde queden, case todos os pobos semellan ‘pobos colgantes’. Só hai que buscar a perspectiva.

Tampouco deberíamos perdernos o desvío que leva á capela e ao miradoiro natural de *Santa Ana (D)* a 660 m de altura, ro-tundo dominador do val verinés, desde a acrópole de Monterrei ata máis alá da raia, desde as terras altas ata o extremo do Larouco. É unha das máis completas e alegres vistas da comarca e o marco da principal romaría de Oímbra, cada 26 de xullo, desde que aló polo s. XVI se construíu a capela para agradecer á santa que os veciños de Oímbra se salvaran, refuxiados neste lugar, da persecución dos exércitos portugueses. Chegamos ata a breve cima de Santa Ana por unha paisaxe case transparente, entre viñedos de altura e unha luz que —dinnos pola zona— é case sempre así: imparable. No contorno, restos dun antigo castro cristianizado (s. III-IV) e dun posible eremitorio altomedieval.

Un último e mínimo desvío, se nos parece: o que medio quilómetro antes de rematar o descenso a Oímbra capital leva —á esquerda— á fonte do *Carregal (D)*, que brota cun leve fluír entre penas graníticas a uns pasos da estrada. A súa auga mineiromedicinal, que corre libre monte abaixo, utilízase como remedio para enfermidades do aparato dixestivo. A rebuldeira memoria da xente conta que grazas a estas augas os soldados feridos nas loitas cos portugueses no s. XVI curaban de xeito case milagroso. É outra historia da raia e do sentir e vivir compartido das súas xentes.

Oímbra, con 420 habitantes, acaroadada ao monte, sobre o val, é a capital do concello. A uns 5 minutos de Verín e a un paso de Portugal, estaba poboada polos aobrixenses —deles derivaría o seu nome— á chegada dos romanos, que se instaloron nela polo seu excepcional clima e fertilidade. Quedan distintos vestixios espallados pola zona. Pero a historia local tamén se construíu con outros reveladores argumentos. Para comprobalo o mellor é internarse polas súas rúas.

Seguindo os indicadores que levan aos barrios do Castelo e a Igrexa descubriremos os restos da antiga fortaleza, así como unha arquitectura popular notable. Os conflitos con Portugal nos s. XVI e XVII, que as xentes da zona se limitaron sobre todo a padecer, deixaron os seus rastros, como

monterrei

cualedro

verín

vilardevós

castrelo do val



Calzada medieval á igrexa de Oímbra



Oímbra



Reloxo de sol. Igrexa de Oímbra





vimos hai un momento, entre eles os vestixios das vellas torres defensivas, destruídas polos exércitos lusos no período citado.

Algo máis arriba, á dereita, unha **vella calzada** de posible orixe romana e feita medieval leva, nun trazado duns 150 metros cada vez máis empinado, ata a igrexa parroquial. É un itinerario imprescindible polo seu valor patrimonial e paisaxístico, en perfecto estado de conservación tras a súa restauración polo Obradoiro de Emprego local en 2004, e por culminar ante a igrexa parroquial de Santa María, datada en 1634, pero con restos románicos.

No seu interior, o templo conserva retablos rococós e barrocos, unha singular custodia (s. XVII) e unha curiosa capela adxacente cunha estrutura de aires barrocos ben visible desde o exterior. Pero sobre todo chama a atención a situación do templo, axustada a un leve saínte do pedregal do monte contra o que se arrima Oímbra. O contorno e as vistas sorprenden por inesperados, e recompensan de sobra a subida. Recíbenos o reloxo de sol da igrexa.

O excelente microclima de Oímbra converteuna en lugar de repouso dos condes de Monterrei (s. XVII-XVIII). Na praza e rúa Maior, tamén cara a parte alta da localidade, quedan evidencias dun antigo palacio condal e a capela que formaba parte deste conxunto. Hoxe, sen embargo, a súa historia escríbese con outros trazos. Por exemplo, cos da prodixiosa horticultura, na que sobresa o pemento autóctono, no punto máis alto de calidade en Galicia e, por suposto, co do seu vitalista Entroido, distinto a case todos e chegado tamén de cabalgar no tempo. Imprescindible Oímbra polo Entroido e cando agroma incesante a súa horta.

O **Entroido** local, en constante progresión, é xa o terceiro da comarca, tras os de Laza e Verín. E diferente a estes. Concéntrase sobre todo no luns e martes de Carnaval. No chamado ‘luns de bodegas’ os veciños da zona percorren as cavas das casas do pobo —hai máis dun cento— bebendo, comendo e bailando sen descanso. É unha experiencia diferente, onde o único límite pono cada un e, por veces, a necesidade de escapar ás carreiras cando alguén aparece cun caldeiro repleto de formigas que lanza sen contemplacións, como corresponde á data, a cantos se cruzan no seu camiño.

Máis sorprendente é aínda o día seguinte, martes, na ‘**noite de fachucos**’, cando Oímbra se enche da luz primixenia da festa, con centos de fachos acesos polas rúas. A lectura de satíricos entremeses complementa este día grande. A veciña localidade de San Cibrao, a onde viaxamos de contado, celebra tamén esta festa na súa emblemática praza das Vidreiras.

monterrei

cualedro

verín

vilardevós

castrelo do val



Noite dos fachuços. Óimbra

## A NOITE DOS FACHUCOS

Longos fachos individuais de palla destinados a dar luz á escuridade máis atávica. Sería unha forma de resumir o ‘martes de fachucos’ de Oímbra. Pero seguro que é só unha forma, porque esta celebración figura entre as que non deixan indiferente a ninguén. Ao caer a noite, coas luces das rúas apagadas, veciños e veciñas, acompañados cada ano de máis forasteiros, prenden lume a todos os fachos camiño da praza de Oímbra, onde rematará o lume coa queima do ‘Entroido’. O espectáculo, de raíz ancestral relacionado cos ritos das estacións e o mundo agrícola, é sen dúbida a noite máis diferente de Oímbra e quizais da comarca.

### O país do pemento

Oímbra ten —diciámolo— outro momento grande. É a Feira do Pemento, iniciada en 1998, e que cada primeiro domingo de agosto reúne a milleiros de persoas do noroeste peninsular. Festa de homenaxe ao máis sobranceiro fillo da horticultura local, o pemento de Oímbra, quere sela tamén de recoñecemento ao resto da produción local, que grazas aos esmerados coidados e microclima confirmouse nos últimos anos como unha das de máis calidade de Galicia.

O pemento ten aquí longa tradición. É o resultado da selección das mellores sementes e da súa adaptación ás condicións climáticas e edafolóxicas desta parte do val de Verín. Comercializado en distintos mercados galegos e do exterior,



monterrei

cualedro

verín

vilardevós

castrelo do val



aínda é posible —e aconsellable— ir a Oímbra e preguntar en calquera casa, en temporada, entre xuño e setembro, ‘se hai pementos’.

Pódense e débense degustar da forma máis tradicional e intensa en sabor: fritos —cando están verdes— ou asados con leña —ao volverse vermellos—. Tamén combinados con carnes e peixes como o bacallao. Pero hai outras opcións. Restaurantes da comarca ofrecen novos pratos con el como base. Non é mala forma tampouco participar no xantar colectivo que se celebra o día da Feira, cando as cociñeiras e cociñeiros locais poñen o mellor da súa creatividade para concibir novos usos e preparacións.

## UN PEMENTO DE DENOMINACIÓN DE ORIXE

**Distínguese o pemento de Oímbra pola súa cor clara —unha especie de verde auga— entre xuño e agosto e por un encarnado luminoso desde finais de agosto ata o remate da temporada, entre mediados e finais de setembro. Destaca tamén pola súa pel lisa e fina e o seu tamaño considerable: alcanza unha lonxitude media de 10 cm e un peso que supera os 100 gramos. A súa grosa carne é dun sabor que non se esquece: suave e profundo, espallando aromas. Está en proceso de obter a Denominación de Orixe da Unión Europea e o seu prestixio e produción medra de ano en ano, indo camiño do millón de quilos anuais. Son os datos esenciais deste produto, unha das dúas grandes variedades galegas do pemento, xunto co de Arnoia, e a que ofrece mellores calidades, unha vez que se volve encarnado, para asar.**



monterrei

cualedro

verín

vilardevós

castrelo do val

100 **oímbra**

laza

oímbra



Río Támea. Oímbra



San Cibrao. Oímbra



Cruceiro de San Cibrao

## As outras estrelas da horticultura

Tras o pemento, as estrelas da horticultura de Oímbra sucédense, e cada temporada chegan, como os pementos, aos máis diversos mercados. É o caso do prestixio logrado polas cebolas, leitugas, repolos e verzas, e o que teñen cada vez máis as cenorias, os allos, os tomates. Desde Oímbra resolven en gran medida as necesidades destes produtos en boa parte da provincia ourensá. Tampouco se poden esquecer as castañas e as patacas das terras altas e medias.

...E o viño. As súas terras altas son parte esencial da Denominación de Orixe Monterrei, con algúns dos viños de máis calidade da comarca. E tamén unha notable produción de viño artesanal de variedades como dona branca e xerez —branco— e grao negro e alicante —tinto—, imprescindible nos ‘luns de bodegas’.

Houbo en tempos produción de tabaco e, ata os anos corenta, de aceite de oliva, como noutras áreas da comarca. Consérvanse varios vellos muíños e hai planes para a recuperación deste cultivo. En definitiva, unha antiga e silenciosa sinfonía de cores e sabores compartida con quen se achega a estas terras e —como dicimos referíndonos ao pemento— pregunta e fala.

## Cara ao Lagar dos Mouros

Desde Oímbra capital viaxamos á case inmediata localidade de [San Cibrao](#), tamén no val. Alí, ademais dunha localidade de antiga e recia arquitectura tradicional, agárdanos un [cruceiro](#) situado entre os máis relevantes da diocese de Ourense. Obra de 1754, mandada facer por un tal Francisco Crespo, representa unha Piedade de gran delicadeza na que impresiona sobre todo a contida expresividade da Virxe. É ademais un cruceiro vivo como poucos. As flores e as actitudes de recollemento a carón do seu pedestal así o evidencian.

O cruceiro de San Cibrao encóntrase á entrada da zona oeste da localidade, e aí xusto comeza a [ruta do Lagar dos Mouros](#). Vai camiño das terras montesías inmediatas, paralela á raia, rozando Portugal. É unha senda da xente, que a través do tempo a foi enchendo de vida como lendas e de lendas como vida. O imaxinario popular dos míticos e antiquísimos ‘mouros’ galegos —metade xigantes, metade meigas, metade magos— ten aquí morada.

monterrei

cualedro

verín

vilardevós


castrelo do val

102 [oímbra](#)

laza

oímbra

## CONCELLO DE OÍMBRA



Ruta do Lagar dos Mouros



En liña ascendente, a ruta, de 3 km, comeza no val, a carón da antiga fonte dos Carballos, relacionada coa historia íntima de San Cibrao e, entre lendas e tradicións de todo tipo, que se explican en paneis informativos ao longo do itinerario, remata no Lugar dos Mouros, un antigo castro no monte Soutullo que o imaxinario popular transformou nun lugar de ‘mouros’ e onde durante as guerras con Portugal se refuxiaron algunha vez os veciños. En calquera caso, entre as pegadas do antigo castro aprécianse dúas cavidades. Nunha pisaríase a materia prima da que se tratase e na outra recolleríase aquela en forma de líquido.

En tempos aínda non moi distantes estes lugares foron escenario doutros seres tamén xa míticos: os contrabandistas —tabaco, café e unha ampla lista de produtos— cos que hoxe se escriben as últimas lendas. Eles tamén son parte do misterio desta ruta, e co seu espírito presente imos marchar, sen abandonar os contornos da raia, camiño das terras de Vilardevós. Antes cruzarémonos co río Támega que, camiño de Chaves (Portugal), delimita e converte nun espazo natural de gran interese a liña Este do concello de Oímbra.

monterrei

cualedro

verín

vilardevós

castrelo do val

104 **oímbra**

laza

oímbra

vilardevós  
rutas e historias

monterrei  
verín  
CUALEDRO  
sombra  
laza  
vilardevós

monterrei  
verín  
CUALEDRO  
sombra  
laza  
vilardevós

monterrei  
verín  
CUALEDRO  
sombra  
laza  
vilardevós

monterrei  
verín  
CUALEDRO  
sombra  
laza  
vilardevós

castrelo de val

monterrei

castrelo de val

monterrei

castrelo de val

monterrei

castrelo de val

monterrei

## Xentes da raia, escritores, contrabandistas

Sexa cal sexa o camiño para chegar a Vilardevós, acabaremos dando coas ladeiras e raíces botadas pola serra de Penas Libres. A estrada desta viaxe, desde Oímbra por Mandín (Verín) e o sur da comarca lindando con Portugal, é un exemplo. E merece a pena. A subida cara a serra comeza pronto e avanza entre viñedos e unha paisaxe que se impón, **Na raia da natureza!!**, como anuncia o lema do concello. Fronteira e natureza sen límites.

Con alturas medias de 600-800 m, a penas 10 km despois de deixar a N-532 en Mandín xorde **Vilarello da Cota**. Nesta localidade encontramos a primeira das tres rutas de sendeirismo do Contrabando que atravesan o concello. Lugar típico de montaña con sutís trazas que o diferencian dos que acabamos de deixar na serra de Oímbra, merece a pena un paseo pola súa arquitectura popular e ofrece, previa reserva, a posibilidade de facer noite nel. Posúe un albergue con capacidade para 24 persoas. Ten unha boa igrexa barroca con retablos do s. XVIII.

E xa case de inmediato, en descenso, **Arzádegos**, poboación onde confirmamos a intensa relación co contrabando desta parte da comarca. Arzádegos foi un dos seus epicentros. Os vestixios arqueolóxicos confirman que estivo habitada desde moi antigo. Imprescindible a visita a ‘ladeira das adegas’, conxunto etnográfico de gran valor.

Ven de seguido **Florderrei**, onde, sobre un antigo castro, se asenta a capela da Nosa Señora de **Portas Abertas (D)**, a menos dun quilómetro da estrada a Vilardevós. É o centro espiritual da redonda, con gran romaría pola Ascensión (maio) e con reminiscencias precristiás perdidas no tempo. Tema propicio para teorías e comentarios, coñécese esta capela por un curioso fenómeno: miles e miles de **formigas** voadoras veñen morrer a este lugar entre finais de agosto e setembro. O gran escritor Silvio Santiago cóntao así na súas historias de **Villardevós (1961)**: “/.../ millóns de formigas, en longas ringleiras, suben até a capela, pasan por embaixo da porta, e van morrer todas aos pes da Virxen. Milagre ou non, este é un feito comprobado e comprobábel por calquera”. Unha interpretación popular asegura que se trata de ánimas que non cumpriron en vida con esta peregrinación. Quen se apunta a desvelar o misterio? O topónimo ‘Portas Abertas’ tense relacionado coa amplitude das vistas, aires e ventos deste lugar. Pero como o propio da serra de Penas Libres, evidencia tamén o espírito intelixente e aberto das xentes desta terra.

monterrei

cualedro

oímbra

verín

castrelo do val

106 **vilardevós**

laza

vilardevós

Moi preto, de novo mediante un brevísimos desvío, está o pobo de **Enxames (D)**: cultura popular e tradición —ver o seu peto de ánimas— por cada recanto. Para mirar e sentir. O topónimo derivaría do latín *examine* —conxunto de abellas—, vinculándose así co fenómeno de Portas Abertas.



Rutas do Contrabando



Seguindo viaxe, no horizonte norte confirmase a placa rotunda do Macizo Central Ourenán. Xa non nos abandonará ata Verín. E como oculto á inmensidade sobrehumana do Macizo, “ben colocado, xirando á procura do último sol como un reló de pedra con agullas de árbores” (Silvio Santiago), Vilardevós (260 habitantes, 750 m de altitude). É o núcleo máis poboado do concello e a súa capital, capital tamén dos escritores. Ata 5 de renome acumula este pequeno concello.

## CINCO ESCRITORES PARA CINCO RÚAS

Se consideramos que Vilardevós a penas supera os 250 habitantes, que 5 das súas rúas estean dedicadas a outros tantos escritores, semella un caso único. Pero lóxico. En relación coa súa poboación, Vilardevós concentra o maior número de escritores recoñecidos que se coñece en Galicia. Son estes Silvio Santiago (1904-1974), que deixou escrita a memoria deste concello nun relato clásico da literatura galega —*Villardevós*, 1961—, o seu irmán Jacinto Santiago (1894-1936), un dos grandes xornalistas galegos dos anos trinta; o poeta Manuel Núñez González (1865-1917); o compositor multipremiado e escritor vocacional Ángel Barja Iglesias (1938-1987) e o filósofo Eloi Luís André (1876-1936). En fin, Vilardevós, as rúas da literatura.

Mais Vilardevós é singular por outras cousas. Por exemplo, polo gran número de historias e tradicións orixinadas ao longo dos 22 km de raia que comparte con Portugal. As pintorescas e acolledoras rúas da súa capital lévannos ata o Centro de Interpretación do Contrabando para comprobalo.

### Centro de Interpretación do Contrabando

Enderezo

Vilardevós, rúa Jacinto Santiago, 23

T

988417232

Entrada

Gratuíta. De luns a venres: 9,30-13,30 h / 15,30-19,30 h.

monterrei

cualedro

oímbra

verín

castrelo do val


108 **vilardevós**

laza

vilardevós



Capela de Portas Abertas



Centro de Interpretación do Contrabando



Rúa e peto de ánimas de Enxames



Vilardevós

Xestionado pola Asociación de Desenvolvemento Rural Portas Abertas, o Centro de Interpretación do Contrabando (CIC) amosa a historia íntima, cos seus encontros e desencontros, as súas penas e alegrías compartidas, das xentes da raia. O tema central é o contrabando, coñecido tamén como *estraperlo*, denominación xurdida nos anos corenta do s. XX. A súa orixe está na extrema necesidade de case todo a ambos lados da fronteira e nunha xeografía moi irregular que facilitaba o movemento dos contrabandistas e dificultaba o dos axentes da orde.

O contrabando na zona está documentado desde o s. XV. Gando, viño, sal e fariña foron durante moito tempo eixes destacados desta actividade. Durante a posguerra española reconvértese e amplíase debido á alta demanda de mercadorías ilícitas derivada do desabastecemento. Café, bacallao, azucre, cobre e tabaco estaban entre os produtos máis rendibles. Rematou coa apertura comercial das fronteiras europeas nos pasados anos oitenta. O contrabando sempre tivo dúas caras: a de quen só buscaba nel un medio de subsistencia e a vinculada con produtos e accións moi discutibles. En Vilardevós prevalece a primeira: a da xente necesitada de subsistir. Moita desa xente, polo camiño das rutas da raia e do contrabando, é hoxe un tesouro da memoria.

## ALTO Á GARDA CIVIL!

Obxecto de centos de historias e manifestacións culturais a ambos lados da raia, o contrabando formou parte do lado máis oculto destas terras. Pero hoxe xa non é así. Os protagonistas daquel mundo a medio camiño entre a aventura e os soños, entre a necesidade e a avaricia, explican como recorrían os montes da raia de noite, cargados con cestas e sacos repletos, ás veces axudados con cabalerías. E sempre pendentes da garda civil. Por diante do grupo procuraba ir alguén vixiando...  
“¡Alto a la Guardia Civil!”. “E non era para parar, era para escapar!”, recorda un veciño nun dos documentais que se proxectan no CIC. Xixirei, en Portugal, e Arzádegos, en Vilardevós, foron dúas das zonas máis activas. “Non se ía roubar, íase gañar a vida”. “Daba moita ganancia comparado co que había”. Historias que hoxe dan sentido aos novos camiños.

monterrei

cualedro

oímbra

verín

castrelo do val

110 **vilardevós**

laza

vilardevós



Vilardevós



## As Rutas do Contrabando

Mesturando historias do contrabando, paisaxe, tradicións, arquitectura popular e, sobre todo, e de novo, xentes que falan e contan, o concello de Vilardevós ofrece tres rutas de sendeirismo. Todas teñen como punto de encontro o CIC, pero dúas parten de Vilardevós capital (rutas da Raia e da Serra) e a terceira do veciño núcleo de Soutochao (ruta da Terra de Arriba). As tres son de recorrido circular: volven ao punto de partida.

A ruta da Serra (13,8 km; altitude máxima 1060 m) denomínase así porque a súa paisaxe é a da serra de Penas Libres, vello escenario de contrabandistas camiño de Vilardevós, sendas invisibles e vistas case infinitas sobre a comarca.

As dúas rutas seguintes teñen na raia, coa que limitan, o espazo de referencia e inspiración.

A ruta da Raia (26 km; altitude máxima 1090 m), repleta de paisaxes montesías e arquitectura tradicional, detense en varios dos núcleos visitados ao pasar pola estrada a Vilardevós —Florderrei e a capela de Portas Abertas, Arzádegos, Vilarello, Enxames—.

A ruta da Terra de Arriba (13,7 km; altitude máxima 879 m) iníciase no núcleo de Soutochao, no sueste do concello. Plena de sorpresas naturais, ten un dos puntos de maior interese no conxunto da ferverza da Cidadella. Como a anterior, coincide por momentos coas inmediacións da estrada da nosa viaxe.

Pasado Soutochao aparece pronto o contorno da Cidadella, á esquerda da estrada. Durante 1 km varios accesos levan ao sendeiro que vai polo fondo do río Pontón, nun trazado natural espeso e puro. Cara o final deste breve e emocionante percorrido, a ferverza da Cidadella. Varios miradoiros naturais permiten contemplala. Destaca o situado en fronte dela, nun espectacular promontorio. Tras este *concentrado* de natureza podemos elixir seguir ata a localidade portuguesa de Xixirei (D), a 2 km. É a porta da entrada ao máis grande parque natural luso —Montesinhos—. Está tamén moi vinculada ás historias do contrabando e ao Camiño de Santiago. Por aquí, seguindo a Vilardevós, pasaba unha *vía xacobe*a secundaria procedente do nordeste portugués. Confírmalo a encomenda de San Xoán de Xerusalén asentada en Vilardevós para velar polos peregrinos.

monterrei

cualedro

oímbra

verín

castrelo do val



112 **vilardevós**

laza

vilardevós

## CONCELLO DE VILARDEVÓS

### RUTAS DO CONTRABANDO



## A estrada dos castiñeiros novos

A nosa viaxe continúa por Tomonte. É un núcleo vinculado á ruta da Terra de Arriba, como os seguintes que nos encontraremos: A Trave e Berrande. En Tomonte deberíamos facer un alto ante a súa famosa fonte dos Bucráneos (do grego ‘bu’: boi), con dous relevos en pedra coas figuras de cadansúa cabeza de touro de orixe romana. Xa pola Trave e Berrande deberemos saber que transitamos pola zona cuxas ladeiras producen o que para moitos é o viño de máis calidade do concello.

Pero sobre todo chamará a atención a gran cantidade de castiñeiros novos destes altos. É un espectáculo que alcanza gran parte das terras elevadas do concello e que se intensifica por esta zona, a de máis e mellor calidade de castañas, ás que acompañan moitas veces no chan os cogomelos, tamén por aquí moi pródigos. Os castiñeiros novos animan e dan vida a estas elevadas terras, onde alcanzan o seu medio óptimo. “Danse mellor nos altos; non secan”, confirma un veciño.

Se desexamos seguir gozando do espectáculo ata o Centro de Interpretación da Castaña, no veciño concello de Riós, unha boa opción é seguir, despois de Berrande, polo desvío a Moialde. Tamén podemos optar por volver desde ese punto a Vilardevós (8 km) para partir camiño de Castrelo do Val, o noso próximo destino, pola estrada OU-310, unha paisaxe calma que leva a Verín.

Se decidimos tomar o desvío ao Centro de Interpretación da Castaña, o itinerario proposto, por Santa Comba e Vendas da Barreira, é para amantes da paisaxe sen complexos, dos castiñeiros que agroman, da condución sen présas —e con sumo coidado— sobre ceos que case se rozan coa man. A medida que se avanza cara o norte, vales cada vez máis verdes e profundos anuncian as primeiras moles do grandioso Macizo Central, coa serra do Invernadeiro en primeiro termo. Alvarizas de colmeas salpican aquí e alá as ladeiras entre montañas que superan os 700-900 m. Poboacións menos visibles que no sur. Tamén algo menos extensas.

Centro de Interpretación da Castaña PARA VISITAS	
<b>Enderezo</b>	Lugar da Igrexa, Trasestrada (Riós)
<b>T</b>	988427690 e 988425032 (Concello)
<b>Entrada</b>	Entrada gratuita. De luns a venres: 9,00-14,00 h

monterrei

cualedro

oímbra

verín

castrelo do val

114 **vilardevós**

laza

vilardevós



Centro de Interpretación da Castaña. Riós



Fervenza da Cidadella



C. I. da Castaña



Fonte dos Bucráneos. Tomonte



Xa en Riós, a visión dos castiñeiros novos vaise facendo menos intensa, impoñéndose soutsos con algúns dos exemplares máis nobres e anciáns de Galicia. Así sucede desde que en Vendas da Barreira, tras tocar brevemente a N-525, tomamos a estrada ao lugar da Igrexa, na parroquia de Trasestrada. Alí está o Centro de Interpretación da Castaña (CIC).

Unha antiga rectoral rehabilitada acolle o Centro de Interpretación da Castaña. Nel amósase a cultura deste produto e as súas rutas, máis emocionais que concretas, porque a castaña e o castiñeiro forman no sueste da provincia ourensá un mundo continuo, unha presenza esencial, como en ningunha outra parte de Galicia. Aquí saben moito de castiñeiros varias veces centenarios e do seu coidado.

## HISTORIA DUN CASTIÑEIRO

**O castiñeiro (*castanea sativa*) é en gran medida a historia da xente. Longo tempo para medrar, incompreensión, froitos, vellez. Orixinario do Mediterráneo oriental, leva en Galicia uns dous mil anos. A palabra 'castaña' procede da cidade turca de Kastanaia, onde se cre que comezou o seu cultivo. Capaz de xerar os contornos máis fermosos imaxinables, contribúe a isto a súa maxestuosa copa, que recibe o nome de demouca ou fradado. Sorprenden os grandes ocos que con frecuencia o traspasan. Así o explican no CIC: formáronse polo efecto da auga, cando á árbore a sometían a constantes podas. Isto fixo que no descuberto extremo do tronco se acabasen formando cuncas repletas de auga e follas secas. Os fungos e os insectos xilófagos aproveitaron este ecosistema para ir producindo nel, desde a súa parte superior, uns ocos maiores cada ano que acaban chegando ao solo. O castiñeiro, malia isto, logrou seguir vivo, nunha adaptación sorprendente.**

Asadas ao forno ou á prancha, cocidas con leite ou auga, en caldo e acompañando a certas carnes, como a do xabaril, en doces... Son formas tradicionais de consumo das castañas. Os restaurantes da comarca tamén as incorporaron a distintos pratos.

monterrei  
cualedro  
oímbra  
verín  
castrelo do val

Para continuar a Castrelo do Val desde o CIC iremos ao alto de Fumaces e seguiremos a Verín pola N-525. Tamén se pode tomar no mesmo punto a A-52. Desde Verín teremos Castrelo do Val a uns 5 km (OU-113).

# castrelo do val

rotas e historias

monterrei

verín

CUALEDRO

oímbra

laza

viardevós

castrelo do val

monterrei

monterrei

verín

CUALEDRO

oímbra

laza

viardevós

castrelo do val

monterrei

monterrei

verín

CUALEDRO

oímbra

laza

viardevós

castrelo do val

monterrei

monterrei

verín

CUALEDRO

oímbra

laza

viardevós

castrelo do val

monterrei

## As montañas dos carboeiros

De Verín a **Castrelo do Val** —350 habitantes, 420 m de altitude—, capitalidade do concello do mesmo nome, é o que se diría ‘un momento’, por unha alongada e plácida estrada do val, cara o norte. Pero unha crecente frondosidade e uns tons oceánico-continentais na paisaxe, que comeza a elevarse cara as montañas, anúnciannos que estamos nun espazo distinto ao que vai desde Verín ata o sur. Castrelo está nun estreitamento onde a vexetación se intensifica e o val verinés se contrae, reducido a unha finísima cinta de terra que se prolonga ata o inmediato de Laza. Desde aquí, elixamos o camiño que elixamos —norte, oeste, este— iremos cara as montañas. Están entre as máis altas de Galicia.

**Rural ¡Naturalmente!** O lema de Castrelo define con precisión o que é esta parte da bisbarra verinés: aldeas cunha forte carga tradicional e montañas de natureza extrema, abraiante por momentos, tanto polas súas dimensións como pola súa inmaculada beleza.

Con a penas 1300 habitantes e 122 km<sup>2</sup>, este concello é o territorio de transición entre o val de Verín e o imponente Macizo Central Ourenán, a maior concentración montañosa de Galicia. No val teñen unha presenza moi significativa os viñedos da Denominación de Orixe, pero ao deixar este alcanzaremos moito antes do previsto alturas superiores aos mil metros cun clima de neves invernais e frescas temperaturas.

A marcada cultura rural percíbese pronto, desde a mesma capital municipal, onde as prospeccións arqueolóxicas confirman un poboamento moi antigo. Fornos comunais, moitos deles restaurados e recuperados para a súa actividade, muíños de auga a cada paso, aproveitando afluentes do río Támega, que cruza pola localidade de Castrelo cara o sur, a abundancia de caza e pesca —corzo, xabaril, troita, etc.—, así como os bosques de castiñeiros, carballos e pinos, entre outras especies, confirman a vocación rural e de natureza deste concello.

Iremos vendo diversos exemplos. Un dos máis sobresaíntes: as súas 22.000 hectáreas de masa forestal, das que unhas 8000 están en montes veciñais. Algúns núcleos ingresan cada ano máis de cen mil euros pola venda de madeira.

Quizais como consecuencia desta sobresaínte e extensa natureza, Castrelo do Val concentra a principal oferta de turismo rural da comarca. No contorno da capital municipal hai dúas opcións, A Cabanca, no barrio da Igrexa, e a Casa do Americano, na rúa O Fúlrix. E moi preto destas, en Pepín, unha terceira, a Aldea Rural A Cortiña. Atoparémonos con algunha oferta máis.

monterrei

cualedro

oímbra

vilardevós

verín

118 **castrelo do val**

laza

castrelo do val





Se nos coincide estar na capital municipal o sábado anterior ao 15 de agosto viviremos con intensidade a Festa do Forno, na que os veciños se reúnen, abertos sempre aos visitantes e convidados, arredor dos vellos fornos e espazos comunais para gustar dos produtos da zona –cordeiro, tenreira, etc-. E en calquera data, o imprescindible, antes de seguir viaxe, é a visita ao Museo Etnográfico local.

Museo Etnográfico de Castrelo do Val	
Enderezo	Castrelo do Val, rúa Toural, 3
T	988419002.
Entrada	Entrada gratuíta. De luns a venres: 9,30-13,30 h / 15,30-19,30 h.

## O Museo Etnográfico

O Museo Etnográfico de Castrelo é o máis característico espazo das actividades ancestrais da comarca. Centrado nos oficios tradicionais —labregos, ferreiros, zapateiros, etc.— e noutros elementos da cultura secular, se algunha vella actividade sobresa e nel, esa é a do **carboeiro**, personaxe inseparable dos camiños do concello e cargado de lendas, que nun tempo foi o rei dos montes da contorna. O Centro avánzanos o sentido da ruta dos Carboeiros. Vai paralela á estrada (OU-114) pola que continúa a nosa viaxe camiño de Campobecerras e dos montes do Parque Natural do Invernadeiro, do que o concello de Castrelo, a través da devandita localidade, é o acceso oficial e natural.

A gran cita está na Ruta dos Carboeiros, pero Castrelo conta con outros dous itinerarios naturais e de cultura popular. Son as **rotas do Portozón e o Casteliño**. Teñen saída e chegada na capital municipal, na zona do Terrón. A primeira (18 km), sube ao pobo de Pepín, segue por Ribas, toca a Ruta dos Carboeiros, cruza Sampaio e culmina no mirador do Portozón, sobre o val, volvendo a Castrelo. A Ruta do Casteliño (8 km) marcha por Ribas, alto de Vales, Nocado do Val, e zonas do Casteliño, Salgada e Trascarreira, chegando de novo ao Terrón.

monterrei

cualedro

oímbra

vilardevós

verín


120 [castrelo do val](#)

laza

castrelo do val



Arquitectura popular



## A Ruta dos Carboeiros

A Ruta dos Carboeiros segue os vellos camiños montesíos para a busca e elaboración do carbón vexetal. Ten 17 km e, como os seus sinais indican, sae de Campobecerras a 920 m de altitude, sube ata case os 1200 en Pena Nofre, roza os 1000 en Fontefría e remata nos 422 en Castrelo. Tamén, de estímalo oportuno, se pode facer partindo desde a capital municipal.



Turismo rural en Castrelo do Val



Museo Etnográfico de Castrelo do Val (arriba e abaixo)

Nas zonas altas do concello — Servoi, Fontefría, Campobeceros, etc— a difícil economía familiar complementábase cos recursos do monte —mel, setas, castañas, etc—. Entre estes, polo labor extremo que esixía e pola idiosincrasia do oficio que lle era propio, sempre destacou o carbón vexetal, feito da raíz do torgo (a uz). Esta ruta é a da súa memoria.

## O OUTRO CARBÓN DO MUNDO

**O carbón vexetal. É o outro carbón do mundo: o non arrancado ao subsolo, senón á codia do monte. É un carbón de gran calidade que os carboeiros da contorna baixaban ata o val para a súa venda no propio Castrelo, Verín, etc. Era moi apreciado polos ferreiros. Por esta zona facíase de raíces de torgo. Primeiro cortábase a parte aérea do vexetal e logo arrincábanse as raíces. Coa axuda da aixada preparábase o braseiro, un buraco grande na terra, onde se botan e xuntaban as raíces e se lles prendía lume. Cando ían rematando de arder cubríanse con terra para apagar as brasas. O resultado era o carbón vexetal, que se introducía en sacos e se cargaba en burros ou machos en dirección ás vilas e pobos da bisbarra.**

## Pola estrada da Ruta dos Carboeiros

Como dicíamos, a Ruta dos Carboeiros vai paralela á nosa viaxe pola estrada de Campobeceros. A comprobación do rápido tránsito entre a chaira e a montaña e as primeiras vistas sobre o val de Monterrei, un continuo de frondosidade e remansado transcorrer, ofréceas o lugar de Gondulfes. Ten un notable peto de ánimas e adegas tradicionais recuperadas. Xa en Servoi, punto de cruce da ruta e a estrada, reclama atención o coloreado retablo de estilo rústico da súa igrexa (s. XVIII) e a festa da Noite do Lume Novo (24 xuño), que celebra o solsticio de verán (sardiñas, produtos da terra, luz, amizade).

O seguinte destino, Fontefría, ábrenos de xeito definitivo a un monte raso e de pinos onde se ocultan case por completo as formacións rochosas que tanto caracterizan a paisaxe do sur da comarca.

Fontefría, situada a máis de mil metros de altitude, coñécese pola súa arquitectura tradicio-

monterrei

cualedro

oímbra

vilardevós

verín

122 [castrelo do val](#)


laza

castrelo do val

## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL

### ROUTAS DE SENDEIRISMO

-  muíño
-  forno tradicional
-  parque natural
-  fervenza
-  praia fluvial
-  deportes náuticos
-  sendeirismo
-  vista panorámica
-  igrexa
-  capela
-  cruceiro
-  peto de ánimas
-  romaría
-  danzantes
-  turismo rural



nal, que nos comeza a mostrar cubertas de lousa, máis aptas que as de tella para a poderosa climatoloxía invernal, con nevadas incluídas, desta parte da comarca. É unha presenza que se incrementará camiño de Campobecerras e Portocamba e que volverá diminuír desde Cerdedelo, de novo cara as terras baixas.

Pero Fontefría é célebre sobre todo polo seu singularísimo e ancestral baile dos danzantes de cada primeiro domingo de setembro, coincidindo coa romaría de Santa Marta. Resulta unha festa senlleira nunha comarca que, á súa vez, é a do mellor patrimonio etnográfico festivo de Galicia. O baile, suspendido por presións do bispado ourensán nos anos sesenta/setenta, recuperouse en 1984, maila vivir desde aquela algunha nova interrupción. Quizais relacionado con ritos agrarios pagáns, o dos danzantes de Fontefría é un espectáculo obrigado dentro do circuíto das 'danzas brancas' ourensás.

## HOMES QUE BAILAN SÓS

Son seis homes. Van vestidos cuns chaquetóns brancos, finos e longos, un pantalón da mesma cor e unha banda cruzada. A casaca amárrase cun cinto no que se coloca un pano branco. Na cabeza levan un gorro cónico duns 15/20 cm de alto, tamén branco, adornado con cintas de distinta cor para cada un, e nas mans, castañolas engalanadas. Os danzantes de Fontefría inician a actuación tras a misa solemne, acompañando a procesión cos seus bailes e loas á Virxe, detrás da imaxe da patroa, avogada do mal de oídos. Ao chegar á praza da localidade xiran arredor do seu cruceiro e de seguido realizan o trezado das cintas respectivas nun mastro coñecido como a mapola. Son cintas brancas, verdes, douradas, azuis, vermellas e negras. Bailan acompañados de música.

Desde Fontefría a estrada culmina pronto a prolongada subida desde Castrelo. Faino no alto do Foxo, a carón de Pena Nofre (1291 m), un balcón natural sobre o Invernadeiro e o gran encoro das Portas, no río Camba. Á esquerda, no mesmo lugar, sorprende un moderno santuario (1999) dedicado á Divina Pastora.

monterrei

cualedro

oímbra

vilardevós

verín

124 [castrelo do val](#)

laza


castrelo do val



Campobeceros



Albergue de montaña da antiga estación de Campobeceros



Danzantes. Fontefría



Cruz de peregrinos de Portocamba. Camiño do Sueste

O descenso ata a localidade de Campobeceros (900 m), nun pequeno pero aberto val de montaña regado polo río Camba (cunca do Sil) e os seus meandros, empeza a concluír 2 km antes, na anos atrás pechada por escasa actividade —e hoxe rehabilitada— estación de ferrocarril da liña Zamora-Ourense. Destinado agora o seu edificio a albergue de montaña do Invernadeiro, este abrírase ao público ao longo de 2008, con 45 prazas, cantina, e aula de natureza, entre outros servizos. O seu contorno ofrece unha fermosa visión sobre a localidade, ao fondo.

En Campobeceros comeza ou remata, segundo a elección de cada quen, a ruta dos Carboeiros; iníciase a do Parque Natural do Invernadeiro; anúnciase a dos carrilanos (ou carrileiros), cun monumento dedicado a estes traballadores que desde aquí construíron nas máis duras condicións, na primeira metade do s. XX, os interminables túneles do ferrocarril; e sitúase como o primeiro punto de paso na comarca do *Camiño do Sueste*, o dos peregrinos procedentes de Castela e León, vía a Gudiña. Non estamos en calquera lugar.

## A RUTA NORTE DO CAMIÑO DO SUESTE

**Por Campobeceros, camiño da cidade de Ourense, pasaba antigamente a verea real de Castela. Por ela subían rabaños transhumantes de Salamanca e Estremadura, pero tamén ían segadores galegos a Castela, tratantes de gando, etc. A súa orixe ata podería ser máis antiga, segundo Rodríguez Colmenero, que sinala que por aquí pasaba unha vía romana secundaria. En calquera caso, constátase a utilización desta ruta como camiño de peregrinación polo menos desde o s. XIII. Os peregrinos, procedentes da Gudiña a través da durísima e case desértica Serra Seca, camiñando a máis de mil metros de altura, chegaban ao seu límite esgotados, agradecendo a acollida das poboacións por aquí existentes. A vía xacobeá seguía e segue por ruta de montaña por Portocamba, Cerdedelo e Trez, ata chegar ao val de Laza.**

monterrei

cualedro

oímbra

vilardevós

verín

126 **castrelo do val**

laza

castrelo do val

Campobeceros, coas súas casas acurrunchadas unhas cas outras para afrontar as duras condicións invernais, ten na igrexa, entre outros detalles xacobeos, unha imaxe pétreá de Santiago Peregrino,



patrón da localidade, de acordo coa vocación de terra de camiñantes. En 1921 exerceu nela como sacerdote Fernando Quiroga Palacios, futuro cardeal e o máis famoso relixioso galego do s. XX. Crese que os peregrinos medievais recibirían por aquí axuda de cabaleiros da Orde de Santiago, xa que o lugar pertencía ao hospital de San Marcos que estes tiñan en León.



Elixio Rivas asegura que o topónimo 'Campobeceros' derivaría da súa condición de punto de estancia temporal das mandas de reses bravas que, desde Salamanca e Andalucía, pasaban por aquí camiño da praza de touros de Pontevedra. Podería ter tamén relación coa feira de gando que en tempos se celebraba. Campobeceros ten unha fermosa praia fluvial e un dos magostos máis coñecidos da provincia ourensá (11 de novembro). Pódese facer noite no hospedaxe rural de Casa Núñez.

## O Parque Natural do Invernadeiro

No centro de Campobeceros, varios carteis anuncian o Parque Natural do Invernadeiro (D), en dirección norte. Ata alí imos antes de continuar viaxe cara as terras de Laza. É outro desvío imprescindible: trátase do espazo natural protexido máis antigo de Galicia.

Parque Natural do Invernadeiro	
<b>Visitas</b> <b>T (visitas individuais)</b> <b>Grupos (máis de 5 persoas)</b> <b>Entrada</b>	Necesario permiso previo 988386376 e 988386029 viveaonatural@xunta.es Entrada gratuita

Asentado no veciño concello de Vilariño de Conso, o Invernadeiro ten, sen embargo, a súa única entrada posible e autorizada por Campobeceros. Desde esta localidade, unha estrada de 6 km, cun breve tramo final descendente en pista, déixanos ante a cabana de recepción. O parque, creado en 1997, forma parte da cadea montañosa do Macizo Central Ourensán. O clima mestura elementos continentais e oceánicos e temperaturas entre -7 e 15°. As chuvias son abundantes e as nevadas frecuentes en inverno. Cunha superficie de 5722 hectáreas e cumios que superan os 1600 metros, é un dos espazos naturais de montaña esenciais do noroeste peninsular e un dos lugares de Galicia onde a actuación do xeo das glaciacións deixou máis pegada.

monterrei

cualedro

oímbra

vilardevós

verín

128 [castrelo do val](#)

laza

castrelo do val

## PARQUE NATURAL DO INVERNADEIRO



Corzos, cervos, cabras montesas, lobos, xabarís, londras, leiróns, aguias reais, perdices e falcóns peregrinos son algunhas especies características do Invernadeiro. O parque ten un Centro de Recuperación da Fauna Silvestre. Na vexetación mandan as queirugas, as grandes fragas, e especies como o carballo —distintas variedades—, o teixo e o acivro. Deste último existe un gran bosque no circo glaciar do Figueiro.

## O MACIZO CENTRAL E O INVERNADEIRO

Os montes do Invernadeiro sitúanse no sueste do Macizo Central Ourenán, conxunto montañoso duns 500 km<sup>2</sup> no leste da provincia de Ourense. Cunha altura media de 1000-1500 m, recórrenos os ríos Ribeira Grande e Ribeira Pequena. Están unidos á serra de Queixa, onde se sitúa a estación invernal de Manzaneda, a máxima altura de Galicia (1782 m). O Macizo Central repártese por uns 10 concellos, entre os que figuran os de Castrelo do Val e Laza. A serra do Invernadeiro roza tamén o norte destes dous concellos. Debida ás súas durísimas condicións climáticas e orográficas, o Macizo sempre estivo moi pouco poboado, o que permitiu conservar importantes ecosistemas. Actualmente o parque do Invernadeiro está deshabitado. Nalgunhas zonas do Macizo mantense o pastoreo tradicional. Houbo explotacións auríferas romanas.

Ata media ducia de rutas con distintos contornos e temáticas son posibles no parque. A ruta da Ortiga (22 km, dificultade alta) permite ascender ata os 1496 m do Alto da Ortiga, onde se observa o conxunto do parque. A ruta da Auga (4 km, dificultade baixa) atravesa as exuberantes ribeiras do río Ribeira Grande; a das Troitas (3,5 km, dificultade baixa) leva ao Centro Ictioxénico (o Laboratorio das Troitas).

O cuarto itinerario, o da Aceveda (8 km, dificultade media), inclúe a visita ao bosque de acivros. O parque ofrece tres rutas máis, a do Depósito, a dos Cercados e a da Caseta das Mestas. Os percorridos duran entre 1,5 e 4,5 horas.

monterrei

cualedro

oímbra

vilardevós

verín

130 [castrelo do val](#)

laza

castrelo do val



O Invernadeiro. Encoro das Portas

## Pola estrada dos castiñeiros vellos

Desde Campobeceros, seguindo a liña do Camiño de Santiago cara o oeste, a viaxe por estrada continúa para reencontrarnos de novo, en dirección a Portocamba e as terras de Laza, cunha natureza na que o rei é o castiñeiro vello. Será así sobre todo desde as inmediacións de Cerdedelo.

Deixamos atrás as paisaxes da Serra Seca e o Invernadeiro e internámonos polas ladeiras do Fial das Corzas —que en parte pertence ao parque natural— e a xa próxima serra de San Mamede, na parte oeste do Macizo.

Portocamba está a 2,8 km de Campobeceros, nun estreito val do río Camba. As casas de lousa e unhas construcións montesías que serán máis frecuentes desde agora na nosa ruta, as alvarizas —altas paredes de pedra en forma circular ou ovoide, orientadas ao nacente, e destinadas a preservar de certos animais as colmeas do mel—, danlle carácter á zona, onde en tempos abundaban os osos.

Á saída de Portocamba, cara un despexado contorno de alta montaña, aparece a máis famosa cruz con amilladoiro deste itinerario a Compostela. Ante a súa liviá estrutura de madeira os peregrinos depositan unha pequena pedra e algún desexo. Está alí desde 1993, colocada por amigos do Camiño. Logo deste punto, iniciaremos un progresivo descenso cara as terras de Laza. Dous símbolos de Castrelo do Val nos unirán a elas: os carrilanos e os danzantes de Fontefría. Veremos por qué.

monterrei

cualedro

oímbra

wilardevós

verín

132 [castrelo do val](#)

laza

castrelo do val



laza  
a festa

monterrei

verín

oímbra

laza

vilardevós

castrelo do val

monterrei

monterrei

verín

oímbra

laza

vilardevós

castrelo do val

monterrei

monterrei

verín

CUALEDRO

oímbra

laza

vilardevós

castrelo do val

monterrei

monterrei

verín

CUALEDRO

oímbra

laza

vilardevós

castrelo do val

monterrei

## Onde a tradición é luz

O concello de Laza comeza a 5 km de Portocamba, no núcleo de **Cerdedelo**, ao final dunha espectacular estrada de alturas despexadas e baixadas cara vales profundos e estreitos. A continuidade á paisaxe danlla os **castiñeiros**, cada vez máis grandiosos e vellos. Nesta parte da comarca non son infrecuentes os soutos con exemplares centenarios. Vense con facilidade desde calquera das estradas da zona.

Na parte alta de Cerdedelo está a capela de **Pena Tallada**, quizais a máis singular da comarca. Segundo a lenda, a Virxe apareceuse a uns pastores e mandoulles construír alí —en Pena Tallada— unha igrexa. Eles viron máis axeitado outro lugar, pero canto obraban polo día destruíase de noite, así que aceptaron facer o templo no lugar indicado, que toma o nome da gran formación rochosa inmediata, na que se realizou unha cavidade para unha imaxe da Virxe. Rozar a cabeza contra este penedo alivia as xaquecas, segundo os devotos da santa. Elixio Rivas cre que se trata dunha primitiva cristianización do culto pagán ás rochas. Concorridísima romaría cada último domingo de maio.

Desde Cerdedelo é posible continuar ruta cara a solitaria e próxima aldea de **Camba (D)**, a 5 km e 1100 m de altura, no extremo norte do concello. A aldea, por ela mesma, merece unha visita, tanto polas súas case inalteradas construcións tradicionais de montaña, con recias cubertas de lousa, como pola súa paisaxe extrema. Pero resulta que é tamén o punto desde o que parte unha **pista ecolóxica** sobre o Macizo Central ata a estación invernal de **Cabeza de Manzaneda**. Con respecto polo medio —trátase dun espazo en fase de protección polo seu alto e singular valor natural—, esta pista pode seguirse a pé, en bici de montaña ou en todoterreo. Son a penas 20 km en dirección nordeste desde Camba á estación invernal, no concello de Manzaneda, entre alturas situadas entre os 1500 e os 1700 m e algunhas das vistas máis espectaculares do noroeste peninsular.

En xeral, o norte de Laza é unha sucesión de cumios inmaculados —entre 1000 e 1500 m, sobresaíndo o Cazcallal con 1584— aptos como poucos para o ecoturismo, sempre e cando se dispoña da experiencia e equipo axeitado. Tamén por estes montes, hoxe case despoboados e solitarios, andaban en tempos os carboeiros buscando, como en Castrelo, as raíces de uz para facer carbón.

monterrei

cualedro

oímbra

vilardevós


castrelo do val

134 **laza**

verín

laza

## CONCELLO DE LAZA



Castiñeiros na zona de Cerdedelo



Pista do Marroquí



Diciamos que Castrelo está unido a Laza pola figura dos carrilanos. Mais quen eran os carrilanos? Imos paso a paso. Desde Ceredelo, a nosa viaxe ten dúas opcións: chegar rápido a Laza, vía Trez, descendendo entre maravillosos soutos (11 km), ou seguir polos altos cara a Toro para coñecer aos carrilanos e a súa descomunal obra: a da liña do ferrocarril Zamora-Ourense polos altos e abas do sur do Macizo Central Ourense, nos concellos de Castrelo do Val, Laza e Vilar de Barrio. Por barrancos imposibles e montes sen fin escavaron a rede de túneles máis longa da Península. As autoridades chegaron a pensar en abandonar as obras. “Unha das grandes aventuras ignoradas da nosa historia recente” sinala o xornalista Rafael Cid, o seu investigador.

Os traballos prolongáronse desde 1926 ata 1956, con todo tipo de problemas —políticos, sociais, laborais, técnicos—. O tramo completo que houbo que superar con túneles case continuos vai desde Puebla de Sanabria (Zamora) ata máis alá Vilar de Barrio. Son preto de 150 km, unha terceira parte subterráneos.

Baixo a aldea de Toro atravesamos o túnel máis difícil, o do Corno, de 2,5 km, que puxo a proba aos enxeñeiros pola súa extrema complexidade e a auga que brotaba del por todas partes. Pero nada tería sido posible sen a extrema necesidade e o valor dos operarios das obras: os carrilanos (ou carrileiros), termo que derivaría do labor de colocación dos carrís e que por extensión pasou a ser a denominación dos traballadores manuais das obras. Os carrilanos foron as xentes da comarca, en moitos casos avós, pais e fillos. Executaron as obras pagando coa vida, en xornadas interminables baixo terra, case sen luz e sen ningún tipo de protección. As historias que sobreviviron teñen todo tipo de matices, pero sempre rematan no mesmo: na tarefa case imposible que se lles esixiu. Para constatalo, queda a memoria dos carrilanos vivos, a propia liña férrea, un monumento que os honra, como vimos, en Campobecerros e, sobre todo, a Pista do Marroquí.

## A Pista do Marroquí

Antes de chegar á aldea de Toro —queda a 1,5 km (D) e ofrece unhas despexadísimas vistas e igrexa do s. XVI— un sinal á esquerda anúncianos o acceso á Pista do Marroquí (800-900 m de altitude). Ten 17 km e remata na estación de Prado (Vilar de Barrio). Conta tamén cunha extensión a Ceredelo. É a vía de servizo realizada en paralelo á liña do tren para a construción dos continuos túneles, que conflúen coa pista. A obra realizouna o construtor madrileño Augusto Marroquín, que traballou aquí desde os anos trinta. Do seu apelido deriva o nome dado polos carrilanos a esta ruta.

monterrei

cualedro

oímbra

vilardevós

castrelo do val



Río Arnoia

Estación de  
FF.CC. de Prado

Correchoso

Río de Correchoso

Camba

Toro

Cerdedelo

Laza

- Pista do Marroquí
- Liña férrea
- Estrada
- Río
- Poboación

Pista do Marroquí

O tramo máis espectacular e cargado de historia está entre o noso punto de partida e a aldea de Correchouso, 8,5 km máis adiante. Pode realizarse nos dous sentidos. Arrancado a paredes por veces case verticais que caen ata o fondo do canón, discorre polas abas de montes tan impresionantes como o Armada. Desde abaixo chega por veces o son do río Cabras (ou Correchouso), afluente do Támega. Pode realizarse en coche todoterreo, a pé ou en bici, e sempre con prudencia. Están asfaltados os 4,5 km primeiros. Para amantes das historias e as paisaxes épicas, sen matices, por un mundo a carón de paredes nalgún caso de centos de metros, de bocas de túneles, de pasados, de enigmas que aparecen e desaparecen.

## OS CARRILANOS E A PISTA DO MARROQUÍ

Contan pola zona que moitos carrilanos salvaron a vida grazas á Pista do Marroquí. Por suposto, esta fixo o seu labor sen sabelo. Hai datos que estiman que preto do 80% dos carrilanos puideron chegar a falecer debido ao chamado ‘mal da vía’, a silicose provocada polo traballo de picar a pedra no interior dos túneles. Morreron por este mal sobre todo os homes —nalgún caso varios membros dunha familia— que vivían máis preto das obras. Os obrigados a realizar desprazamentos de varios quilómetros de ida e volta a pé polas pistas e camiños das obras, como a do Marroquí, tiveron unha segunda oportunidade. O esforzo do traxecto axudaba a depurar os seus pulmóns. Houbo de seguro outras enfermidades. Traballaban sen traxes nin calzado de auga en lugares asolados de cote, sinala Rafael Cid.

A muralla china é o imaxinativo e acertado alcume que os veciños e moitos visitantes dan á Pista do Marroquí. Para salvar a verticalidade dos profundos barrancos do tramo Toro-Correchouso foi necesario levantar case de xeito continuo grandes muros de pedra, rematados con peitorís, sobre os que asentar a estreita pista.

monterrei

cualedro

oímbra

vilardevós

castrelo do val



Albergue de Laza



Igrexa de Laza

A visión con perspectiva suficiente desa liña continua durante quilómetros impresiona: é unha sensación de muralla tanto óptica como polo inmenso esforzo de construción que esixiu. Unha das mellores vistas obtense desde a aldea de Correchouso.

## En Laza

Desde Toro, en continuo descenso, chegamos moi rápido á vila de Laza. É a capital do concello proporcionalmente menos poboado da comarca, con a penas 9 habitantes por km<sup>2</sup>, debido non tanto ao envellecemento da poboación como á gran extensión de territorio baleiro ocupado polo Macizo Central. Situada a 450 m de altura, e con 560 habitantes, é tamén a cabeceira do pequeno pero fermosísimo val que leva o seu nome, en realidade a parte alta do val de Monterrei que baixa cara o sur, a través da depresión do río Támega, por un estreito brazo de terra chá que comunica ambas zonas. No seu extremo norte, o val de Laza chega a alcanzar altitudes de 600 m.

Xente algo menos falangeira que polo sur, pero igual de nobre, recibe ao visitante con esmero e distinción. Así o poden certificar os preto de dous mil peregrinos que cada ano acolle no seu albergue este punto referencial do Camiño xacobeo do Sueste, onde conflúen as vías de Portugal, por Chaves e Verín, e de Castela-León, por Puebla de Sanabria e A Gudiña. Arrimada a unha ladeira ao pé do val, Laza ofrece unha das súas mellores vistas desde a igrexa parroquial, cara a parte alta, un dos centros das súas ancestrais e orixinalísimas festas. Terminada en 1701 en estilo toscano, cun interior de tres naves cun fermoso artesoadado, son de gran valor os retablos barrocos, con obras de artistas do nivel de Mateo de Prado e a singular Rosario de Castro Canseco.

Se a igrexa é o centro das grandes festas relixiosas de Laza, a parte non sacra destas ten sobre todo un escenario: a praza da Picota, onde conflúen varias das súas estreitas e populares rúas, que combinan a arquitectura popular coas casas vilegas. É un espazo onde en tempos se executaba aos reos da Inquisición e que hoxe simboliza a imaxe internacional da máis arraigada das festas etnográficas galegas: o Entroido.

## □ Entroido

Anunciabamos que Fontefría está unida a Laza polos danzantes, xa que esta representación, aínda que con diferencias na vestimenta e no tema, tamén se dá nesta localidade nas festas do Santo Cristo. En moi poucos lugares máis. E o Santo Cristo representa, xunto co Entroido e en menor medida outros singulares elementos festivos, a presenza no tempo dos anhelos do ser humano por saír de si mesmo e buscar a ruptura, o cambio, a renovación, a luz. O lema do concello, **Laza**.

monterrei

cualedro

oímbra

vilardevós

castrelo do val

140 **laza**

verín

laza

**Cultura e tradición dun pobo** pode que se quede curto se entendemos que aquí está o paraíso galego da festa máis ancestral, máis vital, quizais máis indispensable.

Xunto co de Xinzo de Limia, o Entroido de Laza é o máis longo que se coñece e, sen dúbida, un dos máis ancestrais do mundo. Iníciase na noite do 1 de xaneiro cando os mozos que van ser peliqueiros saen á rúa facendo soar os seus cintos de chocos (chocallos). Ademais, cada venres previo celébranse os foliós: un ritual nocturno de lume e ruído polas rúas para facer fuxir os malos espíritos e que xurda de novo a luz. Todo un símbolo.



Peliqueiros de Laza



Domingo de Entroido. Laza

Os días previos ao Carnaval son de gran intensidade. É o momento —desde 2007— da Festa da Cachucha, a Bica Branca, o Licor Café e o Xastré, coa que se exalta a gastronomía carnavalesca, centrada xustamente nestes produtos, os tres últimos o doce e os licores esenciais destes días. O sábado e venres anteriores ao Carnaval chegan o ‘gran folión’ —venres—, coa participación esta vez de todo o pobo de Laza e centos de visitantes, e a ‘gran cabritada’ —sábado—, unha cea dos máis novos á luz e calor das fogueiras.

O apoxeo da festa ven o domingo de Carnaval, único día, xunto co martes, que saen á rúa os peliqueiros. Son uns 150, que perseguen sen pausa a veciños e visitantes —cóntanse por milleiros estes días— cos seus látegos ou ‘zamarras’. Todo comeza cando os peliqueiros agardan aos asistentes á saída da misa. Desde primeiras horas corre como agasallo polas rúas e casas a bica branca —a chamada ‘bica dos peliqueiros’—. Pola tarde é o momento do desfile de carrozas e pola noite continúa a festa por calquera lugar e recanto.

## O PELIQUEIRO

De orixe incerta, chámase ‘peliqueiro’ ou ‘piliqueiro’ á máscara característica do Entroido de Laza. Consiste nunha carauta de madeira pintada de cores rechamantes, que se prolonga nunha mitra de metal cun motivo do zodíaco (león, lobo, boi, etc). Na parte traseira, amarrando o conxunto, leva unha pelica de pel animal, que en tempos era de animais salvaxes como o gato montés, o raposo e o lobo. Desta pelica venlle o nome que se lle dá en Laza ao personaxe central —e xa universal— do seu Entroido. O resto do conxunto do peliqueiro, sempre artesanal, está composto por unha camisola branca, a gravata e unha chaqueta curta cuberta por detrás cun pano. O pantalón, curto e de liño, con encaixes e borlas de algodón, compléméntase con medias brancas e ligas de fantasía, dúas faixas e o cinto de coiro do que colgan os chocos metálicos que, ao correr, producen o característico ruído que é esencia do Entroido. Zapatos negros e o látego ou zamarra, símbolo da súa autoridade, completan a vestimenta. O peliqueiro non fala nunca. Non o necesita.

A súa autoridade é innata, malia a constante mofa do pobo.

monterrei

cualedro

oímbra

vilardevós

castrelo do val





O luns de Entroido ten gran forza ritual. Coñecido como o **día da morena e as formigas**, a praza da Picota é o epicentro da festa, á que hai que ir preparado para recibir e lanzar moreas de cinza, fariña, auga e terra mesturada con formigas. Pola tarde sae a morena, unha ritual cabeza de vaca esculpida en madeira complementada cunha manta baixo a que se ocultan unha ou dúas persoas que perseguen aos asistentes. O seu obxectivo preferido son as mulleres novas. Os mozos que acompañan á morena levan sacos con formigas, cinza e toxos.

O **martes de Carnaval** é sobre todo o día dos peliqueiros veteranos, que —din en Laza— recorren as rúas “dando unha lección de estilo e de saber levar o ‘peliqueiro’”. Á tardiña é o momento do ‘testamento do burro’, unha composición popular de ánimo satírico-burlesco coa que se repasa o acontecer do pobo e do mundo no último ano. Pola noite, coa queima do Entroido, remata o Carnaval.

Son numerosas as teorías sobre a orixe do Entroido de Laza. Relaciónase, por exemplo, coas festas saturnais romanas, nas que a nobreza se vestía coa roupa dos escravos, que eran libres por unhas horas. Tamén se lle atopan elementos prerromanos, xa que os debuxos das caretas dos peliqueiros estaban antigamente relacionados sobre todo co sol, a lúa e as estrelas, e os castrexos adoraban as forzas da natureza. Outros autores vincúlano cunha orixe relixiosa ou co seu influxo: o ‘entroido’ como termo provinte do ‘entrouitus’ cristián á Coresma, período de recollemento.

Algúns estudosos rexeitan a estendida opinión de que a figura principal do Entroido de Laza, o peliqueiro, naceu como parodia dos cobradores de tributos dos condes de Monterrei (s. XV). Consideran a súa vestimenta de orixe moi anterior, e o látego como un símbolo xa utilizado en Roma cun sentido semellante. Algúns etnógrafos relacionan a ‘morena’ coas máscaras burlescas romanas das ‘kalendas’ de marzo, a festividade das mulleres. Sexa como sexa, sempre a eterna necesidade do ser humano de saír fora de si mesmo, de buscar, de volverse encontrar. É a esencia neste caso de Laza e das súas tradicións.

## O Santo Cristo

O Santo Cristo constitúe, a finais de abril ou primeiros de maio, o segundo gran referente da festa ancestral de Laza. De orixes descoñecidas, pode que pagás, tería unha relación remota co enaltecemento do renacer da vida no mundo agrario, aderezado logo con incorporacións cristiás.

monterrei

cualedro

oímbra

vilardevós

castrelo do val



Luns de Entroido



Festas de Adán e Eva. Santo Cristo

Festa de mouros e cristiáns

Todo comeza dous ou tres días antes da festa, cando os mozos soben ao monte a buscar unha árbore longa e rectilínea que colocan na finca dos Vacallanas, a carón da Picota. É **o maio**, e representaría o culto á natureza.

O día da festa do Santo Cristo iníciase con Adán, ata hai pouco un home entrado en anos e agora máis novo, e os **danzantes**, seis homes vestidos por completo de branco, con gorro da mesma cor e castañolas e espadas nas mans, indo buscar á moza do pobo que vai representar a Eva. A súa elección polos responsables da festa gárdase en secreto ata ese día. A continuación a comitiva marcha camiño da igrexa, de onde parte a procesión polas rúas ata a praza da Picota. Alí escenifícase **o sacrificio de Isaac** por Abraham, un auto sacramental tras o que todos retornan ao adro da igrexa, onde ten lugar a última actuación dos danzantes —bailaran xa en diversos momentos do percorrido—. Tamén se representa unha disputa teolóxica entre un cristián e un mouro, que resulta convencido, entrando todos á misa. Pola tarde remata o ritual cando os danzantes van buscar a Eva á súa casa para acompañala ao baile da Picota.

## ADÁN E EVA EN LAZA

*“Outra gran festa de orixe pagá cristianizada”, se ten dito do Santo Cristo de Laza. Taboada Chivite ve nas figuras de Adán e Eva, co vestido con flores desta, unha reminiscencia das celebracións da primavera de orixe nórdica. Tamén, en relación co maio, alude a remotos ritos agrarios. Defenden outros a súa orixe medieval e cristiá fixándose no aire de auto sacramental dalgunhas escenificacións. En calquera caso, a conxunción polas rúas de Laza das figuras de Adán e Eva, e dos personaxes de Abraham, Isaac, o anxo e os seis danzantes é un espectáculo de tan difícil encaixe que non deixa de sorprender e que sempre estará aberto a especulacións e teorías. O certo é que resulta unha feliz realidade a súa permanencia, máis alá das lóxicas análises e reflexións sobre esta singularísima festa.*

monterrei

cualedro

oímbra

vilardevós

castrelo do val

## Polo Camiño de Santiago

A vila de Laza, tanto polos seus servizos como pola súa historia, é un lugar ideal para iniciar o Camiño de Santiago (Camiño do Sueste). Desde esta vila pódese obter a compostela, o certificado concedido pola catedral santiaguesa por realizar un



A Alberguería. Camiño do Sueste



Igrexa gótica de Retorta (diferentes detalles)

mínimo de 100 km da Ruta xacobeá. Laza está a case 160 e o seu albergue de peregrinos é un dos máis activos do Camiño. Nos últimos anos pararon nel camiñantes de máis de 20 nacionalidades. Pero o lugar con máis tradición xacobeá do concello é [A Alberguería \(D\)](#). Queda a 12 km, subindo o val cara o oeste.

Na Alberguería a mellor arquitectura popular está presente por todas partes. Núcleo alegre e vivo, malia a súa hoxe escasa poboación, volve notarse nel a presenza dos camiñantes, como nos anuncia algún que outro establecemento a eles dedicado. En tempos existiu unha pousada para viaxeiros e un hospital de peregrinos, e na súa igrexa parroquial (s. XVII) conserva unha imaxe de Santiago. Hai tamén reminiscencias dos cabaleiros santiaguistas que vixiaban o Camiño de peregrinación por esta zona.

Pero A Alberguería merece a pena por outras dúas cousas. No alto do Talariño (960 m) nace o gran río da comarca, o [Támega](#). E desde aquí pode visitarse a estación de ferrocarril de [Prado](#) (5 km), onde remata a Pista do Marroquí. Un impensable escenario de edificios ferroviarios propio dunha cidade. Semiabandonados. Para románticos con alma de pasado. Por certo que estas terras, xa no concello de Vilar de Barrio, foron testemuño no s. XIX das andanzas de Manuel Blanco Romasanta, quen pasou a historia grande —pero triste— como o ‘lobishome’. Era un vendedor ambulante que nestas paraxes solitarias sentía que se volvía lobo. Acabou matando polo menos a 13 persoas e converténdose nun mito.

De volta a Laza tomamos a estrada a Verín pola lingua de terra que une os dous vales. De camiño, unha última e necesaria parada: a gótica [igrexa de Retorta](#) e o seu cruceiro (1738). Con apuntes románicos, é este un case inédito exemplo de templo gótico no rural galego e, sen dúbida, o segundo gran edificio relixioso da comarca tras o prerrománico e próximo de Mixós. Arco apuntado con dobre arquivolta na fachada, un fermosísimo e gran rosetón, símbolos profanos... No interior, unha soa nave, con pinturas murais incluídas.

Esta igrexa está a carón da estrada, á dereita, pouco despois do núcleo de Retorta, onde se celebran, cada 18 de xullo, en San Amaro, unhas inéditas **festas de mouros e cristiáns**, quizais ligadas ao culto ao apóstolo Santiago e á súa representación como azoute de infieis. Hóboas tamén en Trez, pero están en desuso. As de Retorta, non. Con elas pechamos o círculo festivo de Laza, quizais o máis incomparable de Galicia, e apurámonos, xa preparados, a vivir o espazo de encontro e festa de Verín.

monterrei

cualedro

oímbra

vilardevós

castrelo do val

148 [laza](#)

verín

laza

verín  
a meta



monterrei

verín

CUALEDRO

oímbra

laza

vilardevós

castrelo do val

monterrei

monterrei

verín

CUALEDRO

oímbra

laza

vilardevós

castrelo do val

monterrei

monterrei

verín

CUALEDRO

oímbra

laza

vilardevós

castrelo do val

monterrei

monterrei

verín

CUALEDRO

oímbra

laza

vilardevós

castrelo do val

monterrei

## A cidade do extremo sur

Verín, o corazón. Situada no centro da comarca que leva o seu nome, a 400 m de altitude e vixiada no alto polo conxunto histórico da acrópole de Monterrei, é a segunda cidade (10.100 habitantes) da provincia de Ourense e no seu concello concéntrase case o 50% da poboación de toda a comarca. Os múltiples servizos que oferta —comercio, hoteis, restauración, ocio— fan dela o gran espazo de encontro da comarca e da liña sur da provincia ourensá, tanto no ámbito económico como cultural e turístico. As modernas autovías que a unen con rapidez e seguridade co resto de Galicia, España e Portugal, permiten que Verín sexa agora unha zona máis que de paso, de estancia e de punto de partida e chegada para coñecer os múltiples atractivos da bisbarra. O seu clima, como o do val, con escasas precipitacións, invernos oceánico-continentais con certos momentos fríos e veráns cálidos, garanten unha estancia agradable desde o inicio.

Compartindo o val do río Támega co territorio portugués de Chaves, gran parte da vida diaria verinesa pasa por esta inseparable relación. Verín e a cidade de Chaves (20.000 habitantes, a 23 km) pretenden converxer nunha única **eurocidade** transfronteiriza para o desenvolvemento común. Non só comparten a súa proximidade física, senón tamén unhas intensas relacións humanas históricas, as augas minerais, o comercio, etc. Agora estúdase ampliar esa relación a ámbitos como o transporte interurbano, outros equipamentos e servizos, planificación do desenvolvemento, unha axenda turística e cultural común, etc., para dar servizo aos 60.000 residentes neste espazo compartido.

### **POR UN ÚNICO VAL: O DESVÍO A CHAVES**

*Estando en Chaves é imprescindible a visita a Verín. E tras visitar Verín e a súa comarca resulta esencial coñecer a outra metade do val do río Támega tanto xeográfica como histórica: a que se dirixe cara o sur, seguindo o curso fluvial, ata Chaves. A Creba da Corga, a falla que atravesada de norte a sur todo o val, deulle a ambas cidades unha orixe parecida: a derivada da concentración de augas mineiromedicinais que as dúas poboacións acumulan. En Chaves, urbe dun riquísimo patrimonio histórico e arquitectónico —é a *Aquae Flavia* romana— as augas termais alcanzan as temperaturas máis altas da Península —ata 73°. E por Chaves pasan moitos peregrinos que teñen en Verín o seguinte destino, xa que comparten tamén o trazado desde Portugal do Camiño do Sueste. Gran parte dos gustos gastronómicos —carnes como o porco, o cabrito, etc.— e sobre todo as relacións familiares e veciñais intensas e agora máis buscadas ca nunca polas dúas partes son, xa que logo, outros motivos para entender como un único espazo o do eixe Verín-Chaves, raia por medio.*

## CONCELLO DE VERÍN



C. de I. de Verín



Verín histórico



Verín, no val de Monterrei



Chaves (Portugal)



Para iniciar o percorrido pola cidade e o seu contorno dous bos puntos de referencia son a Oficina de Turismo de Verín (Casa do Escudo, San Lázaro, teléfono 988411614) e o Centro de Interpretación de Verín (CIV), coñecido tamén como Centro de Interpretación Museística. Nel, co apoio de soportes audiovisuais, realízase unha viaxe polo universo cultural e socioeconómico de Verín —augas, viño, etnografía, recursos, etc—.

Centro de Interpretación de Verín	
Enderezo	Verín, avda. de Portugal, 13 bis, Casa da Xuventude
T	988412224
Entrada	Gratuíta. Martes-sábado, 10,00-14,00 h; venres, 17,30-21,00 h

## Algo de historia

Verín, como o resto do val, foi zona habitada desde antigo. Hai evidencias de poboamento de preto de catro mil anos atrás. Antes da chegada dos romanos, contra o s. I a.C., vivían no val os tamagani, pobo que deixou a súa pegada na toponimia.

A romanización tivo notable presenza. No barrio de San Lázaro e noutros puntos do concello apareceron probas neste sentido. O topónimo 'Verín' procedería do nome do propietario dunha vila romana rural neste lugar. Unha tradición de orixe romántica propón Verín como posible lugar de nacemento do caudillo lusitano Viriato (s. II a.C.). 'In viria natus', reza unha alusión ao seu lugar de procedencia.

Na alta Idade Media, entre os s. V e VIII, o val verinés vive unha etapa escura da que espertaría cara finais do s. IX cando o rei Afonso III o Magno ordena a repoboación dos lugares de Verín e Pazos, localidade esta última hoxe unida á primeira. O escritor e historiador local Xerardo Dasairas Valsa sinala que por este tempo constátase a existencia dos viñedos como principal cul-

monterrei

cualedro

oímbra


vilardevós

castrelo do val

152 **verín**

laza

verín



tivo verinés, seguidos do trigo e do centeo. Xa no s. XIII, chegan os primeiros peregrinos máis ou menos regulares, que co tempo acabarán contando cun hospital no barrio de San Lázaro.

É por este período cando Monterrei, ante a súa importancia estratéxica debido á independencia de Portugal, vai instaurar o seu señorío sobre a comarca facendo que Verín quede relegada a un segundo plano. As decisións políticas vanse tomar desde a acrópole, malia que Verín vai resistir con certa prestancia e ata logra absorber determinada poboación e dependencias, como sucede cando a orde mercedaria se instala nela a primeiros do s. XVII, tras máis de cen anos no contorno do castelo.

Confirmado Monterrei case en exclusiva como recinto militar, debido en boa medida ao absentismo condal, Verín vai consolidando entre os s. XVII e XIX a súa condición vilega. E isto malia os enfrontamentos con Portugal que volven repetirse, ocasionando unha gran depresión económica e social na comarca.

Desde mediados do s. XIX a vila vive un lento avance que vai unido á normalización das relacións con Portugal e ao desenvolvemento comercial e das vías de comunicación, malia que non se logrará que o ferrocarril Zamora-Ourense atravesese polo val —a finais dos anos vinte do s. XX apróbase o trazado polo sur do Macizo Central—. Sobresae tamén o asentamento dunha certa industria alimentaria e téxtil e, sobre todo, a actividade das augas. Nas primeiras décadas da pasada centuria estaban abertos dous balnearios e varios hoteis e hospedaxes para dar servizo aos auguistas.

Nos últimos anos o concello de Verín segue a súa progresión socioeconómica coa xeración dun tecido industrial de pequenas pero sólidas empresas en distintos sectores. Destaca o gran desenvolvemento da actividade vinícola —como sucede en Monterrei e Oímbra, máis do 50% das súas terras de labor dedícanse a este produto—, a ampliación das relacións con Portugal e a súa consolidación como punto de referencia galego para a conexión coa comunidade de Castela e León. A completa recuperación e diversificación do patrimonio das augas mineiromedicinais é outra iniciativa en marcha.

## Para ir. A ruta das augas e do Pozo do Demo

Verín e Chaves contan coa maior concentración europea de fontes de augas mineiromedicinais. Foi así no pasado, como sinalamos, e sigue sendo así no presente. As de Verín, consumidas sempre como bebida, teñen demanda internacional. Dos seus tres principais mananciais —Cabreiroá, Sousas e Fontenova— flúen augas minerais que chegan a toda España e outros países.

monterrei

cualedro

oímbra

vilardevós

castrelo do val

154 **verín**

laza

verín



Verín. Río Tâmega

Son tamén augas das que gustar —especialmente nos dous primeiros casos— nos propios mananciais, en medio de agradables paraxes. É o que fan os auguistas que cada ano se achegan a Verín. Aquí propoñemos unha ruta por eses espazos cargados de historia, relax e saúde. Completaremos itinerario con algún pequeno desvío, como o que vai á paraxe natural do Pozo do Demo.

## CIDADE DE AUGA

**Verín, cidade de auga. Ata 16 mananciais se espallan polas súas inmediacións. Así que ten que ser certo. Case todos coinciden en ofrecer augas bicarbonatadas, cloruradas e cun elevado contido en sílice. Están consideradas as máis fluoradas de España. Teñen tamén unhas características sanitarias moi semellantes. Considéranse boas para a pel, aparato dixestivo e urinario, etc. Son en xeral moi dixestivas e, en varios casos, de gasificación natural. Sempre transparentes, como o leve tintinar que producen no vaso acabadas de saír do manancial. Un anuncio de luz.**

Esta ruta, sinalizada en gran parte, vale para facer a pé ou en bici. En automóbil pode presentar dificultades, polo que é preciso orientarse pola sinalización en distintas rúas dos principais mananciais. Pódense alternar os devanditos medios e fragmentar o percorrido. En calquera caso, completo e a pé, ocuparía un día, xa que dá un xiro case total ao ámbito urbano verinés, cun pequeno desvío ata o Pozo do Demo.

Un punto idóneo de saída é o contorno da capela de San Lázaro, a zona máis antiga da cidade. Por riba de nós, a acrópole de Monterrei insinúase no seu promontorio. A uns 50 metros da capela, pola avenida de San Lázaro e xusto antes da ponte do río Támega, está sinalizada á dereita a chamada 'ruta das augas', aínda que, como decimos, hai outras opcións, sobre todo en coche.

monterrei

cualedro

oímbra

vilardevós

castrelo do val


156 **verín**

laza

verín



Conxunto de Cabreiroá



Empezamos en Cabreiroá, un conxunto a 1,5 km do centro urbano, que sorprende pola grandiosidade do seu bosque, pola soberbia fachada do antigo hotel e pola beleza do quiosco dos auguistas. O manancial era unha charca coñecida de antigo polas súas propiedades medicinais, ata que o famoso empresario local José García Barbón abre en 1903 o hotel-balneario —pechado logo desde 1961—. Completa este en 1907 co quiosco octogonal para os auguistas, onde se segue degustando a auga in situ.

O resto do recinto é un espazo natural duns 50.000 m<sup>2</sup> cruzado polo pequeno río Abedes e con exemplos de especies tan sobranceiras como cedros do Himalaia, sequoias xigantes, araucarias, tileiros, palmeiras e outras máis frecuentes como álamos, freixos, bidueiros, piñeiros, etc. En total, 2000 árbores. Un plano situado a carón do aparcadoiro detalla a situación dos exemplares de maior valor, en áreas con denominacións como Paseo de las Ardillas, Recreo de los Agüistas, etc. No sueste, excelentes vistas cara o espazo montañoso do Pozo do Demo. Unha estatua do premio Nobel de medicina Ramón y Cajal (1852-1934) recórdao como un dos visitantes máis ilustres.

A totalidade da auga do manancial pasa pola burbulla central do quiosco, desde onde se abastecen este e a planta de envasado, no fondo do recinto. Son augas inodoras, transparentes, boas para as vías urinarias, aparato dixestivo, trastornos metabólicos, etc. Soben desde unha profundidade duns 100 m a unha temperatura de 18° e —caso moi pouco frecuente— con burbullas naturais. Imprescindible este lugar para buscadores de tempo.

Conxunto de Cabreiroá	
<b>ENDEREZO</b> <b>QUIOSCO DOS AUGUISTAS</b> <b>T</b> <b>Entrada</b>	Verín, Estrada de Cabreiroá s/n 9,00-21,00 h. Todos os días 988590015 Entrada e servizo de auga gratuítos. Previa cita, visita á planta de envasado Aparcadoiro sinalizado á dereita da entrada

Bordeando externamente o conxunto de Cabreiroá, cara ao sur, atopamos unha fonte veciñal onde se pode saborear tamén a auga mineral. Sabe a auga embotellada con burbullas, pero gozada na fonte, como a lanza o interior da terra. Continuando camiño, e tras pasar debaixo dunha ponte da autovía, sentimos que nos cercan máis e máis os pedregosos montes próximos, que se recortan e encaixan, que nos atraen. É o **Pozo do Demo**. Ao chegar ao pé do monte, un profundo regato que baixa entre inmensos penedos labrados polas augas durante milleiros de anos, repleto de vexetación, recórdanos que estamos nunha especie de lugar sagrado para os verineses.

Algo impresiona nesta concentración de paisaxe. Contan que o punto máis profundo do regato coñécese como 'o pozo do demo' porque a el, sinala o estudoso Marcos González, guindaban desde o afiado alto inmediato, coa frase 'vaite co demo', aos condenados e condenadas da Inquisición. O Concello de Verín está preparando dúas rutas temáticas por este espazo. Na intermediacións, algunhas das maiores altitudes do concello, como o Monte Maior, de 774 m.



Antigo hotel-balneario de Cabreiroá



De volta, continuamos cara o manancial de Sousas. De camiño, unha parada, aínda que sexa breve, no alto da ermida de San Antón, onde en tempos se levaba o gando para poñelo baixo a protección do santo, e agora se celebra, sobre todo, a festa que cada 17 de xaneiro abre o popularísimo Entroido verinés. A visión da inmediata liña montañosa do Pozo do Demo e do sueste do concello, cara a serra de Penas Libres, impresiona. Se nos xiramos, ao lonxe, internándose no val, o extremo da proa do castelo de Monterrei. Só por isto paga a pena este alto.

Chegamos xa ao manancial de *Sousas*, no límite urbano de Verín, ao pé dunha rotonda e ao final da avenida que leva o seu nome, pola estrada a Vilardevós. Son augas minerais medicinais, antisépticas, diuréticas, bicarbonatadas e fluoradas, indicadas para as vías urinarias, fígado e aparato dixestivo.

O manancial de Sousas brota entre rocas graníticas, a unha temperatura de 19°. Funciona desde 1859. Un pequeno e sinxelo quiosco de 1892, con reformas posteriores, permite o consumo das augas no mesmo manancial. Conta cunha área contigua axardinada e de descanso, a carón da planta de envasado.

Manancial de Sousas	
<b>ENDEREZO</b> <b>QUIOSCO DOS AUGUISTAS</b>  T	Verín, avda. de Sousas, 126 Inverno, 9,00-11,00 h (de luns a venres); verán, de 15 de xuño a 15 de setembro, 9,00-10,30 h, 12,00-13,30 h e 18,00-20,00 h (todos os días). Servizo de auga gratuito 988410230

Preto de Sousas, a 1 km do centro de Verín, Fontenova, o terceiro gran manancial. Augas indicadas tamén para as vías urinarias, aparato dixestivo, fígado, etc. O edificio (1935)



Ao fondo, o Pozo do Demo



Fonte de Sousas



Cabreiroá. Xardín e templete dos auguistas



Fontenova



Fonte do Sapo

que prestaba servizo aos auguistas está pechado desde 1960. Sen embargo, xusto antes deste, na entrada ás instalacións, mana unha moderna fonte de acceso público. Percíbese a certa distancia un característico olor e, ao probala, un sabor propio da auga mineral. Unha curiosa experiencia, un terceiro sabor.

Nas inmediacións da N-525 en dirección leste, ás aforas da cidade, a penas a media hora a pé do centro, e a un tempo mínimo en automóbil, nunha paraxe de vexetación exuberante, a [fonte do Sapo](#). Un dos lugares máis queridos polos verineses. De visita obrigada, di Xerardo Dasairas. A acondicionada área natural que ocupa, na beira do río, é un dos lugares máis fermosos para visitar, tanto polo seu peso simbólico como por un contorno que abstrae desde o primeiro momento. Un estreito paseo de lastros leva ata as dúas fontes do manancial. O acceso é libre e o lugar vai contar con servizos complementarios. As augas da fonte do Sapo son tamén bicarbonatado-sódicas, fluoradas e lixeiramente sulfuradas, o que se descubre de inmediato polo seu olor. Para beber alí, falando, escoitando a auga, respirando. Que máis se pode pedir!

Tamén contra o norte da cidade, e ás aforas, pola estrada que leva a Laza (OU-113), a uns 2 km do centro de Verín, os restos do antigo e fermoso balneario de [Caldeliñas](#). De finais do s. XIX, pechado desde 1960. Non é posible acceder ao manancial. Visita só para os que gusten de alimentar a nostalgia. O Concello de Verín ten en marcha un proxecto para a recuperación do conxunto. As súas serían case augas termais — manan a unha temperatura situada entre 24° e 25°—, as máis quentes da zona, aos pés do cerro do castelo de Monterrei e das próximas e frondosas ribeiras do Támega. Para problemas de pel e reuma, mediante baño e técnicas externas... Pero para cando o conxunto estea de novo en servizo. Daquela volveremos. Agora o que volvemos é ás rúas de Verín.

## Para pasear. As rúas de Verín

O barrio de San Lázaro pode ser tamén o noso punto ideal de partida para andar e ver as rúas verinesas. Camiñaremos cara a ponte sobre o río Támega, construída no s. XVI, reformada no XVII e hoxe adaptada para o paso de automóbiles e peóns. O Támega recolle no seu contorno boa parte da cidade antiga e, nada máis cruzalo, déixanos ao pé da vía con máis historia, a [Rúa Maior](#). Nela e nas inmediacións agrúpanse as casas máis antigas e señoriais da cidade —de distintos períodos históricos— e tamén o seu principal templo: a [igreja de Santa María a Maior](#) (s. XVII), parroquial verinesa.

monterrei

cualedro

oímbra

vilardevós

castrelo do val


162 [verín](#)

laza

verín



Igreja de Santa María a Maior



Monumento aos carboeiros

Semella querer pasar desapercibida como un edificio máis da rúa, cunha sinxela portada lateral situada ao fondo dunha breve e enrellada explanada. Pero no presbiterio garda a máis relevante obra de arte e culto da comarca, unha das xoias da imaxinería galega: o *Cristo das Batallas* (s. XVII), atribuído con gran probabilidade ao escultor de orixe galega Gregorio Fernández, un dos maiores artistas do s. XVII español, ou a alguén do seu taller. En calquera caso, unha obra de estilo depuradísimo.

Igrexa de Santa María a Maior	
<b>Enderezo</b>	Verín, Rúa Maior
<b>T</b>	988410679
<b>Entrada:</b>	Gratuíta. Aberta todos os días entre as 19,00 e as 21,00 h e noutros horarios de culto.

## CASE HUMANO

O *Cristo das Batallas*, que se eleva solitario e rotundo sobre o altar maior da igrexa de Santa María de Verín, chegou do desmantelado colexio dos xesuítas de Monterrei, coa expulsión destes de España (1767). Foi a xoia que se reservou Verín. E acertou. De madeira policromada, representa a Xesús no momento da expiración, aínda vivo, cos ollos semipechados dirixidos ao fiel que se sitúe aos seus pés. Así o ve o estudoso Segundo Vázquez. Engade que o estilo naturalista do que fai gala o autor obriga a un traballo anatómico preciso: “O corpo pende da cruz suxeito por tres cravos, tensando músculos e tendóns, e marcando os ósos do tórax, que resaltan baixo a pel, exquisitamente policromada, sen excesos de sangue, pero co suficiente patetismo como para chamar á devoción”. Arte verdadeira, tanto que se mire con ollos de crente como de curioso. O sobrenome co que é coñecido aludiría á fe depositada nel durante as guerras con Portugal (s. XVII-XVIII).

monterrei

cualedro

oímbra

vilardevós

castrelo do val

laza

verín



Cristo das Batallas. Igrexa de Santa María a Maior



Igrexa e convento da Mercede

Ao final da Rúa Maior ábrese unha das prazas históricas de Verín: a de José García Barbón (1831-1909), un dos empresarios galegos máis adinerados e famosos. Tras facer unha enorme fortuna en Cuba, volveu ao seu Verín natal —tamén residiu en Vigo—, onde impulsou proxectos como o balneario de Cabreiroá e actuou como mecenas. Un monumento recórdao

ao inicio da praza, a carón da casa quizais máis antiga da cidade, a de Acevedo. A tradición di que nela residiu en 1506 Felipe el Hermoso en viaxe a Galicia. Case en fronte desta, unha edificación cunha moi estilizada fachada rematada nunha elegante torre, unha xoia modernista de Verín, que posúe notables edificios de primeiros do s. XX.

A carón do edificio de Acevedo, a rúa da Cruz lévanos á dereita, tras un breve andar, á segunda praza esencial: a da Mercede. Nela sitúanse a igrexa e o convento dos **Mercedarios**. Son o outro gran referente do patrimonio histórico-eclesiástico de Verín. Establecida en 1484 no conxunto de Monterrei, a comunidade mercedaria decidiu instalarse en Verín a primeiros do s. XVII, apunta Dasairas Valsa. O conxunto, realizado en parte con pedras procedentes da acrópole de Monterrei, pertence sobre todo ao s. XVIII. A torre barroca (1738) da igrexa e a fachada, con trazas neoclásicas, son de liñas sinxelas e de equilibradas proporcións. O convento, a parte máis antiga do conxunto, ten un interesante claustro.

O interior do templo, dunha ampla nave única, acumula o maior e máis relevante patrimonio escultórico da comarca. Destacan o coro e 5 excelentes retablos (s. XVIII). Catro son laterais. O quinto, situado no presbiterio e trazado no segundo terzo do s. XVIII por Frei Pedro Pascual García, mercedario residente en Verín e autor doutras obras relevantes para templos da bisbarra como os da Xironda e Flariz, é o máis orixinal. Para algúns, tamén o máis relevante da comarca. A Virxe da Mercede sitúase na rúa central, culminando esta nun ático coa imaxe de Deus Pai; nas rúas laterais, 4 mercedarios nos altares, un programa de exaltación desta orde que inclúe a san Pedro Nolasco, san Ramón, san Pedro Pascual e san Serapio, santo este do s. XIII que morreu martirizado axudando aos cristiáns prisioneiros na cidade de Arxel, e que así se representa aquí. Son tamén de gran calidade os relevos do gran escultor compostelán Francisco de Moure (s. XVII).

Igrexa e convento da Mercede	
<b>Enderezo</b>	Verín, praza da Mercede
<b>Entrada:</b>	Gratuíta. Igrexa aberta todos os días entre as 19,00 e as 21,00 h e noutros horarios de culto Convento e claustro, previa visita concertada coa comunidade relixiosa

monterrei

cualedro

oímbra

vilardevós

castrelo do val

166 **verín**

laza

verín



Igrexa da Mercede. Retablo do altar maior



Claustro do convento da Mercede



Virxe da Mercede



Relieves de Francisco de Moure. Igrexa da Mercede



Tras visitar a praza da Mercede o ideal é perderse pola cidade. Que cada un busque o que sinta: o Verín das sorpresas, o das rúas que levan á Alameda, as beiras do río Támaga, os recantos do casco antigo, as dinámicas rúas da zona nova. Verín, espazo de encontro da comarca da terra da xente.



## Para levar. Para comer. Para dormir

Viños e augardentes da Denominación de Orixe Monterrei, xa sexan adquiridos no mesmo Verín ou nalgunha das bodegas próximas, produtos de repostería, artesanía... Verín é tamén lugar **para mercar**, para levar. A sorpresa pode aparecer en calquera tenda, en calquera recuncho. E de estar en Verín polo 3, 11 ou 13 de cada mes, unha das mellores alternativas: o mercado ambulante da praza da Alameda, con produtos de artesanía, alimentos de temporada acabados de chegar das excelentes hortas do val, etc. E ás portas da primavera, a Feira de San Lázaro, a máis tradicional da cidade, un tempo único para ver e comprar a maior variedade de produtos e artesanía da comarca.

E **para comer**, os restaurantes verineses son un exemplo da aposta cada vez máis nítida polos produtos locais, acompañados con viños da Denominación de Orixe. Nas grandes celebracións, como o Entroido e a Feira de San Lázaro, Verín saca á rúa o máis propio da súa gastronomía. Especialmente intensa é no Entroido: a hostalería local, incluído o Parador de Monterrei, ofrece menús especiais, baseados sobre todo na temporada, cos produtos do porco como gran referencia —lacón con grelos, cachucha, chourizos—, pero tamén cabrito e cordeiro asados, orellas, filloas, doce do cigarrón, roscón e bica, que aquí, como en Laza, é agasallo para visitantes e amigos.

E **para dormir**, os hoteis de Verín e do seu contorno inmediato —concello de Monterrei—, as casas de turismo rural próximas —Monterrei e Castrelo— e o Parador de Turismo garanten unha oferta ampla e variada para a estancia. Claro que non durmiremos moito se escollemos quedar para o Entroido. A festa é a protagonista absoluta nesas datas, unha festa que busca non tanto escapar como encontrar, non tanto escorrentar as vellas eivas como descubrir novos momentos.

## O Entroido

Hai que estar en Verín polo Entroido. Logo da paisaxe, a vida e as rúas, este é o outro gozo: o da mestura coa xente, cos ancestrais, cos fantasmas, cos soños, o supremo momento do viño novo, da gastronomía máis rotunda. É un dos tres grandes Entroidos tradicionais galegos xa citados, recoñecido e coñecido en toda España. Malia incorporar elementos da cultura carnavalesca internacional, o seu gran protagonista, o personaxe do **cigarrón**, é moi propio. Presenta evidentes parecidos cos peliqueiros de Laza, mais cunha personalidade, un sentido e un espazo que establecen nos seus matices as diferencias.

monterrei

cualedro

oímbra

vilardevós

castrelo do val



San Roque, ás aforas de Verín



Praza do Cigarrón

## O CIGARRÓN

O posto que en Laza ocupa o peliqueiro, en Verín correspóndelle ao cigarrón (posiblemente do árabe *ṣahron*-máscara). Personaxe ataviado cunha especie de mitra —máscara cun fondo de cínico sorriso e preferentemente con imaxes do Zodíaco—, chaquetiña de vistosos cores, pantalóns con flocos e chocas penduradas do cinto, corre polas rúas azoutando co látego a todo aquel que se lle cruce no camiño. Tense relacionado cos antigos cobradores de impostos do Conde de Monterrei, que baixaban ao val facendo soar as chocas para atemorizar aos seus habitantes, con enviados da Igrexa disfrazados para facer crer aos descridos, coa vestimenta dos soldados franceses que chegaron á zona na guerra da Independencia, con... O certo é que a súa orixe —e a súa incuestionable maxia— sigue sendo descoñecida, e é con toda probabilidade, moi remata.

O comezo do Entroido verinés —algo máis curto que o de Laza— márcao a primeira aparición dos cigarróns, o 17 de xaneiro, na romaría e festa da ermida de San Antón, festivo local. Desde este día as celebracións son case continuas.

Entre os días sinalados que veñen de seguido o primeiro é o xoves de compadres, unha inicial posta en ambiente, cunha espectacular petardada. O domingo de *corredoiro*, que chega xusto unha semana antes do domingo de Entroido, os cigarróns agardan á saída de misa e logo percorren toda a vila. Pola tarde é o momento da primeira ‘fariñada’, multitudinaria batalla branca interpretada como unha reminiscencia dos ritos de fecundidade doutros tempos. Excede calquera descrición. O escenario central é a praza García Barbón, tamén coñecida como Praza Maior.

O xoves de *comadres*, previo ao domingo de Carnaval, milleiros de mulleres disfrazadas saen xuntas aos máis variados establecementos da cidade para compartir a noite, nun singular acontecemento que ten logrado gran repercusión mediática. As rúas son delas. Ás 12 da noite únense todas no barrio de San Lázaro para a procesión das velas e as sabas brancas, coa que se recibe ao Entroido, que baixa desde o castelo de Monterrei polo Camiño Real. A marcha vai escoltada polos cigarróns e animada por grupos de gaiteiros e charangas. A festa remata cunha queimada.

monterrei

cualedro

oímbra

vilardevós

castrelo do val

laza

verín



Volven saír os cigarróns o sábado, e xa o domingo chega o día máis grande —o **domingo gordo**—. Ás 12 da mañá comeza o gran desfile de todos os cigarróns de Verín, acompañados de carrozas e comparsas. Milleiros de participantes, veciños e visitantes enchen as rúas. O luns renóvase a batalla da fariña e as carreiras dos cigarróns. O **martes de Entroido**, día final do Carnaval, os cigarróns realizan a última aparición. É pola tarde, no segundo desfile de carrozas e charangas. A diversión segue de noite. E ata o amencer. O mércores é festa local. O **domingo de piñata** (o domingo seguinte ao Entroido), fin de festa cun gran encontro de irmandade entre todos os participantes no Carnaval.

A orixe do Entroido de Verín, como os demais da comarca, forma parte do descoñecido. Tense relacionado coa figura do cigarrón e as teorías xa comentadas sobre a súa orixe. Tamén se vincula con remotas prácticas precristiás e cristiás relacionadas —no segundo caso— co período previo ao rigor e esixencias da Coresma. Quizais no irresistible misterio da súa forza e orixe residiu o feito de que lograra ser tolerado nos últimos anos da ditadura franquista, tras un longo tempo de prohibición.

## Festas que non hai que perder

Tampouco hai que perder festas como estas... A do Chourizo, por exemplo, o 17 de xaneiro. Non só marca o inicio de Entroido, tamén ten personalidade de seu. Ese día, ao contorno da ermida de **San Antón**, ao aroma dos braseiros de asar chourizos e ao fume das fogueiras desta festa que abre o Carnaval, acode todo Verín e moitos visitantes.

E as **festas de San Lázaro** —o domingo antes da festividade de Ramos e no barrio do mesmo nome—, con toda a súa forza de punto de encontro da comarca e o norte de Portugal, coa Feira do Viño da Denominación de Orixe, que ten tamén versión en agosto, coas ofertas de artesanía e produtos de todo tipo de ambos lados da raia. E outras celebracións, como os maíos —primeiros de maio— con gran tradición na cidade e coa Alameda como centro ou, a mediados de agosto, as festas patronais en honor a Santa María.

De estancia obrigada e alcance comarcal é a romaría dos **Remedios** (Vilamaior), o 8 de setembro, na honra da Virxe. Chégase polas estradas de Laza e Campobecerras, a 3 km do centro. Moitos van andando. De obrigado cumprimento para os verineses. A súa estilizada e solitaria igrexa merece unha visita. Do s. XVI, con fachada do s. XX e varios retablos de interese.

monterrei

cualedro

oímbra

vilardevós

castrelo do val

172 **verín**

laza

verín



Verín e o Entroido



Casa do Escudo. Sala de exposicións

Sen antigüidade, pero con gancho, resulta a **Carrada do Viño** —novembro—, festa de recente creación para honrar aos viñedos locais. Unha especie de procesión pagá con aires festivos percorre as rúas ofrecendo viños da zona e produtos da terra a cantos acudan a ela.

## Encontro de Camiños

O hospital de peregrinos pobres de **San Lázaro**, hoxe desaparecido, evidencia a vella tradición xacobeá de Verín e deste barrio. Do antigo hospital, tamén lazareto, quedan dúas probas: a capela do mesmo nome e, en fronte desta, a **casa do Escudo**, o principal edificio civil barroco de Verín, coñecida así polo gran brasón (1734) da súa fachada, que sobresa rotundo. Era a casa do asistente do hospital, e con esta denominación tamén é coñecida.

Desde finais dos noventa, a casa do Escudo volve cumprir tarefas como as de antano. Nela está o actual albergue de peregrinos verinés. Tamén acolle a Oficina de Turismo municipal e unha sala de exposicións temporais, case sempre con mostras de grande interese, especialmente durante o Entroido.

Por Verín pasan sobre todo peregrinos en bicicleta —tamén algunha vez dacabalo— procedentes de Portugal e do itinerario que entra, desde Castela e León, pola Gudiña. Está constatada a antiga presenza de cabaleiros santiaguistas nas inmediacións para o protección do Camiño.

Verín é un excelente lugar para iniciar o Camiño e obter **a compostela**, tanto por servizos como por cumprir coa distancia necesaria para lograr o devandito certificado. Está a 179 de Santiago, indo por Laza, e a 187, facéndoo pola ruta que pasa por Xinzo de Limia.



Conxunto urbano de San Lázaro

monterrei

cualedro

oímbra

vilardevós

castrelo do val

174 **verín**

laza

verín



Capela de San Lázaro



## CENTRO SUR DO CAMIÑO DE SANTIAGO

Dúas grandes rutas do Camiño do Sueste conflúen en Verín cidade: a procedente de Chaves (Portugal), desde o sur, e a que desde a Gudiña, polo leste, se bifurca para continuar ata Laza, nun caso, e ata Verín, no outro. Encóntranse na praza de García Barbón. Son tamén dúas as vías que saen das súas inmediacións, desde o alto de Monterrei: a que leva a Laza e a que vai a Xinzo de Limia, uníndose de novo nun único trazado na cidade de Ourense. A situación descrita, única, converte a Verín no centro sur do Camiño de Santiago. A esta confluencia histórica axudou a tradición xacobeá do norte de Portugal. En Vinhais, a uns 20 km da raia, conservan o seguinte cantar: “A gritar vai uma alma/a gritar que se perdía,/caminho de Santiago/a cumprir a romaría”. Chaves, como Verín, dispuxo de albergue para peregrinos desde antigo.

Desde o barrio de San Lázaro e a súa praza de Pura Silveira, dedicada a unha vendedora de pescado e comadroa moi querida polos verineses, parte o Camiño Real para subir á acrópole de Monterrei. É unha vía medieval que en tempos foi a comunicación esencial entre ambas partes. Remata ante a porta de San Ignacio, no paseo das Damas.

Depende de cada un a decisión de realizar este traxecto, pero non son máis de 15 minutos dunha continua pero amable subida duns 300 m. Reconpensará con excelentes vistas sobre Verín e a sensación sempre reveladora de chegar cos propios pasos ao pé de Monterrei. Por esta calzada tamén vai o Camiño de Santiago: un atractivo máis.

Na cima da acrópole, de novo, como no momento da partida desta viaxe, o val e os montes da comarca de Verín ao noso alcance. E a historia máis intensa. E a luz do extremo sur. Pode ser unha forma de pechar —ou abrir— o círculo.

monterrei

cualedro

oímbra

vilardevós

castrelo do val

176 **verín**

laza

verín



Casa do Escudo

## BIBLIOGRAFÍA

### Algunhas lecturas para andar a comarca de Verín

Na seguinte relación cítanse algúns libros e lecturas para axudar a andar a comarca de Verín. Son tamén textos consultados para a elaboración desta publicación. Trátase nalgún caso de libros con máis dunha edición. Cítase a consultada para esta publicación.

**Cabano Vázquez, Ignacio;** Díaz Fernández, Xosé M<sup>a</sup>. *Missale auriense*. 1494, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1994.

**Caneiro, Xosé Carlos.** *Loias, Lucérnulas, e outras historias no fío de Monterrei*, Mancomunidade de Concellos de Verín, Verín, 1995.

**Cid, Rafael.** *Carrilanos. Os túneles do tempo*, Edicións Xerais, Vigo, 2005

**Cocho, Federico.** *O Carnaval en Galicia*, Edicións Xerais, Vigo, 1990.

**Dasairas Valsa, Xerardo.** *O entroido en terras de Monterrei*, Edicións do Cumio, Vigo, 1990.

**Dasairas Valsa, Xerardo.** *Monterrei. 1494-1994. 5 séculos de historia*, Edicións do Castro, Sada, 1994.

**Dasairas Valsa, Xerardo.** *Crónicas rexiomontanas. Territorio e historia na comarca de Monterrei*, Vicus, Vigo, 1999.

**Dasairas Valsa, Xerardo.** *Verín*, Concello de Verín, 2000.

**Diéguez Añel, Antonio-Augusto.** *Támega. Por un valle de civilizaciones milenarias*, Mesada, Valladolid, 1993.

**González Fuentes, Joaquín.** *Verín y mi tiempo*, Ourense, 1998.

**Rodríguez Colmenero, Antonio.** *Nas beiras do Larouco. Concello de Cualedro*, Xunta de Galicia, 1995.

**Rolán Fernández, Adolfo.** *Verín y comarca*, Everest, León, 1994.

**Rúa Martínez, Bruno.** *Guía Arqueolóxica do Alto Támega*, Verín, 2007.

**Santiago, Silvio.** *Villardevós*, Galaxia, Vigo, 1982.

**Senra Gabriel y Galán, José Luis.** *Monterrei*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2001.

**Taboada Chivite, Jesús.** *Guía de Monterrey*, Artes Gráficas Galicia, Vigo, 1983.

**Taboada Chivite, Jesús.** *Folklore de Verín. Las creencias y el saber popular*, La Región, Ourense, 1961.





monterrei  
verín  
cualedro

monterrei  
verín  
cualedro

monterrei  
verín  
cualedro

monterrei  
verín  
cualedro

monterrei  
verín  
cualedro  
oímbra  
laza  
vilardevós  
castrelo  
do val  
monterrei  
verín  
cualedro  
oímbra  
laza  
vilardevós  
castrelo  
do val

monterrei  
verín  
cualedro  
oímbra  
laza  
vilardevós  
castrelo  
do val  
monterrei  
verín  
cualedro  
oímbra  
laza  
vilardevós  
castrelo  
do val

monterrei  
verín  
cualedro  
oímbra  
laza  
vilardevós  
castrelo  
do val  
monterrei  
verín  
cualedro  
oímbra  
laza  
vilardevós  
castrelo  
do val

# COMARCA DE VERÍN

extremo sur

monterrei  
verín  
cualedro  
oímbra  
laza  
vilardevós  
castrelo  
do val

monterrei  
verín  
cualedro  
oímbra  
laza  
vilardevós  
castrelo  
do val

monterrei  
verín  
cualedro  
oímbra  
laza  
vilardevós  
castrelo  
do val

monterrei  
verín  
cualedro  
oímbra  
laza  
vilardevós  
castrelo  
do val

